



COMBARRO, CONXUNTO HISTÓRICO (1972-2012)
ESTUDOS E TESTEMUÑOS
Rafael Vallejo Pousada (Coordinador)



COMBARRO, CONXUNTO HISTÓRICO (1972-2012)
ESTUDOS E TESTEMUÑOS

Ás mulleres e aos homes que construíron Combarro pedra a pedra, ano a ano, co seu bo saber facer e a súa sensibilidade.

Aos que hoxe se preocupan pola súa conservación, a súa excelencia e a súa vitalidade.

E igualmente á arquitecta Pascuala Campos Michelena, que dende 1983 fixo un extraordinario traballo profesional a favor da salvagarda do Conxunto Histórico de Combarro.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

PRESIDENTE

RAFAEL LOUZÁN ABAL

EDICIÓN: DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
COORDINACIÓN: RAFAEL VALLEJO POUSADA
DESEÑO E MAQUETACIÓN: COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL
ISBN: 978-84-8457-415-6

IMPRESIÓN: IMPRENTA PROVINCIAL. DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
DEPÓSITO LEGAL: PO-230-2014

Agradecemos a desinteresada colaboración dos fotógrafos Carlos Docampo e Román Romay, e a da familia Maside. Tamén o labor realizado por Antón Briones, Alicia Martínez, M. Dolores Viñas, Xosé M. Martínez, Andrés Dacosta Martínez e Manuel Pastoriza, en Combarro.

COMBARRO, CONXUNTO HISTÓRICO (1972-2012)
ESTUDOS E TESTEMUÑOS
RAFAEL VALLEJO POUSADA (COORDINADOR)

COMBARRO, CONXUNTO HISTÓRICO (1972-2012)
ESTUDOS E TESTEMUÑOS
RAFAEL VALLEJO POUSADA (COORDINADOR)

ÍNDICE

<i>A modo de introdución</i> Rafael Vallejo Pousada	9
--	---

CONMEMORACIÓN DO 40 ANIVERSARIO

<i>Que conmemoramos neste 40 Aniversario?</i> Rafael Vallejo Pousada Presidente da Asociación A Solaina de Combarro	13
---	----

<i>Combarro, tamén Patrimonio Inmaterial</i> Xosé-Enrique Costas González Vicerreitor de Extensión Cultural da Universidade de Vigo	15
---	----

<i>Combarro, un dos emblemas do turismo das Rías Baixas</i> Rafael Louzán Abal Presidente da Deputación de Pontevedra	17
---	----

<i>40 aniversario da declaración de Combarro como Conxunto Histórico</i> José Manuel Rey Pichel Director xeral do Patrimonio Cultural	19
---	----

<i>Combarro desde o Concello de Poio</i> Luciano Sobral Fernández Alcade do Concello de Poio	22
--	----

ESTUDOS

O PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

<i>O valor do Patrimonio no século XXI. Protección, conservación e acceso</i> Ramón Villares Presidente do Consello da Cultura Galega	27
---	----

COMBARRO CONXUNTO HISTÓRICO

<i>Combarro, icona de Galicia na arte</i> Felipe-Senén López Gómez	35
---	----

<i>Carlos Maside en Combarro, 1952</i> Rafael Vallejo Pousada e Andrés Dacosta Paz	39
<i>Combarro no cinema</i> José M ^a Folgar de la Calle	42
<i>As posibilidades turísticas de Combarro: Patrimonio, hostalería e comercio</i> Sara M. ^a Torres Outón	45
<i>Apuntamentos sobre as construcións mariñeiras da etapa preindustrial</i> Manuel Caamaño Suárez	47
<i>O papel das Áreas de Rehabilitación Integral (ARIS) na rehabilitación sustentable dos Conxuntos Históricos: unha proposta para Combarro</i> Manuel Pueyo Varela	51
<i>O Plan Especial do Conxunto Histórico, un proxecto de arquitectura</i> Manuel M. ^a Chaín Pérez	54
<i>Combarro: Que facer? Como pensar?</i> Iago Seara Morales	57
<i>Combarro: unha simbiose mariñeira-campesiña</i> César Portela	61
PARA COÑECER MÁIS ACERCA DE COMBARRO	
<i>Bibliografía sobre Combarro</i> Rafael Vallejo Pousada e Andrés Dacosta Paz	67
TESTEMUÑOS DESDE COMBARRO	
<i>Combarro</i> Chelo Besada Portavoz do Grupo Municipal do PSdG no Concello de Poio	85
<i>Combarro no 40 aniversario como Conxunto Histórico</i> Silvia Díaz Iglesias Portavoz do Grupo Municipal do BNG	86
<i>Combarro: un camiño para andar xuntos</i> Ángel Moldes Portavoz do Grupo Municipal do PP no Concello de Poio	87

<i>Ateneo Corredoira de Combarro</i> Juan M. Pérez González Presidente	88
<i>Coro Virxe da Renda de Combarro</i> Miguel A. Martínez Chapela Director	90
<i>Monte Veciñal en Man Común “Rega dos Agros” de Combarro</i> Claudio Quintillán Vallejo Presidente da Comunidade de Montes	92
<i>Agrupación de Mariscadoras a Pé da Confraría de San Telmo de Pontevedra</i> Marina Buceta Alonso Presidenta	94
<i>Asociación Cultural, Deportiva e Medioambiental Armadiña</i> Ramón García Vicepresidente da ACDMA	96
<i>O Porto deportivo de Combarro</i> Manuel Martínez Márquez Responsable das instalacións náutico-deportivas Porto Deportivo de Combarro	97
<i>AMECOMRA, máis de trinta anos ao servizo dos mexilloeiros de Combarro e Raxó</i> Manuel Ferreiro Barreiro Presidente	99
<i>Asociación para a Defensa e Promoción do Patrimonio Histórico Artístico de Combarro, A Solaina</i> Xosé Manuel Martínez González Vicepresidente	101
ANEXO	
<i>Decreto de 30 de novembro de 1972 polo que se declara Combarro “Conjunto artístico y pintoresco de carácter nacional”</i>	107

A MODO DE INTRODUCCIÓN

Este libro que tendes nas vosas mans culmina, en certo xeito, a conmemoración do 40 Aniversario da Declaración de Combarro como Conxunto Histórico en 2012. A dita conmemoración, promovida pola Asociación A Solaina de Combarro, contou co apoio unánime da Corporación municipal de Poio. Este apoio propiciou o clima adecuado para que, malia as dificultades económicas que percorreron 2012, puidese levarse a cabo un programa de actividades ambicioso, desde o mes de abril ao de decembro, que comprendeu un amplo abanico de actividades culturais (conferencias, visitas guiadas, cine, teatro, fotografía, homenaxes, actividades deportivas, etc.).

Este programa sustentouse non só en recursos económicos, que certamente foron modestos, senón na complicidade, no apoio institucional, na colaboración empresarial e na entrega cidadá das distintas asociacións culturais de Combarro e de Poio, que traballaron desinteresadamente para que as referidas actividades saísen felizmente adiante.

Colaboraron, no plano institucional, ademais do Concello de Poio, a través da súa Concellería de Cultura, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, a Deputación de Pontevedra, por medio do seu Servizo de Cultura, así como o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Vigo. Entre as empresas figuran o Centro Comercial A Barca, Supermercados Froiz, Gráficas Anduriña, Conservas Pescamar e MAPROÍN. No plano asociativo contouse coa participación da Comunidade de Montes Rega dos Agros de Combarro, o Porto Deportivo de Combarro, o Club Náutico de Combarro, a Asociación Cultural, Deportiva e Medioambiental Armadiña, a Asociación Cultural, Veciñal e Recreativa de Combarro, o Ateneo Corredoira de Combarro, o Coro Virxe da Renda, a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Poio, a Agrupación de Mariscadoras a Pé da Confraría San Telmo e a Asociación de Mexilloeiros AMECOMRA.

Toda conmemoración ten o seu obxecto. O desta foi percorrer a importancia histórica da vila de Combarro dentro do patrimonio cultural galego, explicar o seu descubrimento como lugar ou emblema cultural e turístico da Galicia excelente, xa desde os primeiros anos do século XX, e describir o proceso que levou á súa declaración como conxunto “de interese artístico e pintoresco” o 30 de novembro de 1972. Tamén se propuxo abordar a situación e os retos actuais das súas xentes, dos seus sectores económicos e da súa arquitectura popular, así como o papel que xogan ou deben xogar a cidadanía e as institucións na súa conservación e no seu progreso, adaptado aos novos tempos. Boa parte destas cuestións foron obxecto do ciclo de oito conferencias “Combarro Conxunto Histórico 40 Aniversario”, no que interviñeron historiadores, unha socióloga e arquitectos, na súa condición de expertos ou de responsables técnicos da administración. Fixérono cunha extraordinaria altura intelectual, como non podía ser doutro xeito, tratándose de especialistas da talla de Felipe-Senén López, Andrés Dacosta, José María Folgar, Sara Torres, Manuel Pueyo, Manuel M^a Chaín, Iago Seara, César Portela e Manuel Caamaño.

As achegas destes expertos e a do público asistente melloraron sen dúbida o noso coñecemento da historia, do presente e das posibilidades de futuro de Combarro, a través dunha enriquecedora perspectiva multidisciplinar. De aí que nos parecese útil recollelas, aínda que fose sinteticamente, nunha publicación coma esta. Así llo transmitimos á Deputación de Pontevedra, e así o entendeu este organismo, por medio do seu Servizo de

Cultura. Isto permitirá que algunhas das ideas expostas nas conferencias poidan xerminar, isto é, ter un percorrido de máis amplo radio e vixencia, e non quedar reducidas ao estrito marco do día da celebración e dos que participaron directamente nela. Por iso foron incluídas no apartado de Estudos deste libro. O apartado ábreo a reflexión do profesor Ramón Villares sobre o valor do Patrimonio cultural de Galicia, inicialmente exposta en forma de conferencia en Combarro.

Nesta mesma sección de Estudos recóllese meu epígrafe específico, unha ampla bibliografía sobre Combarro e o seu patrimonio cultural. Sen medo a equivocarnos podemos afirmar que é a máis extensa da que dispoñemos ata o momento, polo súa amplitude e a súa diversidade, pois comprende monografías, informes, investigacións orixinais non publicadas ata a data, folletos e artigos en revistas especializadas e en publicacións periódicas. Entendemos que con esta achega se incidirá positivamente no coñecemento do Conxunto Histórico de Combarro. Que disto se trata, de mellorar o noso coñecemento. É sabido que o que se coñece mellor se admira ou se valora máis adecuadamente; e, tratándose dun conxunto urbano humanizado e vivo, é posible que ese saber nos predispoña á súa mellor conservación.

Outro dos apartados do libro está dedicado aos testemuños de quen desde as asociacións e entidades profesionais e socioculturais de Combarro lle dan vida, co seu labor persistente e fecundo, a esta fermosa e dinámica poboación de ría de Pontevedra, asociacións, que, como se dixo, deron así mesmo contido, coas súas iniciativas, ao programa do 40 Aniversario.

A publicación ábrese, como non podía ser doutro xeito, cos discursos institucionais elaborados con motivo do Acto Conmemorativo do 40 Aniversario da Declaración de Combarro como Conxunto Histórico, celebrado o 17 de novembro de 2012, acto que contou coas salientables actuacións do Coro Virxe da Renda e o grupo de Pandereiteiras do Ateneo de Combarro, así como co preciso labor técnico de Manuel Pastoriza Freire e Andrés Dacosta Martínez.

Grazas a todas e todos os que fixestes posible a devandita conmemoración e esta publicación. Espero que a esta gratitude se una agora o proveito co que aquí ofrecemos. Que diso tamén se trata.

Combarro, 1 de febreiro de 2013

Rafael Vallejo Pousada

Profesor da Universidade de Vigo, presidente da Asociación A Solaina de Combarro e coordinador dos Actos conmemorativos do 40 Aniversario da Declaración de Combarro como Conxunto Histórico

CONMEMORACIÓN
DO 40 ANIVERSARIO

QUE CONMEMORAMOS NESTE 40 ANIVERSARIO?



O 30 de novembro de 1972 Combarro foi declarado “conxunto de interese artístico e pintoresco de carácter nacional”, isto é o mesmo que hoxe chamamos Conxunto Histórico. Hai disto pois 40 anos.

Tendo presente esta circunstancia, hai cousa dun ano, en novembro de 2011, na Asociación A Solaina de Combarro pensamos que sería bo conmemoralo. E así llelo transmitimos ao alcalde e á Corporación municipal de Poio. E fixémoslo cun compromiso, como é costume nesta Asociación: que nos proporiamos un programa de actos e que nos comprometiamos a levalo adiante, en coordinación co Concello.

Sabiamos que asumiamos unha importante responsabilidade. Por dúas razóns: porque queriamos facer un programa ambicioso e porque iamos contar con poucos recursos económicos. Como así foi. O programa de actividades deste 40 Aniversario estámolo a realizar cunhas achegas en metálico de só 3.500 euros. Con todo, o orzamento é bastante maior, porque houbo ademais diversas achegas en especie e en traballo e dedicación, gratuíta e entusiasta. Estas achegas superan, con moito, eses 3.500 euros. Pero eu non vos veño facer hoxe aquí un balance económico do programa de actos do 40 Aniversario. Isto queda comprometido para outro lugar. Veño facervos un balance de resultados efectivos, que ten en conta o lado máis humano desta Conmemoración, que ten en conta, se queredes, o lado das emocións.

E o primeiro a destacar neste balance é o apoio decidido que tivo a nosa iniciativa desde o primeiro momento. Apoiárona por unanimidade os tres grupos políticos con representación en Poio, cos seus tres portavoces á fronte: Luciano Sobral, Chelo Besada e Ángel Moldes. Tivemos un soporte decisivo na concelleira de Cultura de Poio, Silvia Díaz. Tivemos o apoio sincero, decidido, entusiasta, de todas e cada unha das asociacións culturais, sociais e profesionais de Combarro. Tivemos así mesmo o apoio e o calor dos veciños e veciñas de Combarro. Eles son a razón de ser destes actos.

E tivemos o soporte e alento institucional de varias entidades e organismos provinciais e autonómicos: primeiro o do Consello da Cultura Galega, a través do seu presidente Ramón Villares; logo o da Xunta de Galicia, a través de José Manuel Rey Pichel, o director xeral de Patrimonio Cultural; máis tarde o da Universidade de Vigo, a través do vicerreitor Xosé-Enrique Costas; por último, o da Deputación de Pontevedra. E tivemos o alento de bos amigos, persoais e de Combarro: de Miguel Pereira, do Servizo de Patrimonio Documental da Deputación; de Carlos Valle, o director do Museo de Pontevedra, e de todos os e as especialistas que participaron no ciclo de Conferencias “Combarro Conxunto Histórico 40 Aniversario” e na “Aula da Natureza, da Arquitectura e dos Oficios Tradicionais”, Felipe Senén López, José María Folgar, Sara Torres, Manuel Pueyo, Manuel M^a Chaín, Iago Seara, César Portela, Federico de la Peña e Manuel Caamaño. Grazas a todos. Porque todos eses apoios deron forza e alento, fixeron posible este programa de actividades, así como o traballo impagable dos meus amigos e amigas da Xunta Directiva da Asociación A Solaina: Alicia, Xosé, Andrés, Antón, Loli. Traballaron arreo. Traballamos arreo.

E para que tanto traballo? Toda conmemoración ten un porqué. Toda efeméride, toda celebración, ten así mesmo un para qué. Esta por suposto tamén o ten. E a razón de ser desta conmemoración é pensar sobre Combarro, reflexionar sobre o Combarro presente, sobre os seus retos de futuro. Empezando polo pasado: coñecer mellor e o orzamento básico para querer; e querer é o orzamento básico para defender e salvagardar.

Combarro é patrimonio; é unha herdanza que hai que xestionar, de acordo cos tempos actuais, e as aspiracións e necesidades dos combarreses e combarresas de hoxe. É así mesmo unha herdanza colectiva de toda a sociedade galega. Por iso é patrimonio cultural. E visítana centos, miles de persoas, cada semana, cada mes, cada ano. Pois ben, todo isto é moi difícil de xestionar. É difícil xestionar todo xunto, pasado, presente, futuro. Porque, non o esquezamos, no patrimonio cultural non hai futuro sen pasado. E no caso de Combarro, no caso dun Conxunto Histórico, isto é aínda máis así. Díxoo moi claro un dos técnicos que interviñeron no ciclo de Conferencias: “desde o punto de vista do respecto á herdanza do pasado, en Combarro estamos nun punto crítico”. Por iso hai que actuar: o Concello de Poio, a Administración provincial, a Administración autonómica. Actuar de acordo cos veciños e cos técnicos. Man con man. Garantir o futuro, preservando a fermosura, a arquitectura popular emocionante herdada dos nosos devanceiros.

Si. Conmemorar para isto. Para recordar que se queremos preservar Combarro temos que actuar con unanimidade, con decisión.

Remato xa. Fareino coas conmovedoras palabras da escritora belga Marguerite Yourcenar, da súa célebre novela *Memorias de Adriano*, cando di: “Nada hai máis fráxil que o equilibrio dos lugares fermosos. A menor restauración imprudente inflixida ás pedras determina para sempre o irreparable. A beleza afástase; a autenticidade tamén”.

Creo que nesta verbas está recollido o reto que temos todos e todas por diante en relación a Combarro: defender a beleza deste vila, un dos máis fermosos e xenuínos de Galicia. E para iso é preciso un requisito previo: querer facelo. Porque cando se quere pódese. E nós, todos xuntos, podemos. Se queremos, podemos.

Rafael Vallejo Pousada

Presidente da Asociación A Solaina de Combarro

COMBARRO, TAMÉN PATRIMONIO INMATERIAL



Amigos, amigas e autoridades presentes,

Antes de nada permítanme que lles transmita un afectuoso saúdo dun fillo destas terras que topei hai uns meses nun congreso na Habana e que me presumiu de combarrés: o premio Nóbel da Paz Adolfo Pérez Esquivel.

Combarro é hoxe unha vila de postal, unha vila coñecida e admirada polo seu patrimonio histórico-artístico tan senlleiro e sobranceiro. Combarro pode presumir de lles ensinar a outras vilas e lugares de Galicia que un patrimonio ben conservado é unha fonte inestimable de riqueza, riqueza cultural e riqueza económica. Dicar Combarro é pensar inmediatamente no mar que lambe amodiño os pés dos hórreos ou canastros que beirean a ribeira, nas rúas enlousadas que nos envolven e nos transportan a unha ben moderna época pasada, e que nos levan por humildes casas mariñeiras mesturadas con soberbios pazos urbanos e casas nobres.

Moitas e máis autorizadas voces cá miña poderían glosar e cantar a fermosura e a importancia do patrimonio da milenaria pedra traballada por mans anónimas e feita arte, que é Combarro, do seu patrimonio material labrado en pedra do país. Teño para min que o patrimonio de Combarro queda parcialmente incompleto se non se atende tamén o estudo, coidado, conservación e difusión do patrimonio inmaterial de Combarro: das súas lendas, contos populares e tradicións mariñeiras e labregas; das súas cántigas e refráns e, sobre todo, da súa lingua e da súa toponimia.

A toponimia é o ADN dun pobo, é o que fomos e o que somos; nela están escritos os pobos que por aquí viñeron, as xentes que aquí viviron de xeración en xeración desde hai milleiros de anos, as construcións, a economía, a espiritualidade, a fauna, a vexetación, a historia ou a arte. Noutras partes de Galicia están a recuperar con esmero a súa microtoponimia e a súa talasonimia: os nomes da terra e do mar, os nomes de lugar máis pequenos, pedras e cons, e covas e furnas con nome propio; leiras, ríos e regatos; prados e montes; praias, rochas e baixíos. Todo este patrimonio cultural, neste caso inmaterial, está a correr un grave risco de desaparición se non se recolle das fontes autorizadas: da memoria colectiva dos nosos maiores que se nos están indo e con eles enormes océanos de coñecemento. Pero non hai que a recoller para musealizar ou conservar no formol dun catastro ou dun ordenador. Non, recóllese para reutilizar. E así, por exemplo, no Concello de Vigo calquera rúa, parque, avenida, urbanización ou edificio novos teñen que levar preferentemente como denominación o topónimo sobre o que se asentán. Se se abre unha rúa polos campos das Cañoteiras, a rúa será rúa das Cañoteiras e non Doutor X ou República Z; se se constrúe unha urbanización nas Veigas do Souto este será o nome que deberá levar, e non os caprichos do construtor, como Urbanización “Las Magnolias” ou o que sexa. Recoller nomes milenarios que forman parte do noso ADN colectivo e reaproveitalos para a vida moderna, para o futuro, para darlles vida e que non morran.

E tamén para o estudo lingüístico, isto é: científico. Calquera pode ver, por exemplo, no *Gran Dicionario Xerais da Lingua* que un combarro é unha vide que se estende sobre unha armazón separada do chan mediante soportes; ou, nunha casa, un piso a unha determinada altura usado para gardar provisións; ou un piso sobre as cortes para gardar a comida do gando ou para durmir; ou mesmo un alpendre ou cobertizo. Pero ademais habería que saber que combarro é unha palabra prerromana, daquela, bótenlle un mínimo duns 3.000 anos de existencia, e que sitios chamados Combarro hainos nos concellos de Coirós, Santa Comba, Santiago de Compostela, Vila de Cruces e Oourol. Está por estudar o significado primitivo do topónimo, que por prerromano sempre é máis difícil de enxergar, pero é moi doado saber os significados, por exemplo, da Armada, Chancelas, Chousa, Cidrás, A Costa, Tarrío ou Xuviño, todos eles microtopónimos de orixe latina doadamente explicables e que temos aquí ao pé.

Para rematar, doulles os meus parabéns aos veciños e veciñas de Combarro por saberen manter esta riqueza material da súa arquitectura tradicional para goce de toda Galicia e para deleite de toda a humanidade; e ao Concello de Poio e á Deputación de Pontevedra por axudaren no labor de conservación e difusión desta riqueza. Pero aproveito este momento para lles solicitar a todos os citados idéntica ansia na recuperación e posta en valor destoutro patrimonio non mercable nin vendible nin tanxible pero igualmente excepcional que é o patrimonio inmaterial, especialmente a microtoponimia. Esta debería ser a segunda fase do Combarro Patrimonio Cultural: a do Combarro tamén Patrimonio Inmaterial.

Xosé-Henrique Costas González

Vicerreitor de Extensión Cultural da Universidade de Vigo

COMBARRO UN DOS EMBLEMAS DO TURISMO DAS RÍAS BAIXAS



Combarro é un verdadeiro emblema turístico da provincia de Pontevedra, unha localidade mariñeira de visita obrigada nas Rías Baixas e unha das máis pintorescas, fermosas e coñecidas de Galicia, que proporciona, sen dúbida, un auténtico pracer para os sentidos.

Esta vila mariñeira configúrase como un dos conxuntos histórico artísticos de Galicia máis representativos a través das súas rúas, paleiras, cruceiros e prazas, que se funden co mar e que nos falan dunha terra que conxugou a vida do mar co aproveitamento da terra, o cultivo do millo e a extracción dos tesouros da ría.

Pero Combarro ten moito máis que os seus típicos hórreos. Ten unha historia, unha cultura, unha arquitectura e unha vida social, cultural e económica que está na orixe do que hoxe é este concello, que merece ser coñecida e explicada, e que fan desta terra non só un emblema turístico senón un patrimonio cultural da provincia que cómpre salvagardar e poñer en valor.

Así o vén facendo a Deputación de Pontevedra a través, por exemplo, de iniciativas como “Coñece a túa provincia”, na que está inmersa a vila de Combarro, co obxectivo de difundir o noso patrimonio e atraer o turismo durante todo o ano. É unha forma excelente de fomentar o dinamismo comercial da localidade, observala dun xeito diferente, integral e, para os que xa a coñecen, descubrir aspectos que nunca antes observaran ou nos que non matinaran.

Como presidente da Deputación é unha honra e un compromiso achegar a cultura a todos os recantos da provincia e a todas as capas da sociedade; proxectala máis alá das nosas fronteiras. Por iso nunca faltarán nin a vontade nin as propostas para seguir mantendo a protección desta vila, para que as xeracións vindeiras poidan gozar dunha contorna natural coma a que nós coñecemos e vivir marabillas da arte popular galega coma a que atesouran os veciños de Combarro.

Rafael Louzán Abal

Presidente da Deputación de Pontevedra

40 ANIVERSARIO DA DECLARACIÓN DE COMBARRO COMO CONXUNTO HISTÓRICO¹



O patrimonio cultural ten unha función eminentemente pública. É o depositario e o testemuño da memoria dun pobo e, polo tanto, posúe un interese relevante para a permanencia e a identidade da súa cultura a través do tempo. É tamén un recurso de dinamización e desenvolvemento formativo, social e económico.

O patrimonio cultural é un medio imprescindible para garantir e mellorar a calidade de vida dos cidadáns.

Esta función social é independente da súa titularidade xa que, con independencia da natureza da súa propiedade, pública ou privada, os bens aos que se lles recoñeza valor cultural deberán ser protexidos, conservados, difundidos e investigados de forma acaída co obxecto de salvagardar o seu valor, acrecentalo e garantirlles a súa transmisión ás xeracións vindeiras.

Porén, o carácter público derivado da súa función non supón que os bens patrimoniais sexan de propiedade pública, en realidade, a maior parte do noso patrimonio común é de propiedade privada. Un dos maiores retos a resolver na xestión do Patrimonio Cultural é, precisamente, o de facer compatible esta función pública coa titularidade privada dos bens e os intereses lexítimos dos seus propietarios e usuarios.

A Constitución Española, no seu artigo 46, establécese que é o Estado o encargado da salvagarda, conservación e promoción do patrimonio cultural. En aplicación do Estatuto galego, esta competencia correspóndelle de forma exclusiva á Comunidade Autónoma.

Na Lei do patrimonio cultural de Galicia defínese que o noso patrimonio cultural está integrado polos bens mobles, inmobles e inmateriais que posúan valores propios que xustifiquen a súa protección e entre eles, ademais dos bens individuais de interese artístico, histórico, arquitectónico ou etnográfico, inclúese os conxuntos urbanos e lugares etnográficos que nos ofrecen un testemuño da cultura galega.

¹ Discurso do director xeral de Patrimonio Cultural no Acto Conmemorativo do 40 Aniversario da Declaración de Combarro como Conxunto Histórico (Combarro, 17 de novembro de 2012).

Refírese non só ás grandes creacións da arte ou da arquitectura senón igualmente ás obras sinxelas derivadas da tradición e do bo facer artesán, resultado da adaptación dunha sociedade e a súa cultura ao medio natural e a un territorio ao longo do tempo, seguindo o paso da historia. Proceso que constrúe, dunha forma biunívoca, un espazo antropizado, unha paisaxe da cultura.

O resultado deste proceso son os conxuntos históricos e os lugares de interese etno-gráfico. Bens recoñecidos como de interese cultural, formados por agrupacións de espazos, edificios e construcións adxectivas, que constitúen unha unidade de asentamento continua ou dispersa, condicionada por unha estrutura física e territorial, que representa e materializa a memoria da evolución dunha comunidade humana, por ser testemuño da súa cultura ou constituír un valor de uso e gozo para a sociedade. E aínda que os bens inmobles, individualmente, non teñan unha especial relevancia, nalgúns deles as construcións, os espazos urbanos e os lugares naturais acondicionados pola man do home, amosan unha expresión da forma de vida, cultura e actividade tradicional do pobo de Galicia.

Os valores a conservar serán os de carácter histórico do conxunto e aqueles elementos e características que son necesarios para construír a imaxe e o ambiente identitario do núcleo, a vila ou da cidade, incluíndo aqueles de natureza intanxible que determinan o seu carácter e significación.

Deberase prestar especial atención á forma urbana definida polo parcelario e á trama viaria; a relación entre os diversos espazos urbanos, edificios, zonas verdes ou libres e terreos de cultivo.

Son moi importantes a forma e o aspecto dos edificios e inmobles, a composición das fachadas e caracterización tipolóxica e construtiva dos interiores. Aspectos definidos a través da súa estrutura, volume, estilo, escala, materiais, cor, decoracións ou distribucións funcionais.

Non se deben esquecer as relacións do conxunto co seu contorno, sexa este natural ou consecuencia das transformacións do territorio realizadas polo home; nin as diversas funcións, expresións e relacións sociais propias do lugar, adquiridas ou desenvolvidas no curso da historia.

En resumo, todos aqueles valores que de verse deturpados comprometerían a autenticidade do lugar de interese cultural, do conxunto histórico.

Para acadar o obxectivo da acaída protección e conservación dos conxuntos históricos son imprescindibles a participación e o compromiso dos seus habitantes.

A xestión da súa conservación debe realizarse con prudencia, sensibilidade, método e rigor; procurando desbotar todo dogmatismo e analizando cada un dos problemas ou propostas específicas, como o que son: casos únicos e singulares. Empregarase na súa aná-

lise unha metodoloxía pluridisciplinar que garanta a consideración dos datos arqueolóxicos, históricos, arquitectónicos e antropolóxicos, mais tamén aqueles outros do ámbito social e técnico máis actual, coma os aspectos económicos, turísticos, ou da sostibilidade.

O instrumento co que contamos para desenvolver a xestión destes bens é o Plan especial, que debe constituír un verdadeiro plan de conservación no que se documente a situación de partida, se rexistre todos os valores para preservar e se determinen as pautas para a súa preservación, fomento e enriquecemento.

Métodos e instrumentos que precisan, para garantir o seu éxito, sen dúbida da implicación e responsabilidade das administracións, mais, sobre todo, do compromiso e adhesión dos habitantes do Conxunto Histórico.

Garantir as medidas económicas e financeiras apropiadas para promover a conservación e restauración é importante. Tamén é imprescindible contar coa participación de profesionais implicados debidamente formados e especializados. Con todo, tamén o é, tanto ou máis, asegurar a participación activa e implicada dos habitantes, programando unha formación e difusión desde a idade escolar e facilitar as accións de asociacións comprometidas coa protección e a conservación.

Un magnífico e vivo exemplo de todo isto temos a sorte de vivilo en directo hoxe aquí, nesta vila de Combarro, un senlleiro conxunto histórico que, polos seus valores culturais sobranceiros, foi recoñecido como tal o 30 de novembro de 1972, hai 40 anos, como nos recorda a convocatoria deste magnífico acto conmemorativo no que estamos a participar.

Que esteamos a celebrar este aniversario, e que estea organizado por unha asociación como “A Solaina” non pode ser máis que a confirmación de que Combarro, este anaco do patrimonio común, avanza polo bo camiño.

Probablemente aínda non estea todo conseguido e as sempre imprescindibles e continuas análise e reflexión sobre os métodos e instrumentos a aplicar demanden crítica construtiva e corrección sensible, ao mesmo tempo que a consideración e incorporación acaídas de novos usos e necesidades.

O que é seguro é que se todos, administracións, asociacións e cidadáns temos claro o obxectivo de salvagardar e conservar o noso patrimonio, acrecentándoo, para mellorar a nosa calidade de vida e a das xeracións vindeiras habémolo de conseguir.

E por iso dado que estamos conmemorando, celebrando, un aniversario non queda máis que felicitarnos, felicitarnos, por poder manter unha peza imprescindible do patrimonio cultural de Galicia como é a Vila de Combarro.

José Manuel Rey Pichel
Director xeral do Patrimonio Cultural

COMBARRO DESDE O CONCELLO DE POIO



No ano 2012 ten lugar o 40 Aniversario da declaración de Combarro como Conxunto Histórico. Era o ano 1972 cando Combarro recibía o recoñecemento oficial que certamente determinaría a súa historia recente. O 30 de novembro dese ano declarábase oficialmente este enclave como Conxunto Histórico Artístico, feito que significaría situar esta vila mariñeira no mapa turístico do noso país e do mundo. Combarro principiaba así unha nova xeira na que o seu patrimonio único había converterse nun dos eixes dinamizadores de todo o municipio de Poio. Tanto o seu presente coma o seu futuro estarán sempre estreitamente determinados polo seu extraordinario patrimonio.

En definitiva, a declaración de 1972 constituíu un fito na historia de Poio, no que se materializou a constante preocupación por conservar a singular arquitectura e o urbanismo de Combarro, que sintetiza a cultura agraria e marítima de Galicia.

No seu día esta declaración permitiu articular e poñer en marcha unha serie de medidas encamiñadas a preservar o patrimonio material desta vila, entre as que se inclúe o particular ordenamento urbanístico municipal aprobado con ese obxectivo, marcando un antes e un despois neste enclave mariñeiro pola repercusión que había ter na protección do contorno, na súa rehabilitación e no seu mantemento.

Combarro xa viña sendo desde os primeiros anos do século XX un espazo de referencia e interese cultural dentro e fóra do noso país. Non hai dúbida de que Combarro é unha das iconas de Galicia cara ao exterior, erguéndose como un dos máis potentes atractivos turísticos e polo tanto constitúe un importante motor da economía do noso municipio, dinamizando sectores como a hostalaría e o comercio, entre outros, e por suposto sectores produtivos cardinais como a pesca e o marisqueo.

Ese papel iconográfico viuse exponencialmente acrecentado nas últimas décadas, o que sempre é motivo de satisfacción e fachenda para a veciñanza de Poio. A ninguén se lle pode escapar que, debido á súa importancia etnográfica, esta vila supón un dos grandes valores turísticos e culturais deste Concello pero tamén de Pontevedra e de toda a contorna, xa que Combarro é indubidablemente un dos enclaves máis representativos e orixinais non só de toda a rexión das Rías Baixas senón de todo o país.

Construído sobre o granito e á beira do mar, o seu conxunto histórico representa como ningún outro a esencia da arquitectura popular galega, onde, en palabras de Otero Pedrayo, “o carro de labranza descansa á beira da barca mariñeira”. Todas aquelas persoas que o coñecen ou algunha vez o visitaron relaciónano inmediatamente cunha das construcións máis tradicionais de Galicia: o hórreo, que fora nun tempo non tan remoto a despensa dos nosos antepasados. A característica que fai dos hórreos de Combarro un elemento orixinal e

único no mundo é, por unha banda, o gran número destas construcións que se conserva (preto de sesenta en todo a vila), e a insólita situación de 30 deles aliñados ao longo da costa. Outros aspectos que acrecentan a excepcionalidade deste lugar son as casas mariñeiras e os cruceiros, que Castelao retratara maxistralmente no seu libro *As cruces de pedra na Galiza*. Porén, como todos sabemos, Combarro é moito máis que todo isto, xa que un patrimonio ten que estar vivo para ter sentido e ter futuro.

É ben coñecido que a vila de Combarro goza de gran dinamismo, grazas á implicación e ao labor socio cultural dos seus habitantes, e acolle ao longo do ano numerosas ocasións para a xuntanza lúdica e as celebracións, manifestacións paradigmáticas dos nosos costumes máis arraigados e da nosa tradición, como as alfombras florais de Corpus, a festividade da Renda, a Festa do Mar e o Encontro de Embarcacións Tradicionais que teñen lugar no mes de agosto, pero tamén unha intensa actividade asociativa, deportiva e cultural. A isto únese a súa ampla oferta gastronómica que converte a Combarro en todo un deleite para os sentidos.

Asemade, o seu engado cultural actúa como un potente factor de dinamización económica, feito ao que temos que prestar atención en canto afecta á calidade de vida e benestar de moita xente, empezando pola dos propios combarreses e combarresas. Como tal, require un coidado especial por parte da Administración local, pero tamén da provincial e da galega. Temos aquí una tarefa colectiva como país pois a repercusión de Combarro transcende máis alá do noso municipio.

No 40 aniversario que acabamos de conmemorar, após a iniciativa da Asociación para a Defensa e Promoción do Patrimonio Histórico Artístico de Combarro, A Solaina, e coa colaboración do Concello de Poio e o respaldo dunha ampla fronte social e institucional, organizouse un extenso programa de actividades co obxecto de pór en valor as casas tradicionais, os hórreos, os cruceiros, en definitiva, a esencia de Combarro, e tamén co propósito de fomentar a reflexión crítica e construtiva sobre o seu pasado, o seu presente e o seu futuro.

Tras meses de actividades que incluíron visitas guiadas escolares, actos culturais, eventos deportivos, encontros e homenaxes, ciclos de conferencias e un concurso e exposición de fotografía, así como este importante acto institucional de conmemoración da declaración que celebramos neste mes de novembro, reunindo a todos os participantes e colaboradores do aniversario no salón de actos da Comunidade de Montes Rega dos Agros, e servindo de ocasión para que a Administración local, provincial e autonómica, xunto coa Universidade de Vigo e o Consello da Cultura Galega, representado polo seu presidente Ramón Villares, reiteren unanimemente o seu firme compromiso coa protección do patrimonio histórico de Combarro.

De agora en diante continuaremos con ánimo renovado o labor de preservar para as vindeiras xeracións unha das xoias máis prezadas e valiosas do acervo cultural e patrimonial do noso pobo, que por fortuna aínda mantén intacta a esencia da historia da nosa orixe, mais tamén atendendo á importancia do interese que Combarro produce alén das nosas fronteiras.

Así o entendera xa desde o primeiro momento o Pleno da Corporación municipal, a iniciativa da Asociación A Solaina e todas as asociacións, colectivos e empresas que colaboran e participan activamente na Conmemoración do 40 Aniversario, convertendo o aniversario nunha celebración aberta e integradora, coa que sentimos a vila de Combarro máis viva e máis nosa, se cabe, ca nunca.

Luciano Sobral Fernández
Alcalde do Concello de Poio

40 da declaración de Combarro como Conxunto Aniversario Histórico



Carlos Masís. Combarro desde a praia de Padrón. 1962

Promoven: Concello de Poio. Asociación A Solaina de Combarro

Colaboran: Xunta de Galicia. Consello da Cultura Galega. Universidade de Vigo

Patrocinan:

FROIZ **anduriña** **PESCAMAR**

HS.FROIZ

Centro Comercial A Barca

1972 - 2012

COMBARRO Conxunto Histórico



40 Aniversario da declaración de Combarro como Conxunto Histórico

Programa de Actividades

1972 - 2012

COMBARRO Conxunto Histórico



ESTUDOS I

O PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

O VALOR DO PATRIMONIO NO SÉCULO XXI. PROTECCIÓN, CONSERVACIÓN E ACCESO



Quero comezar por lle dar os meus entusiastas parabéns á Asociación *A Solaina*, de Combarro, pola organización deste acto para conmemorar os corenta anos da declaración desta vila como Conxunto Histórico. E, naturalmente, debo recoñecer o papel activo que os moradores de Combarro, tanto os presentes coma os seus devanceiros, tiveron na construción e coidado desta vila, cuxo alto valor etnográfico e cultural non sería merecente desta distinción sen a acción protectora que durante séculos desenvolveron as xentes de Combarro, coidando e poñendo en valor este patrimonio comunal, deste modo recoñecido polas administracións públicas como un ben de obrigada conservación e protección. A declaración forma parte dunha política patrimonial que en España tiña xa daquela ilustres antecedentes nos tempos anteriores á Guerra Civil e que se mantivo ata a actualidade, como un dos fitos das políticas culturais públicas. Nos anos sesenta e setenta do século pasado moitas vilas galegas (desde Tui ou Betanzos ata Viveiro, Mondoñedo ou Noia) foron declaradas conxuntos históricos merecentes dunha protección pública específica.

A esta xeira corresponde a declaración de Combarro que hoxe se conmemora. Pero penso que non é preciso que lles lembre en detalle o contexto en que esta declaración foi elaborada e aprobada, porque as propias publicacións animadas por *A Solaina* xa se ocuparon do asunto. Habería que mencionar, con todo, o papel esencial que desempeñaron algúns técnicos e eruditos no asentamento destas políticas proteccionistas do patrimonio histórico, artístico e monumental, como foron os pontevedreses Casto Sampedro, Sánchez Cantón ou Filgueira Valverde, alén doutras figuras coma Pons Sorolla ou Chamoso Lamas, que están constantemente presentes nas iniciativas conducentes á protección desta riqueza patrimonial. Pola miña banda, vou aproveitar a ocasión para enxergar algunhas reflexións sobre o valor que ten o Patrimonio Cultural no mundo de hoxe e do futuro, nun contexto de aceleración do tempo histórico e, por veces, tamén de desleixo cando non desprezo polas cousas antigas, sexan materiais ou inmateriais.

I

Penso, en primeiro termo, que cómpre subliñar que as cuestións relativas ao coidado, protección e conservación de bens patrimoniais non son un problema propiamente sectorial, reducible ao campo da cultura e mesmo do “arqueoloxismo”, de atopar na antigüidade a razón da protección e de ser un asunto de elites letradas. Moi polo contrario, penso que as políticas focalizadas sobre o patrimonio ou Bens de Interese Cultural (BIC) deben ser entendidas como un asunto transversal, que permite moitas olladas complementarias. Sucede coma noutros problemas colectivos, tal que a ordenación do territorio, os incendios forestais ou o planeamento educativo, nos que é precisa unha notable concertación social e institucional.

Esta concepción transversal apóiase non só no valor intrínseco dos BIC senón tamén na súa proliferación, ata o punto de que hoxe é difícil dar un paso sen tropezar cun ben cultural, ben xa catalogado e protexido ou ben necesitado de ser considerado como tal. Certamente, pasamos dunha situación de indefensión e de baixa protección, de escasa conciencia social sobre o valor do patrimonio, a un contexto en que acontece o contrario, no que case todo é susceptible de ser patrimonio protexido, desde un castro ou unha igrexa ata os lentes dun escritor ou a engra dunha ferrería. Mudou a consideración social e institucional do legado ou herdanza (*heritage*) que recibimos dos nosos devanceiros. Esta ampliación do abano do patrimonio tamén deriva da pluralidade de valores que se lles atribúen aos BIC, pois estes deixaron de ser simplemente selectas xoias que deben ser protexidas como “marabillas” polo seu valor artístico. Na actualidade, alén do valor artístico que contén en si mesmo unha parte substancial dos bens culturais, tamén existe clara conciencia da súa importancia económica e, desde logo, de ser un pilar fundamental, pola súa dimensión simbólica, das identidades nacionais.

Dispoñemos, pois, de moito patrimonio e de valor moi diverso. Agora ben, tamén se corre o perigo de que haxa unha invasión de “patrimonialismo” que faga difícil o seu goberno, que lance a mensaxe de que todo é patrimonio. Neste sentido, hai que invocar un certo realismo e admitir, como dicía con frecuencia o saudoso arquitecto Rafael Baltar, que a historia da humanidade está presidida por unha dinámica constante de construción e destrución, ou, dito ao modo de Giambattista Vico, de “corso e ricorso”. É preciso, por tanto, considerar os Bens Patrimoniais como unha construción social, que precisa de normas colectivamente asumidas que lexitimen unha certa xerarquía na definición do que é patrimonio pero que, ao propio tempo, rescaten a complicidade social que, durante séculos, foi o mellor cinto de protección dos hoxe chamados BIC’s.

O patrimonio é un legado histórico, unha “herdanza” que pasou por moitas mans e que foi coidada ou respectada por sucesivas xeracións dos nosos devanceiros. Pero que un retablo ou unha fachada dunha igrexa chegasen ata nós en bo estado non deriva de que os seus usuarios se mantivesen externos a eses bens culturais senón precisamente por teren feito o contrario; porque representaban para eles algo útil, próximo e, polo tanto, defendido pola mellor policía do mundo, que é o control da comunidade sobre o que considera riqueza de todos. Para os nosos devanceiros o respecto cuase sagrado que hoxe temos polo patrimonio non existía como tal, porque tiña un valor de uso que hoxe non recoñecemos.

Esta mudanza de enfoque debe ser tida en conta para actuar na sociedade actual porque non se pode substituír a idea de que nada era patrimonio pola de que todo é patrimonio. Son precisos algúns límites e, sobre todo, un consenso ou unha complicidade social sobre esta materia. O patrimonio só ten viabilidade futura se é asumido como tal pola sociedade e esta considera que é unha riqueza e non un estorbo ou un capricho de eruditos. Hai máis de cen anos, o estudoso alemán Riegl sentou no seu libro *El culto moderno a los monumentos* (1903) que “o patrimonio non posúe ningún valor de seu, senón que lle vén dado a partir de consideracións sociais”. Penso que esta concepción do patrimonio non debería ser esquecida nos tempos presentes, de extraordinaria atención á riqueza patrimonial herdada.

Porque se todo é patrimonio, nada é patrimonio. É preciso distinguir e talvez “expurgar”, como acontece co patrimonio documental, para dotar de valor o que verdadeiramente, e en cada etapa histórica, se considera riqueza patrimonial conservable. Se hai algo claramente historizable é, xustamente, a riqueza patrimonial. O propio exemplo

do lugar onde estamos, a vila de Combarro, amosa que había unha riqueza previa (en forma de trazado da vila, arquitectura das súas casas e rúas, relación co mar, etc.) que funcionaba como tal sen declaración oficial da súa condición de conxunto histórico. E así se podería dicir de tantos conxuntos históricos, artísticos e monumentais. Que se declarasen como tales é unha decisión social e, sobre todo, política que debe ser entendida como tal, e non como un resultado inesperado ou caído do ceo.

Esta condición historizada do patrimonio é un feito que, por evidente, non resulta menos necesitado de ser proclamado. Porque o concepto de patrimonio, tal como hoxe o manexamos, é de formación relativamente recente. Foi no tránsito da Ilustración ao romantismo cando se tomou conciencia e se deron os primeiros pasos para converter en “nacional” un tipo de patrimonio e de bens que antes eran privativos do monarca ou dos príncipes da Igrexa. A creación dos estados nacionais, a reforma da Igrexa nos países católicos (coa conseguinte desamortización da súa riqueza inmoble e moble) e a formación de corporacións especializadas no tratamento e protección do patrimonio (escolas “diplomáticas”, arquivos nacionais, museos, etc.) forman parte do proceso mediante o cal a sociedade occidental comezou a poñer en valor o seu patrimonio histórico, artístico e documental, ao tempo que, de modo lamentable, espoliaba boa parte da riqueza que expedicións arqueolóxicas (e militares) foron encontrando no Oriente Medio, desde Grecia ou Exipto ata Mesopotamia.

II

Hai unha segunda reflexión que me gustaría partillar con todos vós e, nomeadamente, coas autoridades institucionais que están presentes e que teñen unha gran responsabilidade nestes asuntos. A reflexión ten que ver coa definición ou aceptación de qué é patrimonio e quen ten a capacidade de definir un ben cultural como tal. Este é un problema central, non sempre abeirado de forma consciente, que nos pode levar a situacións de difícil xestión. Dado que se trata dun proceso máis ben acumulativo, é preciso saber ónde poñer os lindeiros, que non poden ser outros que os marcados por unha concertación institucional que se debe compadecer coa necesaria complicidade social.



Francisco Zagala, c. 1900
Museo de Pontevedra

É recorrer a un lugar común se digo que o patrimonio foi creado por elites e que ten un compoñente claramente elitista, polo menos nos seus primeiros pasos históricos. Non obstante, a aceptación social da decisión ilustrada de considerar este ou aquel monumento como un ben cultural de especial valor e de necesaria protección está lonxe de estar aínda plenamente lexitimada. Penso que pode ser ilustrativa unha viñeta publicada por Castelao en *El Pueblo Gallego* de Vigo, na década dos anos vinte, para ilustrar as distintas olladas con que se pode enfocar o valor dun patrimonio determinado. Era no tempo en que as Comisións Provinciais de Monumentos e, nomeadamente, o Seminario de Estudos Galegos estaban a desenvolver xeiras de traballo en diversas bisbarras de Galicia. A viñeta reproduce o diálogo entre dous investigadores novos, perfectamente asimilables aos do SEG, e un campesiño perante unha “pedra fita” que supostamente estaría nun monte calquera de Galicia. Á consideración dos eruditos que matinaban sobre o feito de que “esta pedra debe ser ben antiga” respondeu a sabedoría popular dicindo, por boca de Castelao, que “como tódalas pedras, señor”. De novo, a apreciación de Riegl posta nunha viñeta: o patrimonio vale, coa mediación técnica que se precise, o que socialmente se decide que pode valer.



Simó Busom Grau
Combarro (1969). Museo de Pontevedra

Outro problema, ben diferente, é a xestión e acceso á riqueza patrimonial nunha sociedade terciarizada e de masas como é a dos países occidentais. A regulación do acceso é un punto esencial nas políticas públicas culturais, porque é o modo de conciliar o elitismo da definición patrimonial coa socialización do seu gozo. Din algúns expertos, nomeadamente do campo da historia da arte, que moitos dos turistas que están a ver, poñamos por caso, a Gioconda no Museo do Louvre, non saben ben o que significa esta obra de arte e que o seu acceso masivo á súa contemplación pode poñer en perigo a conservación desta e doutras moitas obras de arte. Pero este acceso masivo a museos e monumentos históricos é a esencia do turismo actual, o que crea problemas para a conservación do patrimonio que aínda non están de todo resoltos. De feito, en España temos xa un exemplo de restrición no acceso a un monumento singular, como son as covas de Altamira, e este modelo pode ser ampliado a outros exemplos (pensemos no Pórtico da Gloria ou na Alhambra de Granada). Polo tanto, non é descartable que se produza unha sorte de “disneylandización” do turismo artístico que permita ofertar sucedáneos no canto dos orixinais. Probablemente en Galicia aínda andemos lonxe desta hipótese, pero é unha alternativa que cómpre contemplar cara ao porvir.

III

Finalmente, gustárame combinar as breves reflexións enfiadas ata aquí cunha consideración global sobre os custos da protección do patrimonio e a participación social neles. Digo isto porque este é un campo moi axeitado para ensaiar fórmulas de cooperación entre o sector público e o privado ou, dito de forma máis xenérica, para practicar empiricamente o mecenado. O problema con que nos encontramos, polo menos na Europa continental, é a “estatalización” das políticas culturais e, nomeadamente, dos bens culturais. Esta é unha tradición que deriva da época napoleónica e que se afortalou despois da Segunda Guerra Mundial, cando as sociedades do benestar europeas lles encomendaron ás administracións públicas o coidado das nosas vidas (do “berce á tumba” nas coñecidas palabras de W. Beveridge). Emporiso, o contexto de crise no que nos atopamos e as perspectivas que se albiscan para o inmediato futuro indican que algo está a mudar. Non podemos confiar en que as administracións públicas resolvan todo (e isto vale para o patrimonio e para moitos outros sectores). Neste sentido, creo que se debe avogar por fomentar que actores privados participen de forma activa na protección, coidado e difusión do valor do patrimonio.

Esta combinación de participación pública e privada axudaría a resolver, ademais, o problema esencial que tratei de colocar nesta intervención: a dimensión social do patrimonio, sen renunciar ao papel do técnico e do erudito. Creo que este é un reto para o futuro que tamén en Galicia se debería afrontar con decisión e con audacia. Nos debates alentados polo Consello da Cultura Galega e que conduciron á publicación da *Reflexión estratéxica sobre a cultura galega* (2011) hai abondosas indicacións de que este é un camiño que debe ser explorado cada vez máis. Por outra banda, dispoñemos de exemplos que poden servir de pauta, porque institucións senlleiras da cultura galega, como a Fundación Barrié de la Maza, posúen unha executoria excelente neste campo.

Creo, daquela, que os camiños están trazados e que cómpren só dúas cousas: un marco legal diferente, concretado probablemente na lei do mecenado, e unha actitude intelectual máis atenta ás boas prácticas da xestión cultural e menos movida por consideracións puramente retóricas ou elitistas que marcan de modo unilateral o valor do patrimonio. Porque se o aprecio da sociedade polo patrimonio herdado non corre de forma paralela á ollada das elites cultas, esa riqueza cultural acabará por ser unha boa ruína, un lugar abandonado (como xa acontece con algúns cascos históricos das cidades), sen relevancia significativa para os seus moradores, que cesan nos seus afectos cara estes lugares que, en certo modo, consideran alleos.

Proceso de desimplicación social que, felizmente, non tivo lugar nesta vila de Combarro. E, polo tanto, remato a miña intervención renovando os meus parabéns para os promotores deste acto e para os moradores da vila, que a senten como propia, o que significa que o seu futuro como conxunto histórico está garantido.

Ramón Villares

Presidente do Consello da Cultura Galega



Otto Wunderlich, 1929
Museo de Pontevedra



Otto Wunderlich, 1929
Museo de Pontevedra

ESTUDOS II

COMBARRO CONJUNTO HISTÓRICO

COMBARRO, ICONA DE GALICIA NA ARTE



Polo Decreto 2123/1969 de 16 de agosto créase o *Museo de Artes e costumbres populares de Combarro (Pontevedra)*. Pese a que está normativa legal non se fixo efectiva, co Decreto 3394/1972 de 30 de novembro, declárase Combarro, no concello de Poio, conxunto artístico e pintoresco de carácter nacional. O ben expresivo texto remarca: *En esta singular composición del barroco popular del paisaje, teñido de una suave luz y matizado de unos grises blancos y verdes, han hecho de Combarro el lugar preferido para su inspiración por grandes artistas, especialmente los mejores pintores y grabadores gallegos. El encanto de este núcleo urbano, con su inigualable y sencilla belleza debe ser preservado....*

Os devanditos decretos saíron da man e da sensibilidade de don Manuel Chamoso Lamas (1909-1985), historiador da arte, natural de Moldes (Boborás-Ourense), veciño e alumno de Lousada Diéguez, tamén de Castelao no Instituto de Pontevedra, compañeiro de don Xosé F. Filgueira Valverde (1906-1996), valedor e confluente co sentir de Chamoso. Decretos que presupuxeron o nacemento doutros que levarían á restauración, á rehabilitación e á revitalización de tan importante

parte do patrimonio cultural galego. Buscábase a creación dun *Instituto de Conservación e Restauración* especializado en cantería. Ansias que se ven cumpridas no ano 1979 coa creación nas propiedades do mosteiro Mercedario de Poio da *Escola de Canteiros*. Aspectos que se irán complementando en 1991 coa creación da *Escola Superior de Conservación e Restauración de Galicia* en Pontevedra, así como dunha *Escola Superior de Belas Artes*.

As condicións xeográficas, estratéxicas, agrícolas, marisqueiras destas terras de Poio, na caída do cordal do monte Castrove, fan que fora poboada en todo tempo... As relacións con outros mosteiros e coutos, por exemplo con Oseira, fan fluír o comercio, o ir e vir de mestres de obras, arrieiros, feirantes... Ambiente que queda reflectido nas artes e na arquitectura. En 1890, despois da exclaustación, os mercedarios ocupan e dan vida ós espazos monacais de Poio. Convergencia de tradicións, onde se celebran as fogueiras do solsticio de verán e venera a esa virxe das cen doncelas, santa Trahamunda, padroeira da saudade... Lugares de fonda tradición mariñeira. Documentándose aquí a enigmática familia Colón na parroquia de San Salvador de Poio, en Portosanto...

Hai moito de común na construción e nas tradicións entre esta banda do mar pontevedrés e os ribeiros ourensáns. Mesmo Combarro semella unha vila do ribeiro colocada ó pé do mar. Como proba desas relacións a presenza, a finais do século XV, do singular mestre canteiro cántabro-transmerano Xoán de Castillo (1470-1552), con obra na catedral de Sevilla, Braga e por alá por onde se movían os soldados conquistadores e os canteiros galegos. Construtor do claustro dos Xerónimos en Lisboa, con obra en Tomar, pero tamén en Santa

María de Pontevedra, que dependía de Poio e na sala capitular do mosteiro cisterciense de Oseira, señora do veciño Couto de Marín. Casas, as de Combarro, protexidas cun pequeno soportal, con columnas de varal achafranado... na parte baixa o lagar, arriba os cuartos abertos ás rúas ou ó mar en balconadas. Cubertas con recebo caleado, con ou sen zócalo para evitar a humidade.... Carpinterías pintadas á liñaza con cores fortes, os usados para as mesmas embarcacións... colorido perdido polos cambios estéticos.

Rueiros sobre a peneda, labradas as rodeiras... Hórreos, cabaceiros de madeira, ó estilo do Ribeiro, tamén coidadísimos, de pedra, incluso e até non hai moitos anos de canizos trenzados, soamente documentados pola fotografía... Encrucilladas onde a fonte e o cruceiro son imprescindibles. Postal animada que non lles pasou desapercibida ós románticos ou exóticos buscadores da identidade. Lembramos que o malogrado Ovidio Murguía Castro (1871-1900) pasou temporadas en Pontevedra, pintando murais para a Casa de Eugenio Montero Ríos (1832-1914) en Lourizán. Mecenas de artistas mozos, por entón presidente do Senado e que coñecera a Ovidio polo 1897 no balneario de Mondariz. Ovidio é ben recibido en Pontevedra polos compañeiros do seu pai da Sociedade Arqueolóxica. No mozo petaban a cada intre as recomendacións paternas e o espírito da súa nai Rosalía, as de apresurarse a recoller aquilo que se perde, o que marca a identidade, a arqueoloxía, a arte, a etnografía, a paisaxe.... O Murguía, pai, recoméndalle que siga os pasos artísticos dun dos “precursores”, o vigués Serafín Avendaño (1838-1916). Ovidio escolle do mar pontevedrés a nostalxia da súa paisaxe as gamas de grises e verdes, o sol que se pon e se reviste entre nubes de xeito diferente cada día, coa illa de Tambo ó fondo.

A vista de Combarro dende as curvas da Seara ou da outra banda de Campelo, por medio esa maltratada enseada, ofrécese cambiante en luces a cada hora, segundo as nubes. Pintar o momento que se vai é un reto e unha teima nos creadores do Atlántico occidental.

Iso non lles pasou desapercibido ás xeracións seguintes, especialmente á de Castella, sumado o entón florecente movemento cultural pontevedrés, protagonizados por colectivos como a *Sociedade Arqueolóxica*, nacida en 1894. Inquedanzas que chegan a pintores e debuxantes, como a todos eses fotógrafos, pioneiros do paisaxismo e da etnografía fotográfica. Coma o fotógrafo pontevedrés Xoaquín Pintos (1881-1967), cotizado retratista que fora discípulo de Francisco Zagala. Pintos coa súa cámara documenta a historia dun acontecer que o atrae e leva frecuentemente a Combarro. O libro *Spain Revisited: a summer holiday in Galicia 1911*, de Catherine Gasquoine Hartley, tamén recolle ese tipismo de Galicia que necesariamente pasa por Combarro, se acaso tamén polo Berbés vigués, hoxe degradado urbanisticamente, polos noutros caleados soportais de Muros ou pola Mariña betanceira. Mesmo en 1917 o cartel da *Exposición Regional de Arte Gallego*, da autoría de Carlos Sobrino, recreará un recanto de Combarro. Gran mostra celebrada na Coruña, con réplicas en Madrid, promovidas por figuras tan senlleiras coma Álvarez de Sotomayor, Lloréns, Palacios, Seijo Rubio e Ángel del Castillo, que marca un principio na busca da xa chamada *Arte Galega*. Combarro será unha icona. Incluída entre os cromos fotográficos das máis representativas *Estampas de Galicia*, obra da xenial autoría do fotógrafo Luis Casado, Ksado (1888-1972), o chamado fotógrafo da “Xeración Nós” e que nos anos 60 inspiraría o nacemento doutros álbums como a colección das *Bellezas de Galicia*, a serie de postais de *Paisajes Españoles*, as da zaragozana *Arribas*, as da viguesa *Fama*.... Os creadores guiados pola sensibilidade, nacida do saber ou mesmo inconscientemente conducidos por esa especie de *espírito santo*,

que é a forza da Terra, bótanse á procura da beleza, da orixe que é orixinalidade. Procuran captar e deixar constancia daquilo do que nin foron capaces de rescatar para a memoria outras institucións.



Federico Ribas
Combarro (1929). Museo de Pontevedra

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950), profesor de Debuxo no Instituto de Pontevedra, buscando Galicia, pasou horas en Combarro, debuxa e reinterpreta as casas con balconadas, inspírase nelas para, con don Francisco Xavier Sánchez Cantón, asesorar sobre a reconstrución do pazo de don Xosé Castro Monteagudo, que albergará o Museo de Pontevedra. Castelao debuxará algún dos seus hórreos e quizais sobre a caixa de pinturas pinte en Combarro aquel burro (Museo Provincial de Lugo), que, entre as algas e os seus cavilares irracionais, rodeado de gaivotas, anuncia un días chuviñoso... e debuxa os cruceiros de Combarro.

Ese modernismo do mestre, o de buscar o exotismo no Nós plural e maxestático, callou nos seus alumnos pontevedreses e mesmo prendeu naqueles momentos difíciles, cando o mestre xa está no exilio bonaerense. O cartel do vigués Federico Rivas Montenegro (1890-1952) para a exposición de Sevilla de 1929, escolle para representar a Galicia unha paisaxe de Combarro: a dignidade dunha casa de pétrea e ben

labrada solaina, ó pé a dorna, o hórreo.... (Catálogo exposición; Varios Autores, *Galicia en cartel*, Universidade de Santiago de Compostela 2005). Esta obra marca un fito no historia da cartelería publicitaria. Autor frecuente en revistas madrileñas que marcan moda, como *Blanco y Negro* e que incorporan Galicia á mentalidade modernista. Creadores ós que non lles fai falla mirar para Francia ou pro Oriente, senón que o exotismo se busca e se atopa nese noso mesmo arredor. Principios que moveron o sentimento modernista artístico de Castelao, do escultor Asorey, do arquitecto Antonio Palacios, o literario do *Arredor de si*, de Otero Pedrayo, de Risco, dos *Inadaptados de Nós*.... Carlos Sobrino Buhigas (1885-1978) segue eses mesmos pasos, sen apartase moito da atracción da súa Pontevedra, con parada especial en Combarro, o que leva ós murais de azulexos da Alameda pontevedresa (1927). Atracción e reinterpretación das paisaxes é a que segue o debuxante Portela, o bohemio pintor de Arcade Antonio Medal (1902-1985), o mariñense Manuel Torres (1901-1995), mestre, sempre aprendendo, recorrendo Galicia para pintala. Velaí a serie paisaxística *bandas do río* co mesmo mar e Tambo por medio, que marcará un camiño. Coma Luís Quintas Goyanes

(1907-1987), asentado na Coruña e máis cinguido ó clasicismo do paisaxismo, ou o debuxante e ilustrador Xosé Sesto, coma o polígrafo arqueólogo Manuel Chamoso Lamas, tamén afeccionado ó debuxo da paisaxe. Humanismo, amor á Terra, nacido do maxisterio de Castelao, que, pasado o tempo, quedará dividido pola guerra.

O adro da igrexa parroquial de San Roque... casas, peiraos, cruceiros, encrucilladas serán aspectos que non lle pasaron desapercibidos ó fidalgo e carismático padre mercedario pontevedrés, descendente da familia de Méndez Núñez, predicador, o padre Gaité, P. Pedro Nolasco Gaité (1879-1949), e que nos seus *Cadernos* debuxou e recolleu aspectos importantes dos arredores de Poio e de Combarro, que hoxe nos permiten reconstruír o seu tempo, os anos XX (tomo editado pola *Fundación Barrié de la Maza*, A Coruña 1991).

Os grandes do gravado galego, especialmente o ourensán Xulio Prieto Nespereira (1896-1991), coma o lucense Manuel Castro Gil (1891-1961), dentro do seu particular estilo e técnicas souberon achegarse á identidade, á atractiva distinción de Combarro para levar as súas paisaxes a series numeradas de gravados. Obras con poesía interna, dada tanto pola elección do motivo representado coma pola xenialidade artística dos seus creadores. O Museo de Pontevedra, coa forza de tan longa historia e a través dos seus directores, Filgueira Valverde ou Carlos Valle, soubo seguir a trama de gardar memoria desta singular historia.

Esa ansia de busca do Nós, teorizada e espallada dende a sementeira do *Seminario de Estudos Galegos*, atopa no pintor Carlos Maside (1897-1957) a gran personalidade, o teorizador na busca da arte galega, que logo levará a outras metas como a seguida por Seoane e Díaz Pardo. Maside sente atracción especial por Combarro, busca, atopa e reinterpreta, mesmo até chegar á abstracción das formas e cores, as súas casas, os peiraos.... Teórico, paciente buscador que abre camiños á contemporaneidade.

A proximidade da Escola de Belas Artes de Pontevedra, e pese a que a pintura de cabalete e o paisaxismo non están en voga, tamén acerca a estudantes nas súas prácticas e mesmo ós licenciados como Fernando Artal, que conxugan tradición con buscas persoais, introducíndonos no efémero dun intre que pasa e non se repite. Lodeiro (1931-1996) de Vigo, Antón Sobral de Marín, retoman estas paisaxes para construír poesía, con versos de luz a través dos seus cadros que se fan como xanelas abertas a un mar e a unhas nubes con terra na que todo se debuxa nun xeito de pentagrama panteísta. Eva Liberal, Francisco Blanco, Julián Blanco, López Leira, o acuarelista Antonio Feijoo son algúns nomes que atopamos nese clasicismo e rigor cunha paisaxe que ofrece cambiante colorismo, dinamismo, barroquismo... ó que así mesmo se suma o *naïf* dos pintores locais coma Manuel Aramburu, ou Xoán Rodiño...

A arte nunca morre, morren os artistas...e a súa memoria queda asociada ó que interpretaron.

Felipe-Senén López Gómez
Museólogo

CARLOS MASIDE EN COMBARRO, 1952




Carlos Maside (1897-1958) é un dos pintores máis sobresaíntes da Galicia contemporánea. Este é un feito admitido pola crítica, polos especialistas. Pero tamén pola xente do común, que, saiba ou non moito del, é capaz de recoñecer ou ver recoñecido nel algo propio, algo de seu. Maside foi definido como “un pintor para unha terra”. É unha definición axeitada, entendemos. Con todo, hoxe non queremos falar da caracterización xeral de Maside e do seu papel e lugar na arte galega. O noso obxectivo é outro, aínda que nada irrelevante como intentaremos demostrar. Pretendemos botar algo de luz sobre un dos capítulos da súa vida e obra apenas citado nas súas biografías. Trátase da estadía de varios meses que o artista realizou na vila mariñeira de Combarro en 1952: unha estadía feliz e artisticamente fecunda, unha estadía que deixou pegada nel e nas xentes coas que convivió.

Nun artigo recente no *Faro de Vigo* (15/04/2012) explicamos que Maside chegou a Combarro da man do seu amigo Valentín Paz Andrade e que se instalou na casa de Celia Rodríguez, unha muller que, a través da súa tía Carolina Vidal, formaba parte da xeografía afectiva de Paz Andrade. Este coñecía ben Combarro e ás súas xentes grazas a eses vínculos persoais e á ligazón profesional con algúns dos patróns da vila. Escribira nos xornais *Diario de Pontevedra* (1920) e *Galicia* (1923) un artigo dedicado a “Combarro” que demostra ese coñecemento e a estima que lle ten, ao definilo como “el pueblecito de pescadores más pintoresco e interesante, de más eficacia sugeridora, de más intenso colorido local de Europa”. Un Combarro que, segundo Paz Andrade, pertencía “enteramente al mundo del arte”, para o que fora descuberto había pouco, de modo que non había creador entón “que, a su paso por estas tierras, no lo visite y no se rinda a la tentación de trasladar al lienzo”, á prosa ou á poesía un fragmento ou unha descrición deste. O propio Valentín serviu de guía voluntario, decidido, deses visitantes cualificados de extracción urbana, como nos recorda o seu fillo Alfonso. Hai algunha foto que testemuña esas visitas máis ou menos asiduas, como a de 1954 publicada hai pouco no *Faro de Vigo* (*Faro da Cultura*, 428, 4/10/2012, p. 2).

Maside chegou a un Combarro que, en 1952, era obxecto dun interese externo importante, traducido nunha afluencia crecente de turistas, en visitas periódicas de artistas, en artigos na prensa e en revistas que falan reiteradamente do seu enxebrismo, da súa beleza, do seu valor etnográfico e da necesidade de conservar eses atractivos a través da súa declaración como “conxunto monumental”, un proceso no que participaban activamente figuras como as de Francisco J. Sánchez Cantón, Manuel Chamoso Lamas ou Xosé Filgueira Valverde. Tamén era unha vila que vivía no seu interior, dentro das súas dificultades obxectivas (baixos ingresos, emigración, vivendas e infraestruturas deficitarias), a convulsión derivada do rexeitamento a un intento de privatizar os areas, desde Chancelas a Combarro, nos que os veciños e as veciñas collían ameixas, berberechos ou mexillóns, conflito no que aquelas xentes contaron cun decidido respaldo municipal.

Non sabemos se Carlos Maside veu a este Combarro descrito por iniciativa propia ou inducido polo apego combarrés de Paz Andrade. É posible que houbose motivacións compartidas. É posible tamén que Maside se quixese sumar ao ronsel dos artistas que, inaugurado o século XX, foran atrapados -e estaban sendo atrapados- polo encanto daquel pobo mariñeiro branco, de casas encaladas, que, subida a marea, flotaba como unha apracible illa humanizada no mar sosegado do interior da ría de Pontevedra. É probable, así mesmo, que houbose motivacións moi persoais, íntimas, dun artista que buscaba depurar a súa técnica para poñela ao servizo dunha obsesión entón vital: representar a realidade do pobo, a xente que traballa, as mulleres, os homes, os nenos..., aprehender, en fin, a alma dos galegos para lograr unha representación perenne, inmorredoiro da súa circunstancia existencial, ou, dito nas súas propias palabras, fixar esa realidade “en su misterio callado y profundo” para “libertarla del tiempo y de su acción aniquiladora.” Esa mesma realidade galega que botaba de menos e ansiaba o seu amigo o pintor Luis Seoane dende o seu exilio arxentino. Seoane, quen lle confesa a Maside, respondendo a unha carta súa, o 27 de febreiro de 1953: “Sentí envidia de ti cuando me escribías de tu experiencia en Combarro”, da túa relación con esa xente sinxela que un quere, facendo unha obra preocupada por unir “el rigor formal con el realismo surgido espontáneamente del amor al pueblo y de la identificación con sus intereses humanos”.



Carlos Maside
A Peixeira (1952)

Este contacto coa realidade buscado por Maside produciuse efectivamente. En 1952 as paisaxes de Combarro e os retratos das súas xentes multiplicáronse por decenas, en forma de debuxos, de acuarelas, de gouaches, de lenzos. Aquí aparecen as xentes do mar, do traballo, as mulleres no seu labor cotián, na súa dedicación diaria enriba do peirao da Rúa como peixeiras, ou na fábrica de Mosquera como traballadoras da conserva, e os nenos e as nenas nas máis diversas accións e actitudes. Maside, un home serio, reflexivo, de falar medido (en moitos aspectos un exiliado interior, tras os anos de silencio forzado e represión que seguiron á nosa guerra civil, que el sufriu en propia carne), vivía un momento persoal radiante en 1952. Segundo documentou a súa biógrafa M^a Esther Rodríguez Losada, o ano anterior participara nunha exposición colectiva en Bos Aires e vendera dous cadros por un importe dunhas oitenta mil pesetas, unha pequena fortuna entón equivalente ao soldo de sete ou oito anos dun mariñeiro mercante da época. Aínda que non era só o diñeiro; estaba, sobre todo, a consideración interior e a proxección exterior.

Maside en Combarro traballaba todo o día, con meticulosidade, con rigor, con febre creadora, dende a mañá moi cedo. Celia e o seu fillo Antonio, que compartían a súa casa con el, contáronnolo con detalle. Os testemuños dos que pintou, caso de Maruja a Cordieira (“A peixeira” de Maside), ou dos seus veciños no barrio, caso de Carmiña Calvo e Santiago Romay, coinciden niso. Tras tomar o seu café matutino, que preparaba el mesmo nun quen-tador de mecha, dirixíase ao peirao da Rúa, o espazo máis importante dun pobo mariñeiro porque alí, coa saída do sol, chegaba o alimento e bulía a vida. E ese traxecto vital, co eixe central, artellador, no peirao da Rúa, era percorrido un día tras outro, nada máis asomar as primeiras luces da mañá. E nas súas inmediacións xurdiron as complicidades. E aquí están as súas peixeiras en torno ao peixe recén desembarcado ou á súa espera, e Manuel Balea lendo o xornal comprado a diario na de Quintáns, e están as mulleres mariscando na area da praia, coa baixamar, cos seus angazos e as súas mans, ou os homes coas súas “ghanchas”, e os nenos mariñeiros que posan descalzos nas súas casas ou na rúa, e as nenas que van á escola e as mozas que van a pola auga, ou os mariñeiros e as súas mulleres sentados na concisa comodidade do interior dos seus fogares.

Atrevémonos a afirmar que non hai outro pobo de Galicia que conte con esa prodigalidade de retratos e retratados. Retratos que non só representan o pobo que vive e traballa, a esencia do pobo galego. Non. Son mulleres e homes concretos, recoñecibles: Maruja, Antonio, Venancio, Pilara, Peregrina, Manolo, Faustino o Leste..., algúns dos cales aínda viven e se acordan vivamente daquel home pintor que os retratou. Do grande artista que os inmortalizou, a eles e ao seu pobo, na súa obra excelsa. Maside, caracterizado con xustiza como “un pintor para unha terra”, vista a súa inxente obra de 1952, pode tamén ser considerado como o pintor da vila de Combarro.

Rafael Vallejo Pousada
Profesor da Universidade de Vigo

Andrés Dacosta Paz
Historiador

COMBARRO NO CINEMA



O cinema, científico e comercial, naceu nas cidades. Como naceu tamén para estas, reproduciu unha mirada urbana sobre elas. A meirande parte das filmacións dos irmáns Lumière en 1895 poden acubillarse baixo esa perspectiva.

Agora ben, o que non era cidade -as vilas, as aldeas, o campo, a natureza, o mar- entrou nas novas imaxes fotográficas, primeiramente como paisaxe, como vista panorámica, seguindo a canle xa traballada polas tarxetas postais ilustradas, nas derradeiras décadas do século XIX. O cine doulles a esas postais o movemento. Nalgúns casos desde un mesmo punto de vista.

Os primeiros filmes rodados na nosa terra foron na Coruña -por José Sellier-, e en Ferrol -botaduras de barcos de guerra-, en 1897 e 1898. Logo, xa entrado o século XX, aparecerían na pantalla outras cidades e lugares do país.

Combarro, que contén elementos da Galicia labrega, e que vivía do labor dos mariñeiros, tiña -nun principio- elementos doados para a súa reprodución cinematográfica. Pero estar nunha rexión periférica, e non formar parte do cerne da periferia, ás veces pode ter unha penalización.

Imos tratar abreviadamente do cine feito en Combarro, dentro do eido dos filmes de ficción.

A aparición da vila nas imaxes en movemento ocorre coa obra *La casa de la Troya*, sobre a novela do mesmo título, codirixida por Alejandro Pérez Lugín e Manuel Noriega, en 1924. Eles presentan unha secuencia que na novela se desenvolve noutros lugares de Galicia.

‘Pitouto’, un dos estudantes, está en Combarro -segundo os rótulos-, recluído, posto que o seu pai o mandou alí polo moito que gastaba na Coruña. Neste sentido, o feito vén ser unha reprodución da viaxe a Galicia do protagonista, Gerardo: tamén o seu pai o obriga a estudar en Santiago, pois é a universidade máis afastada de Madrid, coa finalidade de que remate a súa vida de troula. ‘Pitouto’ marcha de Combarro, seguindo a Gerardo e a outro compañeiro, para Vigo.

A cámara mostra varias panorámicas: primeiro, unha xeral, dende a ría, e tres dos hórreos a carón da auga, en tempo de marea alta. Logo, unhas rúas da vila.

Durante o período franquista hai tres películas protagonizadas por cadetes da “Escuela Naval Militar”, que comezou a funcionar na poboación de Marín en 1943. Delas, a primeira é a máis singular, *Botón de ancla*, dirixida en 1947 por Ramón Torrado. As outras son: *Botón de ancla en color*, de Miguel Lluch, 1960, e *Los caballeros del botón de ancla*, 1972, tamén de Torrado.

En *Botón de ancla* o director fai unha adaptación, á española, de filmes ianquis do inmediato período bélico (a segunda guerra mundial), no que aparecían soldados ou oficiais dos distintos exércitos, capacitándose para o seu oficio, sen descoidar as aventuras sentimentais.

Os protagonistas, Jorge Mistral, Fernando Fernán Gómez e o galego Antonio Casal, compoñen un trío que aproveita unha saída para viaxar en barca ata Combarro, onde pasan unhas horas cunhas rapazas que coñeceran en Marín. Son conducidos polo cabo Trinquete, o actor Xan das Bolas (Tomás Ares Pena), que consagraría, no cinema español, unha forma propia de interpretación: falar un castelán con marcado acento galego, o que explotou en moitas pequenas aparicións cinematográficas posteriores.

Combarro é unha especie de “descanso do guerreiro”, un escenario que contrasta coa vida na academia militar. A significación da vila é bastante semellante nos outros dous filmes. Sen dúbida, son pequenas obras de propaganda: había que dar unha visión favorable dunha parte dos militares españois, dos futuros mandos da Mariña neste caso, que compensara dalgún xeito o levantamento de 1936.

Unha comparación das vistas xerais dos filmes de 1947 e de 1960 permite apreciar, se ben non era esa a intención no segundo caso, as modificacións que se produciron na poboación, non tanto na liña de costa coma no conxunto urbano, polo aumento das edificacións.



Fotogramas de
La Casa de Troya (1924)



En 1959 Juan Antonio Bardem filma *Sonatas*, unha coprodución hispano-mexicana, que adapta *Sonata de otoño* e *Sonata de estío*, de Ramón M^a del Valle-Inclán. A secuencia que decorre nas rúas de Combarro está chea de dramatismo: acolle -deslocalizada- unha recreación da procesión das mortallas, e pouco despois un oficial liberal que participaba nela é apreixado polos realistas, na praia. O protagonista, Francisco Rabal como marqués de Bradomín, chegara a Combarro de noite, camiño da praia da Lanzada, onde collerá un barco, para fuxir a México.

A morte vai estar omnipresente en *Dagon, la secta del mar*, dirixida por Stuart Gordon en 2001. É unha adaptación dun relato homónimo escrito por Howard P. Lovecraft, a comezos do século XX, trasladado a Combarro, que é Imboca na ficción.

O enfoque da cinta está, desde o principio, perfectamente orientado. Segundo a sinopse, elaborada pola produtora, os protagonistas “llegan a un decrepito pueblo de pescadores llamado Imboca, que parece estar desierto, pero ojos incapaces de parpadear les observan desde las ventanas”.

Filme que xoga cos modos do cine fantástico e de terror, mostra un Combarro tenebroso, medorento, onde a auga está, pódese dicir, por todas partes: no mar e na chuvia que cae sobre as rúas, durante unha tormenta.

Cando en 1970 Pedro Olea recreou en *El bosque del lobo* un episodio xudicial de sona, da metade do século XIX, e que tivera redacción literaria -*El bosque de Ancines*, de Carlos Martínez Barbeito, editada en 1947- houbo opinións que mostraron o seu rexeitamento pola forma na que costumes e particularidades dos galegos estaban reproducidas na película. Se eu fora natural da vila de Combarro, tamén protestaría pola maneira coa que Gordon a presentou en 2001. Con todo, ámbalas dúas visións se poden xustificar pola liberdade creativa dos autores.

Remato. Combarro nos filmes nomeados oscila entre un enfoque turístico e ledo e unha visión fúnebre, tétrica. Faría falta unha obra ‘non nata’ co reflexo da súa vida cotián, xa que, ata agora, o cine español de ficción parece que non está polo labor.

Apéndice. Outros filmes con imaxes de Combarro

Mar abierto, de Ramón Torrado, 1946

El hereje, de Francisco Borja, 1957

O xogo das mensaxes invisibles, de Juan Pinzás, 1991

José M^a Folgar de la Calle
USC-Cefilmus

AS POSIBILIDADES TURÍSTICAS DE COMBARRO: PATRIMONIO, HOSTALERÍA E COMERCIO



Con ocasión da celebración da conmemoración do 40 aniversario da declaración de Combarro como conxunto de interese artístico e pintoresco (1972) resulta apropiado reflexionar sobre as súas oportunidades turísticas ligadas ó patrimonio, hostalería e comercio. Combarro está chamado, e dalgún xeito xa é e foi, o espazo turístico emblemático do concello de Poio, e dunha área maior que abarca as Rías Baixas. Isto débese, indubidablemente, ó seu patrimonio (continente) ó que se suma unha hostalería e actividade comercial turística complementaria que debe ser compatible coa veciñanza e a vida cotiá dos residentes (contido).

En relación ó patrimonio, queda claro que o atractivo principal de Combarro é o seu perfectamente delimitado Casco Vello, que representa o produto dunha orixe e historia de perfecta adaptación e harmónica compatibilidade entre o medio físico e natural, e o medio urbano e material creado polo home. A profunda relación entre a súa arquitectura e o medio que a rodea obedece e responde a razóns funcionais aínda que teñan concluído cun resultado de gran beleza e singularidade. Non cabe dúbida de que constitúe un exemplo sobranceiro da arquitectura popular mariñeira galega, con todo a súa estrutura urbanística responde á simbiose entre dúas especializacións fundamentais: o traballo mariñeiro realizado na ría e os labores agrícolas do val. O valor deste conxunto histórico de interese nacional débese tanto á súa contorna -non só as vistas á ría senón a convivencia diaria con ela- como ó peculiar espazo arquitectónico creado polas típicas vivendas mariñeiras, de escasas dimensións, e a sucesión de hórreos, representativos da economía agrícola.

Nestas últimas décadas Combarro deixou de ser unha simple vila mariñeira para dar cabida á actividade turística. Ó xurdir iniciativas no eido turístico mudou a economía local coa apertura de locais de hostalería e comercio: modificáronse os usos dos baixos abríndos ós visitantes e comezou a emerxer un pequeno empresariado local entre os propios residentes.

A oferta hostaleira e comercial do Casco Vello de Combarro foise vinculando claramente ó turismo, de modo que hoxe en día a restauración está especializada en produtos do mar para turistas e visitantes, e os establecementos comerciais concéntranse na categoría de bazar, venda de artesanía e agasallos.

Iniciouse así un claro proceso de desenvolvemento local con efectos directos sobre o espazo e a poboación. Na medida en que se revalorizaba a imaxe exterior do Casco de Combarro e o seu atractivo turístico potenciábase tamén como sinal de identidade do Concello de Poio e orgullo dos seus residentes. Isto contribuíu tanto á rehabilitación, conservación e recuperacións das construcións coma á revitalización do espazo vivido.



Carlos Docampo, 2013

Á hora de abordar a complexa realidade na que se ten transformado hoxe o Casco pola presenza de diferentes demandas procedentes do seu valor patrimonial, a súa especialización turística e a súa caracterización residencial, é preciso partir da relación de mutua dependencia existente entre os actores presentes e as forzas vivas. Unha intervención axeitada debe respectar e combinar con acerto os intereses dos residentes, o empresariado local, as institucións públicas e o resto das parroquias. Este é o único modo de conseguir manter o seu carácter patrimonial, a súa especialización turística e o seu uso residencial.

Non en balde é mérito dos residentes o mantemento das súas vivendas, a súa contribución ó non abandono do Casco e a ausencia de aberracións urbanísticas que se teñen dado noutros lugares. E así mesmo, e a pesar da controversia sempre ligada a eles, a aposta pola rehabilitación que supón a existencia dun plan especial de protección do casco histórico. Non obstante, é necesario buscar novas canles de concertación que resolvan situacións de tensión derivadas da percepción dos residentes de que todo está orientado cara ó turismo e por ende, da falta de coordinación entre a vida urbana e a actividade turística. Ó respecto afondaría o fortalecemento de boas prácticas urbanas que se están a realizar de forma voluntaria, así como o consenso sobre aquelas outras a limitar, é dicir, o establecemento dun catálogo de ordenanzas e normas municipais *negociadas* de obrigado cumprimento. Resulta importante incidir sobre o mantemento e posta en valor do patrimonio e urbanismo tradicional como ben colectivo en lugar de focalizalo unicamente como un eixe fundamental para potenciar o sector turístico. Tanto o empresariado local coma os residentes deben ter acceso á participación cidadá, xa que conviven nun espazo de gran valor e reducidas dimensións.

O Casco é, sobre todo, espazo vivido, ese que reflicte o seu pasado mariñeiro aínda que hoxe en día sexan outros os sectores económicos presentes, ese vinculado tradicionalmente ó uso residencial sobre calquera outro. A crecente especialización hostaleira e comercial dos últimos anos é froito do atractivo turístico e valor patrimonial do conxunto histórico. Para potenciar este sector resulta primordial buscar vías de encontro que harmonicen e compatibilicen intereses, ás veces complementarios e outras diverxentes, entre as diferentes actividades económicas e, entre estas e os residentes. Todos eles dotan de vida cultural, social e económica ó casco histórico de Combarro. A convivencia de actividades económicas e poboación engádelle valor ó conxunto histórico patrimonial e convérteno nun espazo vivo no que identidade, tradición (arquitectura) e modernidade (servizos) están presentes.

O aproveitamento das oportunidades turísticas de Combarro require dunha estratexia participada concibida como un proceso institucional e social de reflexión e busca de acordos. Debe contar con institucións, axentes privados e sociais e, en particular, residentes, empresariado local e Concello, xa que o Casco é, sobre todo, un espazo de convivencia.

Sara M^a. Torres Outón
Socióloga. Profesora da Universidade de Vigo

APUNTAMENTOS SOBRE AS CONSTRUCIÓNS MARIÑEIRAS DA ETAPA PREINDUSTRIAL



A Galicia litoral, “un pouco de terra e un moito de mar”, segundo o etnógrafo Francisco Calo, confórmanse en numerosos asentamentos nos 1.195 quilómetros que ten de lonxitude, manifestándose en dúas partes diferenciadas: o litoral cantábrico, que vai dende Ribadeo ata o cabo Ortegal, e o litoral atlántico, que se estende dende aquel promontorio ata a desembocadura do Miño na Guarda. O *relevo* é moi variado e accidentado en toda a costa, así como o *clima*, que oscila entre a dureza e o rigor da costa norte e o máis suave e benigno de case toda a costa atlántica, tal como acontece coa *composición litolóxica do chan*, xa que o xisto é a rocha dominante na primeira zona e o granito protagoniza todas as construcións atlánticas.

A *actividade económica* desenvólvese en toda a costa arredor da pesca, complementada co marisqueo e, en moitos casos, coa actividade agrícola, nunha perfecta simbiose, como revela a existencia frecuente do hórreo e doutras construcións da fasquia agrícola dentro da propiedade familiar. Á vez, o cultivo das vides nas Rías Baixas constitúe unha parte importante das actividades produtivas, e por iso teñen unha notable presenza nelas os emparrados, as adegas e os lagares. Non ten menor valor a diferenciación nos dous complexos costeiros dos aspectos socioculturais, manifestos nos sistemas de pesca, tipos de embarcacións, folclore ou costumes, dentro do idioma galego común. Todos estes factores xeográficos, socioeconómicos e de cultura material, reflectense nas limitadas solucións arquitectónicas no litoral setentrional, mentres que no atlántico se dá unha ampla gama delas.

A meirande parte das poboacións mariñeiras localízase en espazos protexidos por algúns dos numerosos accidentes xeográficos costeiros. Dese xeito naceron asentamentos humanos agrupados a pé de costa, situados en pronunciadas pendentes do abrupto terreo, onde a comunicación se fai con estreitas e sinuosas “rúas” paralelas ao mar, cruzadas por outras perpendiculares a elas. Segundo o accidente xeográfico protector, as poboacións costeiras adoitan configuracións variadas: en anfiteatro, en istmo, en aldeas fluviais, en núcleos de ría -as máis numerosas, situadas en torno a unha praia-, ou illadas.

Non é doado xeneralizar un modelo de casa mariñeira para todo o litoral, dado que as variantes zonais son numerosas, sobre todo na costa atlántica. A *casa mariñeira* consta, xeralmente, dunha planta térrea e un andar de reducidas dimensións e úsase exclusivamente como vivenda, aínda que dispón de espazos nos que se gardan útiles relacionados co traballo pesqueiro e marisqueiro (remos, nasas, redes,..). Construída con materiais recollidos na contorna (pedra de xisto e de granito e madeiras de castiñeiro e carballo), a fachada principal vai revestida con barro caleado ou con cal, mentres que a que está orientada cara ao vendaval pode levar un chapado de lousas de xisto, de tellas, cunchas de vieira ou de pintura de chapapote. A cuberta ten dúas ou máis augas (vertentes) en función do terreo onde se asente a casa, con cubrición de lousado de xisto no Cantábrico e de tella do país no Atlántico. Os poucos vans (portas e fiestras) que levan nos muros teñen, na maioría das veces, como elemento protector da auga a peza chamada *tornachuvias*, situada na lumieira

ou lintel, case sempre de cantería. A organización interior dos espazos está diversificado, aínda que por norma xeral a cociña, e algunha dependencia máis como almacén e cortello para algún porco e galiñas, están na planta térrea, e no andar sitúanse as estancias de descanso e unha sala, todos eles cun mobiliario moi elemental.

A grandes trazos pódese considerar unha primeira tipoloxía, *a casa térrea*, a máis primitiva e sinxela, dunha soa planta; a ela séguelle, no proceso evolutivo, a *casa do pincho*, de procedencia medieval, habitualmente situada entre medianeiras, caracterizada pola aparición do sobrado baixo a cuberta e pola presenza na fachada frontal do muro piñón dun ferro, ou doutros dispositivos, dos que se penduraban as redes para secar ou para facer o labor de encascado; *a casa con patín*, modelo no que o acceso ao andar se fai polo elemento construtivo exterior singularizador do *patín*, moi difundida polo litoral atlántico, que aínda se pode apreciar nas vilas de Muros, Combarro ou Cangas; e a *casa de dous andares entre medianeiras*, con acceso interior ás zonas superiores, que adoita conformacións diversas: nuns casos con *corredor*, noutros con *soportal*, moitas veces con ambas as solucións, e noutras ocasións, no caso de haber máis de dous andares aparecen tamén *balcóns* e/ou *galerías*. Tanto o corredor coma o soportal singularizan este tipo de casa mariñeira, con presenza en case todas as vilas atlánticas, aínda que hoxe só se poden ver, en maior ou menor medida, en Muros, Combarro, Cangas de Morrazo ou Cambados.

Independentemente das construcións adxectivas ou auxiliares propias do mundo agrícola, presentes en case todas as unidades produtivas, estas conviven con outras específicas do mar, ás que case nunca se lles ten prestado atención. Neste caso débense considerar: *A tribuna*, pequena dependencia achegada á casa destinada a almacenar aparellos ou facer o encascado deles; os *secadoiros de peixe* (polbos, congros, raías, badeixos,...), ou os *tendedoiros de redes* ou *estacadas*, para poñer a secar as redes en lugares públicos de praia; os *almacéns de salgazón* ou *salgadoiros*, pequenas factorías para manufacturar a sardiña; as *carpinterías de ribeira* ou *estaleiros*, para a construción e reparación de embarcacións; os *peiraos* e os *varadoiros*, construcións comunais para o atraque dos barcos e para varalos en tempos de invernia, respectivamente; as *comboias*, recintos rodeados de muros de pedra para pescar aproveitando as mareas; os *muiños de maré*, para a moenda dos cereais aproveitando a forza motriz xerada polas mareas; ou os *faros*, emprazados ao longo de toda a costa.

Tamén era habitual a existencia dalgún espazo de terra para o cultivo de produtos de consumo, ben nun terreo traseiro destinado a *horta*, no espazo chamado *salido*, ou acondicionando terreos areosos que se fertilizaban con argazo, pateiro, restos de peixe ou cunchas de marisco.

Toda a riqueza histórica, etnográfica e arquitectónica que levan cabo de se esas construcións da etapa preindustrial, pertencentes á rica, variada e creativa arquitectura popular de Galicia, da época preindustrial, está hoxe desaparecida ou moi degradada. Xa no ano 1998 o Consello de Europa denunciaba a desaparición dos perfís tradicionais das vilas costeiras, e acusaba ao Estado español por non ter actuado eficazmente na defensa deste patrimonio impulsando programas de rehabilitación pertinentes que permitiran salvar a arquitectura tradicional.

Houbo, non hai moito tempo, magníficos e harmónicos conxuntos coma da Moureira, en Pontevedra, O Berbés, en Vigo, ou do Curro, en Noia, recollidos en moitos aspectos nas obras de recoñecidos artistas coma Maside, Castelao, Avendaño, Manuel Torres, Sobrino, Seoane, José Suárez ou Francisco Creo. Na actualidade, soamente podemos apreciar algunhas mostras das poucas salvadas das gadoupas depredadoras, como son os casos de Muros e da fermosa vila de Combarro -hoxe felizmente conmemorando o corenta aniversario da súa declaración dela como Conxunto Histórico, grazas ao fecundo e persistente traballo da Asociación *A Solaina*-, que aínda preservan parte do patrimonio primitivo construído. O resto, non é máis que unha lembranza do pasado materializada polos artistas citados nas súas obras, ou por algunha pescuda feita polos estudosos que lle dedican atención á cultura popular.

Manuel Caamaño Suárez
Arquitecto técnico



Otto Wunderlich, 1929
Museo de Pontevedra

O PAPEL DAS ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARIS) NA REHABILITACIÓN SUSTENTABLE DOS CONXUNTOS HISTÓRICOS: UNHA PROPOSTA PARA COMBARRO



A actual demanda de sustentabilidade parte do recoñecemento dunha serie de efectos que o noso modelo de desenvolvemento, en continua expansión dende a Segunda Guerra Mundial, tivo sobre o medio. Non obstante, as sociedades tradicionais, preindustriais, obtiñan os seus recursos da explotación da biosfera mediante a xestión de procesos que ocorrían de maneira natural, os cales tiñan que ver con elementos coma o solo, a pendente, o clima, a flora, a fauna ... a chamada matriz biofísica do territorio.

A recolección e a caza van ser as primeiras técnicas de modificación deses elementos. Atopáronse escasos achados do Paleolítico no territorio do actual concello de Poio. Segundo indica Buenaventura Aparicio no seu libro *Arqueoloxía e antropoloxía cultural da marxe dereita da ría de Pontevedra* isto pódese deber á falla de espazos de hábitat atractivos para o home cazador e colleiteiro deste momento. Será no Neolítico cando aparece a valoración das condicións do territorio do val de San Xoán, segundo sinalan os achados relacionados coa, aínda incipiente, agricultura de rozas. Asemade, a orixe dos gravados rupestres atopados en Poio e datados nas idades de Cobre e Bronce, puidera estar relacionada cunha economía do pastoreo. Pero será no período da Cultura Castrexa cando se perfeccione a agricultura, emprazándose moi preto de Combarro o castro de Sividá, nunha posición que estaría tamén relacionada coa actividade pesqueira.

A implantación no século VII dun primeiro mosteiro da orde de San Fructuoso no actual lugar da capela de San Martiño (parroquia de San Xoán) e ligado a unha ermida na illa de Tambo, segundo hipóteses de varios especialistas, ocasionaría un primeiro uso agrícola de grande entidade do territorio do val, o cal sería interrompido a causa das invasións musulmás. Unha segunda colonización terá lugar, xa no século XI, en torno á posición actual do mosteiro de Poio. Trátase de fenómenos de ocupación de terras, traballadas por colonos, que darán lugar en Galicia aos grandes señoríos territoriais.

A perda de fertilidade ocasionada pola extracción constante de nutrientes do medio constituía o principal risco para o mantemento destas sociedades. Nembargante, a solución a este problema estaba culturalmente asumida por estes poboadores: a valorización dos residuos. Desfeitos vexetais e animais eran xestionados co fin de obter, mediante a enerxía solar, a súa transformación en recursos. Neste equilibrio entre a existencia de nutrientes e a reciclaxe dos desfeitos do metabolismo se baseaba este sistema de ciclo pechado. Estes procesos deixaron unhas características pegadas na paisaxe que aínda hoxe podemos percibir en territorios coma a parroquia de Combarro. O monte, as agras, os prados de rega, a disposición das construcións, a enseada... configuran unha paisaxe dun territorio produtivo; un sistema en perfecto equilibrio entre a disposición e a superficie das diferentes texturas e elementos que o caracterizan, onde a auga é o elemento portador dos nutrientes.

En concordancia con este sistema orgánico, o núcleo de Combarro sitúase nun pequeno promontorio rochoso situado ao carón da ría, coroado pola igrexa de San Roque, en comunicación directa coa illa de Tambo e en contacto ao oeste coas agras da Chousa, aínda hoxe presentes na zona interior de hortas situada entre a avenida da Cruz e a praza da Chousa. O emprazamento orixinal semella basearse nunha dobre estratexia de responder ás demandas agrícolas por unha banda, deixando vacantes as terras máis fértiles e mellor orientadas, e por outra, á actividade pesqueira, focalizada na actividade do Peirao da Rúa.


O sistema das sociedades actuais, grazas aos pozos “ilimitados” de enerxía que proveñen dos combustibles fósiles e á perda de valor dos residuos, deixa abertos os ciclos materiais e, pese ás innegables doses de progreso e benestar que nos proporcionou, está a ocasionar a alerta en numerosos indicadores ambientais. Segundo analiza Albert Cuchi no “Informe previo á actuación urbanística nas Brañas do Sar en Santiago de Compostela”, a base do problema atópase nas dinámicas materiais dos procesos produtivos actuais: *A análise dos fluxos materiais é o instrumento que permite comprender se o metabolismo presente nun ámbito é xerador de residuos ou se, pola contra, pode achegarse a un metabolismo de ciclo pechado.*

As intervencións no territorio poden analizar e corrixir estes procesos, contribuíndo a pechar os ciclos mediante un deseño dos espazos e infraestruturas urbanas no que se aproveiten ao máximo os recursos dispoñibles e se reciclen os desfeitos. Esta visión incide na salvagarda e protección de valores distintos do patrimonio, ampliando e dinamizando a súa definición a todo o conxunto de técnicas que se aplican sobre un territorio para producir o necesario para a existencia.

Un estudo neste eido foi a análise hídrica da parroquia de Combarro. Esta comprende un territorio de 7,9 quilómetros cadrados formada por 7 micro concas que abarcan o percorrido que pode seguir unha gota de auga que cae no monte Redondo, a 465 metros de altitude, na divisoria entre Meis e Poio, e vai a desembocar a través de diferentes vectores de escorrentía na ría de Pontevedra. Se por exemplo analizamos as necesidades de auga para rega de xardíns e cultivos na conca “2”, que abrangue a maioría do núcleo histórico de Combarro, podemos concluír que se precisarían pouco máis de 20 millóns de litros ao ano, cantidade que podería ser cuberta soamente co 10,5% da auga de chuvia que discorre superficialmente nesa conca.

Esta concepción das dinámicas á hora da intervención arquitectónica e urbanística, e asemade cando se actúa sobre o preexistente, é un elemento que encaixa á perfección nos obxectivos das áreas de rehabilitación dos plans estatais de vivenda. Estas figuras non se limitan a ser, coma acontece noutros programas de rehabilitación illada, unha multiplicidade inconexa de intervencións, senón que esixen o desenvolvemento dun programa de accións integradas en base a unhas diagnoses previas: deben de incluír propostas nos eidos socioeconómico, educativo e cultural, das dotacións e dos equipamentos públicos, da eficiencia enerxética e utilización de enerxías renovables e da mellora da habitabilidade e accesibilidade do entorno urbano do ámbito declarado, así como das vivendas e edificios incluídos nel. En definitiva, constitúen un instrumento óptimo para a introdución de criterios ambientais que enriquezan e potencien os resultados da revitalización urbana xa contrastados en tantos lugares como é o caso da área de rehabilitación de Combarro.

Manuel Pueyo Varela
Arquitecto
Responsable da Área de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Combarro
(2012)



Parroquia de Combarro (2012)
Manuel Pueyo

O PLAN ESPECIAL DO CONXUNTO HISTÓRICO, UN PROXECTO DE ARQUITECTURA



O Patrimonio Cultural é a memoria dun pobo. Constitúe un dos principais elementos de identidade dunha colectividade humana e do territorio, que os seus membros veñen ocupando e construíndo.

A noción actual de Patrimonio, entendido coma o conxunto de bens culturais (e polo tanto relacionados coa actividade humana), de natureza material ou intanxible, posuidores de valores propios dignos de seren protexidos sen dar preferencia a unha época sobre a outra, conservados de forma acaída e legados ás seguintes xeracións, é un concepto moi moderno.

Como concepto, a salvagarda do patrimonio cultural co obxecto de promover o recoñecemento da súa función identitaria, é tamén unha expresión cultural, ideada polos movementos historicistas e revolucionarios xurdidos a finais do século XVIII, desenvolvida a longo do século XIX e que se regulou xuridicamente no século XX.

A lexislación patrimonial sempre é a expresión e a consecuencia da idea que unha sociedade ten sobre o Patrimonio Cultural. O concepto de Patrimonio Cultural e os obxectos, obxectivos e natureza das ferramentas xurídicas e normativas para a súa salvagarda continúan a ser, hoxe en día, un proceso cultural en evolución.

Así, no ano 1931 na “Carta de Atenas” falábase só de monumentos artísticos e históricos: “obras mestras nas que a civilización ten atopado a súa máis alta expresión”. En 1964 na “Carta de Venecia”, o concepto de patrimonio xa se amplía aos conxuntos edificadas: “A noción de monumento histórico comprende tanto a creación arquitectónica illada coma o ambiente urbano ou paisaxístico que constitúan o testemuño dunha civilización particular, dunha evolución significativa ou dun acontecemento histórico. Esta noción aplícase non só á grandes obras, senón tamén ás obras modestas que, co tempo, teñan adquirido un significado cultural”.

Utilizando o concepto de Aldo Rossi, o conxunto edificado, expresión dunha cultura e dunha forma tradicional de ocupar un territorio, é unha arquitectura. Aquí “arquitectura” non se debe entender como unha referencia aos edificios, ás imaxes máis visibles do conxunto. Refírese á construción do espazo urbano e da súa forma de vida e ambiente ao longo do tempo.

Refírese a unha construción levada a cabo por unha colectividade, pola acción de múltiples esforzos, circunstancias, vontades e intereses dunha sociedade humana ao longo da súa historia. A construción dun conxunto histórico ou tradicional é o resultado dun proceso de evolución.

A evolución dun conxunto como un ben cultural estúdase fundamentalmente desde unha perspectiva histórica e céntrase no estudio das persistencias. As persistencias advértense facilmente a través dos monumentos, dos signos físicos do pasado, mais tamén a través da permanencia do trazado, do plano regulador, das invariantes construtivas características, da tradición e do costume.

Os conxuntos permanecen sobre eixes de desenvolvemento e son fieis á tradición dos seus trazados e medran segundo a dirección que sinalan feitos, a cotío remotos, que posúen significado e constitúen elementos de caracterización.

Estes feitos poden permanecer e seguir contando coa vitalidade suficiente. Noutros casos xa desapareceron, esquecéronse, pódense ler tan só na forma física do *locus*.

Así, a permanencia máis significativa vén definida polas rúas, os espazos públicos e baldeiros e as súas relacións coa edificación. Todo isto reflectido no plano regulador, caracterizado polas aliñacións e o parcelario. En ocasións o plano non é único, solápanse uns enriba doutros, por iso cómpre introducir a metodoloxía arqueolóxica na súa lectura.

O valor cultural, o que converte un conxunto nun ben patrimonial que cómpre salvaguardar de forma acaída co obxecto de lles garantir a súa transmisión ás xeracións vindeiras, está expresado na traza, no plano, nas aliñacións e no parcelamento. Estas son as principais persistencias da historia no conxunto construído. Persistencias a protexer, xunto coa tradición construtiva, a imaxe, o carácter, o ambiente e as formas de relación dos habitantes, xa que son os principais elementos para caracterizar os valores culturais dun conxunto histórico.

Son a materialización da memoria do núcleo tradicional, do conxunto histórico.



Combarro (1961). Arquivo fotográfico da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural Paisajes Españoles S.A.

A política e a xestión do patrimonio cultural caracterízase por ter que avaliar e decidir entre obxectivos contraditorios. Os intereses de propietarios e herdeiros; os das administracións directamente implicadas; os dos usuarios potenciais (nos que é fácil atopar un conxunto ampliado á Sociedade no seu conxunto); os dos axentes que promoven e comercializan estes bens; os das asociacións culturais e sociais e os dos poderes públicos, fieis ao seu obxectivo de perseguir o ben común, non son sempre coincidentes.

Estes intereses diverxen, ás veces cunha clara oposición, respecto ao desexo de maximizar a súa explotación como valor de cambio fronte ao seu uso como servizo social. A súa rendibilidade como recurso social e económico fronte á súa función rememorativa, identitaria e cultural.

Na xestión destes bens culturais trátase de establecer complexos e non frecuentes balances de custo-beneficio social, nos que cómpre incluír valores non económicos como a cultura, o valor rememorativo e de identidade para a colectividade, a calidade de vida, o hábito dos usuarios, o goce das persoas e mesmo os sentimentos. En troques de balances de mercado e interese de rendibilidade, cómpre manexar criterios de “rescate”, de “posta en valor” destes valores, para garantir a súa transmisións ás xeracións vindeiras. Trátase de introducir unha concepción de servizo social e uso público a longo prazo.

A ferramenta acaída para isto é o plan especial de protección.

A redacción do plan especial representa a ocasión para a análise e interpretación do conxunto, da súa evolución histórica, da súa tipoloxía, do seu carácter urbano, arquitectónico e social. Da identificación e caracterización da totalidade das células construídas que o configuran e que o singularizan.

Trátase de realizar un proxecto de cidade. Un proxecto para un conxunto nun territorio, que se diseña a partir da preexistencia e co obxecto da salvagarda dos seus valores culturais propios. Un proxecto que está intimamente ligado ao que entendemos por Arquitectura, é dicir, ao que se pretende conseguir con el.

Manuel M^a Chaín Pérez

Arquitecto. Subdirector xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais

COMBARRO: QUE FACER? COMO PENSAR?



A primeira idea que xorde respecto a Combarro preocupa pois sae dunha triste comprobación de que unha cousa é o que figura no imaxinario colectivo “oficial”, e que deriva do turismo, non sempre en compatibilidade co valor de uso histórico actual, e outra é a realidade percibida dende as imaxes históricas, que están no imaxinario colectivo e individual. Esas imaxes colectivas e individuais baten coa realidade física acontecida nos últimos corenta anos. A percepción mistificada pola intención mercantil do turismo é a tapadeira do que non se expresa na postal turística e a formalización da destrución da memoria, do “non lugar” ao que chegou hoxe un Combarro que está moi distante dos valores que o fixeron merecedor de ser considerado Ben de Interese Cultural (BIC). Xa ós vinte anos da declaración como “conxunto artístico e pintoresco”, o profesor Rafael Vallejo dicía, na revista *Obradoiro* (21, 1992): “...Preocúpanos o presente e o futuro dunha arquitectura e un urbanismo que, en Combarro, sofren un profundo deterioro. Máis exactamente unha espoliación...”

A segunda idea en relación a Combarro é saber cál é a memoria patrimonializada culturalmente, que quedou fixada en imaxes directas e indirectas e que nos obrigan a conservarlas e restauralas para poder transmitilas, se é aínda posible, e superar así a angustia causada pola nostalgia que nos da ver que o que hai non mellorou nin conseguiu unha recreación dinámica do “conxunto artístico e pintoresco”.

En canto á percepción histórico-cultural de Combarro xorde a pregunta de cómo foi posible aquela que rematou nunha declaración, en 1972, tan exemplar na topografía cultural dunha ría e dunha ribeira como as deste pobo. Pero, sobre todo, un pregúntase cómo eran as mulleres e os homes que construíron, viviron e fixeron de Combarro unha vila como Santillana del Mar, como chegou a afirmar Valentín Paz Andrade. Este expresaba, con Anglada Camarasa no *Diario de Pontevedra* en 1920, recordado por Andrés Dacosta no *Faro da Cultura* (428, 2012), que “Combarro pertencece al mundo del Arte”, e nada hai máis certo, debido á contribución que os artistas fixeron á patrimonialización cultural desta localidade. Remataba Paz Andrade cunhas verbas do artista catalán: “...a Combarro había que cercarlo de una verja preservadora de toda humana irreverencia”. Os valores e os feitos culturais daquel entón espiritualizaban as leis e o sentir a paisaxe como algo creado coa súa patrimonialización cultural. Anglada propoñía un “enreixado espiritual” que, se ben se intentou, non foi suficiente para protexer ese borde da ría nin a “Rúa”, chea de «son e silencio» ou de baleiros e ricas arquitecturas, un pentagrama interpretando os humores espaciais da ría e do seu ambiente. Unha rúa que evidencia cómo eran os que, dende fondas e sólidas raíces familiares incrustadas nas fendas das rochas, deixaban as súas pegadas e ferramentas en praias, rúas, prazas e casas.

A documentación directa e indirecta sobre Combarro pode, como memoria que é, suxerir moitos relatos. Pero eses relatos non serían completos se non temos tamén os que nos facilitan os documentos construídos. As rúas, prazas, vivendas, espazos libres, cruceiros, hórreos, muros, pequenos peiraos e hortas, todo empoleirado, como diría Xaquín Lorenzo, teñen multitude de *rexistros que provocan, ou máis ben provocaban, que dende calquera punto da vila e da ría un usuario de bondade cultural tivese unha experiencia de conciencia de identidade, de sentir o lugar como propio ou de “dominio público cultural” de veciños e visitantes.*

A partir de experiencias e institucións históricas dos séculos XVIII, XIX e XX protexeu-se e desenvolveuse este espírito e foise conformando outro que, como é lóxico, influíu no significado do Patrimonio Cultural. Pronto o concepto de Monumento -memoria intencionada construída- foi conquistado pola percepción individual e colectiva e atribuído a outras construcións con valor de histórico, similares e á vez distintas ás dos monumentos rememorativos intencionados. Recoñécíanse nelas valores de memoria, de conmemoración, de evocación, de celebración histórica e cultural, pero, sobre todo, de sentimentos e valores documentais construídos, esculpídos ou tallados en materiais e técnicas construtivas e en programas e ideas funcionais e plásticas. Apreciábase xa que materiais, razón, técnica ou tecnoloxía e idea construída organizan e materializan o espazo e a arquitectura dun tempo, dun proceso de vida e historia.

Foi en 1926 cando nun *Real Decreto-Ley relativo al Tesoro Artístico Arqueológico Nacional* se senta a base administrativa de grandes valores xurídicos, conceptuais e de sensibilidade social para o Patrimonio Cultural. Na declaración de principios deste decreto faise referencia á idea de dar máis «espiritualidad y fuerza» aos textos xurídicos que ata ese momento non eran tan «patrimonializadores» nin eficaces, xa que o que viñan propoñendo non acadara daquela o nivel de intensidade e sensibilidade social conseguida en Europa: *Por esto hemos de dar mayor espiritualidad y fuerza a nuestra legislación, que serían inútiles*



Combarro c. 1952
Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico. Deputación de Pontevedra

*nuestros esfuerzos, y obra lenta e ineficaz y torpe la conservación y rescate de nuestra riqueza artística y monumental si este Decreto-ley hubiera de inspirarse en iguales principios y doctrinas en que aquellas otras leyes (...) o confiáramos demasiado en nuestros medios financieros (...) en enorme desproporción con la riqueza que (...) hemos de conservar. Ese desexo de dar maior intensidade aos contidos conceptuais de partida non pode vir doutra cousa que da intención de centrarse máis nos debates europeos, e sen tanta alarma social e detrimento como o que viña acontecendo en España (pensen só na “exportación” de monumentos a outros países). Esta preocupación do lexislador reflíctese na obriga de: ... *intervención directa y eficaz del Estado, si es que pretendemos fijar de una vez y para siempre la riqueza monumental de España al suelo de la Nación*, cun fondo conceptual preciso: a fixación dos Monumentos ó solar nacional e ó espírito dos españois.*

O lexislador, recollendo a preocupación social e histórica que pairaba daquela, insiste: ... *atento a la conservación de los monumentos y a la belleza artística característica de nuestros pueblos y ciudades adscribiéndolos al suelo, los edificios bellos que en él pusieron la Voluntad decidida y manifiesta de aquellos que quisieron perpetuar en los pueblos y campos por ellos elegidos esas hermosas y peregrinas fábricas, hijas del genio de sus autores, que supieron aprisionar en ellas, haciéndolo suyo, el sentir de los siglos en monumentos rememoradores de culminantes hechos, que el tiempo en su transcurso ennobleció, patinándolos...*

Como se ve, a comprensión dos ricos tesouros artísticos construídos reportábase no territorio nacional ao dominio público cultural. Ó modo dos monumentos rememorativos intencionados, os inmobles de todo tipo foron entendéndose como monumentos rememorativos pertencentes ao seu territorio e ás xentes que os sostiñan, posto que estas se organizaban coa súa existencia. O bens construídos historicamente tiñan intencións funcionais e fundacionais a priori non conmemorativas. En definitiva, tratábase de entendelos culturalmente, non illados, e de concibir o dominio público cultural, que o lexislador formula así: ... *patinándolos, como si quisiera con su lento y constante obrar, sólo por su contemplación y por razón de ella, dar título de prescripción fehaciente y notorio, al disfrute espiritual que sobre ellos tienen los pueblos en que radican.*

É tamén en 1926 cando se considera a reasignación de rememoración e de artisticidade relevante identificándoa tamén ...*con la belleza artística característica de nuestros pueblos y ciudades*. Nesta consideración vese implícita xa a intención da sociedade e do lexislador de situar a pobos e vilas na mesma dimensión dos «monumentos rememoradores», ó tempo que se anticipa a idea de contorna como solidaria con eles. Pero se algo é novidoso é o de recoñecer *esas hermosas y peregrinas fábricas, hijas del genio de sus autores, que supieron aprisionar en ellas, haciéndolo suyo, el sentir de los siglos en monumentos rememoradores de culminantes hechos...* En definitiva, dáse xa unha fonda visión sobre a intensa concentración patrimonial e cultural expresada nos bens (monumentos, vilas e aldeas) que son obxecto de tales consideracións perceptivas.

Non esquezo outras consideracións que inspira este texto xerminal, pero quero facer fincapé nunha delas, a vontade de “dar título de prescripción fehaciente y notoria, al disfrute espiritual que sobre ellos tienen los pueblos en que radican”, falando de preceptuar ou ordenar fidedigna e notoriamente o disfrute espiritual sobre os monumentos, cidades e

pobos, co que están xa anticipándose ao concepto de garantir o dereito ao acceso a cultura, ao «Patrimonio Cultural» que a Constitución de 1975, a Lei do Patrimonio Histórico Español de 1985 e, implicitamente, o noso Estatuto de Autonomía e a Lei do patrimonio cultural galego de 1995 consolidarían a finais do século XX. Dereito que pode poñerse en quebra se a pasividade vai diluíndo os valores materiais e inmateriais contidos nos bens ou nos “tesouros” culturais á vila como Combarro aínda teñen, e sobre os que non bastaría “pensar” só dende o único instrumento do Plan especial de protección, pois habería que facelo dende unha visión máis territorial e integral na que estivese contemplada tamén a relación espacial coa contorna do Conxunto, pois esa son, precisamente, a expresión e garantía do seu ambiente e da súa autenticidade.

O Título II do citado Decreto-Lei de 8 de agosto de 1926 dedícase aos Bens inmobles, e fala «*De la protección y conservación de la riqueza arquitectónica, histórico-artística de España y del carácter típico de sus pueblos y ciudades*». Uns Bens inmobles entre os que, o artigo segundo, inclúe «*Las edificaciones o conjunto de ellas, sitios, y lugares de reconocida y peculiar belleza, cuya protección y conservación sean necesarias para mantener el aspecto típico, artístico y pintoresco característico de España...*» Vemos así como, neste apartado, destaca algo que a bo seguro conformaría a sensibilidade social e administrativa para que máis adiante se comezara a cimentar a idea de ambiente social e cultural, como se ve en relación ao pobo de Combarro, ao modo en que o expresara Valentín Paz Andrade en 1920. Esa xeración dos anos vinte xa concibía a paisaxe como algo creado e patrimonializado culturalmente.

Con aquela ollada nos “*lugares de reconocida y peculiar belleza*”, como Combarro, reportábanse valores culturais patrimoniais, novos, actuais, por riba dos valores funcionais e fundacionais e dos que inspiraban aos artistas, escritores, poetas e fotógrafos que nos facían ver eses “lugares” cunhas novas miradas que agora xa son parte, por sempre, das visións contemporáneas sobre os mesmos. Desgraciadamente, no caso de Combarro algunhas das imaxes que aqueles creadores elaboraran ou rexistraran foron espoliadas e outras, as menos, recreadas activamente porque a paisaxe é algo vivo, aínda que nesa recreación non sempre se tivo presente que os usos e ideas proxectuais novas deben ser compatibles en intensidade e dimensión coas ideas e usos históricos que construíron cada lugar. Lamentablemente, isto foi o que sucedeu en Combarro, onde ese respecto non se dou, como observamos no que hai hoxe no peirao deportivo, no centro comercial invadindo a ría, na praza que invadiu o areal da Chousa ou na escaleira dende esa praza á rúa do Mar na Ghurita...

Habería, pois, que ter posto aquel enreixado arredor de Combarro do que falaba Anglada Camarasa?... Tal vez, mellor cómpre facer unha cura de humildade e fuxir de humanas irreverencias. Acaso así poidamos cumprir a obriga de legar o patrimonio cultural que herdamos doutros que puxeron máis racionalidade á hora de construílo.

Iago Seara Morales
Arquitecto

COMBARRO: UNHA SIMBIOSE MARIÑEIRA-CAMPESIÑA



Eu quería, ao falar de Combarro, centrarme en catro cuestións, creo de grande importancia, que fixeron desta vila un paradigma de singularidade. A primeira: o lugar en que se asenta; a segunda: a escala humana e a escala territorial do conxunto; a terceira: a *simbiose* entre o seu carácter mariñeiro e campesiño; e a cuarta: a espectacular colección de hórreos que ofrece.

Respecto da primeira: *o lugar*, esa espléndida rada ou enseada na marxe norte da ría de Pontevedra coa Illa de Tambo en fronte, en que se asentou a vila orixinal e como se distribuíron e se foron construíndo *o casario*, *os monumentos* e *os espazos públicos*: rúas, prazas, peiraos,...., só cabe dicir que foi un enorme acerto. Tamén foi un grande acerto como se distribuíron e empedraron as súas rúas e as súas prazas orixinais, ata o punto de que parece imposible telo feito mellor.

Sería necesario preservar ao máximo todo o que queda de paisaxe natural, especialmente o que aínda queda sen edificacións recentes como é a Illa de Tambo.

Respecto da segunda, gustárame dicir que *a escala* non é un concepto que vén condicionado só polo tamaño duns elementos, como poidan ser as edificacións, senón que depende máis da proporción entre uns edificios e os outros, entre os espazos edificadas e os espazos libres, e entre todo iso e a súa relación cos elementos naturais e o territorio, en cuxo caso estaríamos a falar de *escala territorial*; ou de todo iso en relación ou en función dos usuarios, xa sexa veciños ou visitantes, en cuxo caso nos referiríamos á *escala humana*.

Pois ben, tanto a escala humana no que se refire á comodidade e humanidade do conxunto, coma a escala territorial en canto ao seu mínimo impacto no medio, foron no Combarro tradicional un verdadeiro acerto, así como tamén o foi a relación e a adecuación entre ambas as dúas escalas, ata lograr unha perfecta harmonía entre o Home, a Arquitectura e o Territorio.

No que se refire á terceira cuestión: *a simbiose* mariñeira-campesiña, a vila de Combarro tradicional é aínda hoxe en día un modelo de como se pode e debe compaxinar e dar acollida, nun mesmo núcleo, a dúas realidades tan diferentes como son a vida e os costumes dunha poboación que vive do mar e do campo, e como os peiraos, os barcos, as redes,.... se mesturan coas veigas, as casas, as solainas, os cortellos, os hórreos e os cruceiros, ata lograr esa imaxe tan bela, tan singular e tan coñecida que ofreceu e ofrece ao mundo a vila de Combarro.

Quería deixar para o final a cuarta cuestión, a dos *hórreos*, quizais o que máis

identifica, caracteriza e polariza a imaxe da vila e que cativou a propios e estraños, a todos cantos tiveron a sorte de contemplala e gozala, de poder observar un a un ou o conxunto destas pequenas construcións eminentemente utilitarias pero monumentais pola súa presenza e significado. Unhas pequenas construcións adxectivas cuxa función é almacenar, gardar e protexer as colleitas do ano pero que transcende a esta función e adquire, pola súa forma e o seu volume, un carácter representativo e decorativo, expresión artística dun lugar e dunha época.

E é unha pena que todo este legado histórico, este Patrimonio Arquitectónico, este tesouro, non o valoremos e o coidemos, non o respectemos como se merece e o sigamos afogando e danando con construcións recentes que evidencian algo que debería de avergonzarnos e é que poida dicirse que *o tempo pasado foi mellor*, polo menos en canto á Arquitectura se refire e ao caso que nos ocupa: a vila de Combarro.

César Portela
Arquitecto




Francisco Zagala, c. 1890-1900
Museo de Pontevedra



Otto Wunderlich, 1929
Museo de Pontevedra



Otto Wunderlich, 1929
Museo de Pontevedra



Otto Wunderlich, 1929
Museo de Pontevedra

ESTUDOS III

PARA COÑECER MÁIS
ACERCA DE COMABARRO

BIBLIOGRAFÍA SOBRE COMBARRO



Nestas páxinas presentamos unha ampla bibliografía sobre a vila de Combarro. Cremos que se trata da bibliografía máis detallada ata agora publicada sobre este Conxunto Histórico. Sexa ou non sexa así, o importante, en todo caso, é o interese e a utilidade que poida presentar para os que pretendan coñecer máis sobre esta vila, ben por simple curiosidade, ben coa intención de afondar no coñecemento de Combarro ou da arquitectura popular e o patrimonio cultural de Galicia.

Con ese afán foi elaborada a seguinte lista de publicacións, que, como se advertirá de inmediato, está organizada en cinco seccións principais: 1) Obras con Combarro como tema central (Libros, capítulos de libro, artigos de revista e folletos); 2) Informes e traballos de Investigación sobre Combarro; 3) Obras xerais (nas que se trata sobre Combarro, sen un capítulo específico); 4), artigos en xornais; e 5), Lexislación sobre o Conxunto Histórico. As entradas das tres primeiras seccións están ordenadas alfabeticamente; as da cuarta e quinta, cronoloxicamente. Na sección sexta (“Outros”) incluímos unha única referencia, a do plano artístico *Reconstrución do porto de Combarro a principios do século XX*, pola súa indubidable importancia documental.

Aínda que ampla, é obvio que esta que aquí presentamos non se trata dunha relación bibliográfica definitiva. Polo tanto, agradeceremos a quen queira facernos partícipes de máis obras o que o faga. O coñecemento é un proceso acumulativo, que debe moito ao labor individual pero, sobre todo, ao esforzo colectivo de superación.

I Obras con Combarro como tema central (Libros, capítulos de libro, artigos de revista e folletos)

Álvarez Limeses, Gerardo (s.a., 1928-1936), “Combarro (San Roque)”, *Geografía general del Reino de Galicia, Provincia de Pontevedra*, vol. 12, Barcelona, Casa Editorial Alberto Martín, pp. 297-299.

Anónimo (1944), “Carta de hermandad entre el Concejo de Pontevedra y los marineros de Combarro”, *El Museo de Pontevedra*, III, Pontevedra, pp. 63-64.

Anónimo (1958), “El dedo en la llaga. El caso de los monumentos de Combarro”, *La Codorniz*. 868. p. 5. (En Museo de Pontevedra, Filgueira, 272-53, 1958, Xullo, 13. Outros autores).

Aparicio Casado, Buenaventura (1989), *Exposición arqueoloxía do Concello de Poio: instruccións didácticas para a súa aplicación na escola*, Combarro, Asociación A Solaina.

- Asociación Amigos da Cultura (1984), *Xornadas de arquitectura popular*. Día 9, 16, 19, 23 e 25 ás 8 da tarde. Outubro 1984. [Folleto 8 pp.].
- “Asociación para a Defensa do Patrimonio Histórico Artístico de Combarro A Solaina”, *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo XXXIII, 2000, pp. 79-80.
- Asociación para a Defensa do Patrimonio Histórico Artístico de Combarro A Solaina, *Historia da Asociación A Solaina de Combarro a través da información de prensa, 1988-2004* (dossier de prensa multicopiado, 2013, 284 páxinas).¹
- Ateneo Cultural Corredoira de Combarro (edicións anuais desde 1984), *Semana Cultural. Programa*, Combarro. Agosto.
- Barciela, Augusto e E. Meruendano (1994), *Taberna Alvariñas. Combarro*. (Edición da propia Taberna Alvariñas).
- BNG (1992), “Combarro conxunto histórico artístico. Medidas de recuperación propostas polo BNG”, *Boletín Municipal do BNG de Poio*, 1, xuño.
- Campos Michelena, Pascuala (1985), “Prediseño y propuestas formales en el núcleo de Combarro”, *Cuadernos. Bordes urbanos*, Madrid, Dirección General de Arquitectura y Vivienda (MOPU), pp. 67-92.
- Castroviejo, José María (1970), “Por la costa hasta Pontevedra”, *Galicia, guía espiritual de una tierra*, Madrid, Espasa Calpe, pp. 181-183.
- Comisión de Cultura da Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias da Universidade de Vigo (1991), *Xornadas sobre concellos e patrimonio histórico* (coordinadas por Rafael Vallejo). 24 de xaneiro a 1 de febreiro de 1991. Programa [Folleto díptico].
- Comunidade Veciñal de Montes en Man Común de Combarro, *Estatutos* (1995?), Pontevedra, Litosprint, 15 pp.
- Concello de Poio (2001), *Poio. Historia e tradición*, Poio, Concello de Poio.
- Dasilva, Juan Carlos (1984), “Combarro, la cultura y el arte paso a paso”, *7ª edición del Trofeo Príncipe de Asturias*, Pontevedra, Deputación Provincial.
- Dacosta Paz, Andrés (2009), *Documentos para a Historia de Poio (1936-1942)*, Ponteareas, Alén Miño Edicións.
- De Llano, Pedro (1975), “Hórreo”, *Gran Enciclopedia Gallega*, T. XVII, pp. 147-162.
- Escola Obradoiro para a Restauración de Combarro (1989?), *Escola Obradoiro para a Restauración de Combarro, Poio*, [Folleto tríptico], Poio, Imp. Lourido.
- Escola Obradoiro Restauración Combarro (1992), *Hórreos e rúas*, Poio.
- Escuela Taller Restauración Combarro (1992), *Memoria. Prórroga*, Poio, 216 pp.
- Fariña, Francisco (1975), “El Museo y la exposición. Problemas en torno al Museo de Combarro”, *Grial*, 50, outubro-décembro, pp. 440-457.

Feduchi, Luis, “Galicia”, “Combarro”, *Itinerarios de arquitectura popular española*, t. 2,

¹ Existen exemplares no Museo de Pontevedra, no Servizo Documental da Deputación Provincial de Pontevedra, na Biblioteca da Universidade de Vigo, etc.

- Barcelona, Ed. Blume, 1975, pp. 42-50, 99-101.
- Fernández de la Cigoña Núñez, Estanislao (2007), *Cruces, Cruceiros e Petos do Concello de Poio (Historia dun concello)*, Pontevedra, Editorial AGCE.
- Filgueira Valverde, José (1974), “Combarro”, *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo VII, pp. 11-13.
- Flores López, Carlos, “Galicia”, *Arquitectura popular española*, tomo 2 (País Vasco, Cantabria, Asturias y Galicia), Madrid, Aguilar, 1973, pp. 355-496.
- Frankowski, Eugeniusz (1918), “Los hórreos de Galicia”, en *Hórreos y palafitos de la Península Ibérica*, Madrid, Junta para la Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas, pp. 16-27.
- Fray Mauro Aparicio (1970), “Directorio de los padres curas para el Gobierno del Curato de San Juan del Poyo. Año 1793” *Compostellanum*, Volumen XV, 2, pp. 267-306.
- García Fernández, Efrén e José Luis (1972), “Combarro”, *España dibujada. tomo 1. Asturias y Galicia*, Madrid, Ministerio de la Vivienda, Servicio Central de Publicaciones, pp. 150-155.
- García Fernández, José Luis e Lea Saladina Iglesias Rouco (1986), “Hórreos en la ribera marina: Combarro”, *La plaza en la ciudad y otros espacios significativos: Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco*, Madrid, Hermann Blume, pp. 153-155.
- Harguindey, Ángel S. (1973), “Combarro, o el mar petrificado”, *Hoja del Mar*.
- López Solís, Juan Manuel et al. (1974), “Hórreos de la parroquia de San Juan de Poyo”, *El Museo de Pontevedra*, XXVIII, pp. 244-253.
- Madoz, Pascual (1847), “Combarro”, *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico*, t. 6, Madrid, Imprenta del Diccionario, p. 548.
- Martínez, Xosé Manuel, Rafael Vallejo, Francisco Guerra (1985), *Exposición A Ría de Pontevedra a Través da Foto Antiga*, Combarro 14 a 21 agosto, 1985. [Folleto díptico].
- Martínez, Xosé Manuel e Francisco Guerra (1992), *Poio guía turística*, Concello de Poio [tríptico].
- Martínez Sarandeses, Fernando (1982), *Arquitectura vernácula en Pontevedra*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
- Méndez Fonte, Rose (2005), “As intervencións de Francisco Pons- Sorolla en Padrón, Muros e Combarro (1957-1969)”, *Barbantia*, pp. 73-82.
- Merino, María del Mar (1986), “El regreso de la piedra. Plan Especial de Rehabilitación para Combarro”, *Revista MOPU*, 328, enero 1986, pp. 6-12.
- Mesía López, Ana (2010), “Combarro: aplicación del modelo de planificación turística de Gunn a un conjunto histórico”, *Estudios Turísticos*, 185 (2010), pp. 63-82
- Millán, José (1933), *Un viaje a la Armenteira*, Pontevedra, Imprenta de La Correspondencia
- Moranval, Miguel (1949), “El Combarro que yo vi”, *Mares Célticos, Céltiga*, núm. Extraordinario.

- Museo de Pontevedra (1989), *Arqueoloxía do Concello de Poio*. Dossier de Prensa (12-10-1989 a 20-10-1989).
- Museo de Pontevedra (1994), *Acto de presentación del plano Reconstrucción do Porto de Combarro*, 13 mayo 1994. Dossier de Prensa.
- Nettis, Joseph (1960), “Combarro”, en *A Spanish Summer*, New York, Ziff-David Publishing Company, pp. 79-99.
- Novás, Juan (1944-45), “Combarro. ‘Viejo asilo de pescadores de la Ría’”, *Sonata Gallega*, invierno, 1944-45, 5ª publicación, Cértiga.
- Núñez Sobrino, Ángel (2005), “Carlos Sobrino (1885-1978), el riguroso mundo de la anotación”, *Anuario Brigantino*, 28, pp. 443-478.
- Parroquia de Combarro (1984), *Inauguración-Consagración iglesia de S. Bernardo en la Parroquia de S. Roque de Combarro*. 5 agosto 1984. 12 pp.
- Pesqueira, Joaquín (1945-1946), “Combarro”, *Sonata Gallega*, otoño-invierno, 1945-1946.
- Portela, Agustín (1984), Láminas “Combarro Recinto Histórico-Artístico” e “Hórreo Típico”, Pontevedra, Imprenta Antúnez. [Folleto díptico editado con motivo da inauguración da igrexa de San Bernardo. 1984].
- Prieto, M. Jimena (2011), *Orixes e Historia do Concello de Poio*, Poio, Concello de Poio.
- Programa de Actividades. 40 Aniversario da Declaración de Combarro como Conxunto Histórico* (2012), Asociación para a Defensa e Promoción do Patrimonio Histórico Artístico de Combarro, A Solaina, Poio, Gráficas Anduriña (políptico).
- Rodríguez Elías, Avelino (1926), “Los Horreos de Combarro: una villa que es un encanto por su amor a la tradición”, *Eco de Galicia*, Ano 10, 305, pp. 10-11.
- Rodiño Rodríguez, Juan (2003), *Combarro, vida de un pueblo*, Combarro, (edición do autor).
- Rodiño Rodríguez, Juan (2004), *Combarro en fotos*, Combarro, (edición do autor).
- Rodiño Rodríguez, Juan (2008), *Combarro, Historia y Fotografía*, Combarro, (edición do autor).
- Rodiño Rodríguez, Juan (2010), *Combarro*, Combarro, (edición do autor).
- Sánchez Cantón, Francisco Javier (1973), “Zona monumental de Pontevedra”, *Pontevedra y los pontevedreses. Inéditos y dispersos*, Pontevedra, Museo, 1973, pp. 81-86.
- Trapero Pardo, José (1959), “Combarro: cantiga gallega de piedra “, *Vida Gallega*, 750, septiembre 1959, pp. 13-15.
- Vallejo Pousada, Rafael (1988), *Combarro Conxunto Histórico-Artístico*, Poio, Asociación A Solaina.
- Vallejo Pousada, Rafael (1992), *Combarro Conxunto Histórico*, Poio, Asociación A Solaina.
- Vallejo Pousada, Rafael (1992), “O Conxunto Histórico de Combarro. A legalidade da protección e a realidade da protección”, *Obradoiro. Revista de Arquitectura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia*, 21, outubro, pp. 90-95.

Vallejo Pousada, Rafael (1995), “A arquitectura e o urbanismo tradicionais: da identificación á substitución por derribo. O exemplo do conxunto histórico de Combarro”, *Cadernos A Nosa Terra de pensamento e cultura*, 19. *En man común. Urbanismo, terra e sociedade*, pp. 12-23.

Vallejo Pousada, Rafael (2005), *Combarro. Conxunto Histórico*, Poio, Concello de Poio.

Vallejo Pousada, Rafael (2013), *Guía del Conjunto Histórico de Combarro. Historia y arquitectura popular*, Poio, Asociación A Solaina de Combarro.

Vallejo Pousada, Rafael; Francisco Guerra; Xosé Manuel Martínez (1984), *Combarro: onte, hoxe. Xornadas culturais do 25 ó 31 de agosto de 1984*. [Folleto tríptico de Exposición fotográfica].

Vázquez Rouco, Sergio (1998), *San Xoán de Poio. Monasterio, Coto, Parroquia*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra.

II Informes e traballos de investigación sobre Combarro

Asociación para a Defensa do Patrimonio Histórico Artístico de Combarro A Solaina (1991), *Informe sobre o Patrimonio Construído do Conxunto Histórico de Combarro. Datos para a súa consideración como obxecto de expoliación*, Asociación A Solaina. Enero 1991. 105 páxinas. [Enviado ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Presidente do Parlamento de Galicia e ao Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia].

Asociación para a Defensa do Patrimonio Histórico Artístico de Combarro A Solaina (1992), *Plan de Medidas para Recuperar o Conxunto Histórico de Combarro*, Asociación A Solaina. Febreiro 1992. 20 páxinas. [Enviado ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Presidente do Parlamento de Galicia e ao Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia. O Plan foi parcialmente aprobado na Comisión de Ordenación Territorial e Obras Pública do Parlamento de Galicia por todos os grupos con representación parlamentaria, o 4 de xuño de 1992].

Asociación para a Defensa do Patrimonio Histórico Artístico de Combarro A Solaina (1994), *Informe al Ministerio de Cultura sobre el Conjunto Histórico de Combarro (Pontevedra). Datos para su consideración como objeto de “expoliación”*. Asociación A Solaina. Novembro 1994, 19 páxinas. [Enviado ao Ministerio de Cultura].

Asociación para a Defensa do Patrimonio Histórico Artístico de Combarro A Solaina (1997), *Informe sobre o impacto dos coches no Conxunto Histórico de Combarro*. Asociación A Solaina. Agosto 1997. 15 páxinas. [Informe enviado ao Concello de Poio e á Xunta de Galicia].

Asociación para a Defensa do Patrimonio Histórico Artístico de Combarro A Solaina (1999), *Informe da Asociación A Solaina de Combarro sobre o Proxecto de “Vial de conexión entre muelles. Combarro (Pontevedra)”*, Promovido por *Portos de Galicia. Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda*, Asociación A Solaina. Febreiro 1999. 18 páxinas. [Este Informe foi enviado ao presidente da Xunta, ás consellerías de Cultura, Consellería de Medio Ambiente e Política Territorial e ao Parlamento de Galicia, así como á Dirección Xeral de Medio Ambiente do Ministerio de Medio Ambiente, ao Ministerio de Cultura e ao Consello da Cultura Galega].

- Asociación para a Defensa do Patrimonio Histórico Artístico de Combarro A Solaina (2004), *Informe da Asociación A Solaina de Combarro sobre a Proposta do Ente Público Portos de Galicia para a Contrucción dunhas Instalacións Náutico-Deportivas no Porto de Combarro*, Asociación A Solaina. Agosto 2004. 12 páxinas máis planos das dúas propostas alternativas da Asociación á de Portos de Galicia. [Enviado á Consellería de Política Territorial e ao presidente do Parlamento de Galicia].
- Campos Michelena, Pascuala (dir.) (1990), *Avance do Plan Especial do Protección do Casco Histórico de Combarro*, 26 de xuño de 1990.
- Cháin Pérez, Manuel (1992), *Prego de prescripcións técnicas para a redacción do Plan Piloto de actuacións urxentes no Conxunto Histórico de Combarro* (Consellería de Cultura e Deporte, Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural).
- Concello de Poio (1981), *Normas subsidiarias de Poio* (parte referente a Combarro).
- Concello de Poio (1985), *Memoria Xustificativa do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro*, 1985. Poio.
- Concello de Poio (2001), *Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro*, 2001. Poio.
- Consellería de Cultura e Deporte. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais (1992), *Plan Piloto de Actuacións urbanas urxentes no Conxunto Histórico de Combarro-Poio*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- Consellería de Cultura. Dirección Xeral do Patrimonio Histórico (1993), *Proxecto básico e de execución de actuacións urbanas urxentes no Conxunto Histórico de Combarro*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- Consello da Cultura Galega (1991), *Proposta do Consello da Cultura Galega sobre a destrucción do núcleo histórico de Combarro*, abril de 1991.
- Costantino, Manuela (2010), *Ipotesi dei conservazione e valorizzazione dell'architettura vernacolare in Galizia: il caso studio di Combarro*. Tesi di Laurea (Proxecto fin de carreira); Turín, Facultade II de Arquitectura, Politécnico de Turín.
- Guerra Penas Francisco (1987), *Combarro, exemplo de construcións populares*, (Traballo Fin de Carreira, dirixido por Manuel Caamaño Suárez), A Coruña, Escola Universitaria de Arquitectura Técnica de A Coruña.
- Guerra Penas, Francisco (1988), *Palleiras na parroquia de S. Xoan de Poio* [traballo de investigación inédito].
- Inventario do Patrimonio Cultural da Provincia de Pontevedra* (apartado referente a Conxuntos Históricos), DOGA, 135, martes 16 de xullo de 1991.
- Rodríguez Manteiga, Alicia (2004), *Estudio de los horreos del lugar de Combarro* (Traballo Fin de Carreira, dirixido por Ramón Vázquez Fernández), A Coruña, Escola Universitaria de Arquitectura Técnica de A Coruña.
- Seminario de Estudos Socioeconómicos de Pontevedra Carlos Velasco (2008), *Complementariedade comercio, hostalaría e turismo en Combarro*, Poio, Concello de Poio. (Informe. 97 pp.).

III

Obras xerais

(nas que se trata sobre Combarro, sen un capítulo específico)


- Anderson, Ruth M. (1939), *Gallegan Provinces of Spain: Pontevedra and La Coruña*, New York, Hispanic Society of America.
- Aparicio Casado, Buenaventura (1989), *Arqueología y Antropología Cultural de la margen derecha de la ría de Pontevedra*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra.
- Aparicio Casado, Buenaventura (1992), *A tradición oral en Poio, claves interpretativas*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra.
- Aparicio Casado, Buenaventura e Antonio de la Peña Santos, Antonio (2011), *Guía de petróglifos de Galicia*, Pontevedra, Edicións do Cumio.
- Armas Castro, José (1992), *Pontevedra en los siglos XII a XV. Configuración y desarrollo de una villa marinera en la Galicia medieval*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Bell, Aubrey F. G. (1922), *Spanish Galicia*, London, John Lane the Bodley Head [p. 110].
- Bas, Begoña (1983), *As construcións populares un tema de etnografía de Galicia*, A Coruña, Ed. do Castro.
- Bas, Gegoña (1985), *Los hórreos de Galicia*, A Coruña, Xunta de Galicia. [Folleto].
- Caamaño Suárez Manuel (1997), *A casa popular*, Cadernos Museo do Pobo Galego 8, Santiago de Compostela (Reedición 2002).
- Caamaño Suárez Manuel (1999), *As Construcións adxetivas*, Santiago de Compostela, Ed. Museo do Pobo Galega.
- Caamaño Suárez Manuel (2005), *Galicia. As Construcións da Arquitectura Popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*, A Coruña, Hercules de Ediciones.
- Calo Lourido, Francisco (1996), *Xentes do mar. Traballos, tradición e costumes*, Vigo, A Nosa Terra.
- Calo Lourido, Francisco (1996), “Da sacada ó boliche. O caso de Raxó, na ría de Pontevedra”, *III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía aplicada*. Pontevedra: Instituto de Estudos Galegos “P. Sarmiento”.
- Calo Lourido, Francisco (2003), “Achegamento á pesca, ós seus protagonistas e ós seus territorios (S. XII - XVI)”, *Actas do Simposio de Historia marítima do século XII ao XVI. Pontevedra e o Mar*, Pontevedra, Concello de Pontevedra.
- Carlé, Walter (1948), “Los horreos en el noroeste de la Península Iberica”, *Estudios Geográficos*, Año IX, 31, mayo 1948.
- Carrión García, J. (Director) (2001), *Gran Atlas de Pontevedra*, Pontevedra, Diario de Pontevedra, Lérez Ediciones.

- Carandell, Luis e Domi Mora (2002), *Pueblos bellos de España*, Barcelona, Lunwerg.
- Castelao, Alfonso R. (2000), *As Cruces de pedra na Galiza*, Vigo, Editorial Galaxia.
- Castro Fernández, Belén María (2007), *Francisco Pons-Sorolla y Arnau, arquitecto-restaurador: sus intervenciones en Galicia (1945-1985)*, Santiago de Compostela, USC (Tesis de doutoramento).
- Castroviejo, José María (1960), *Galicia. Guía espiritual de una tierra*, Madrid: Espasa-Calpe.
- Castroviejo, José María (1967), *Rías Bajas de Galicia*. Barcelona, Noguer.
- Chamoso Lamas, Manuel (1974), “La creación de Museos de Artes y Costumbres Populares en Galicia”, *Actas del II Congreso Nacional de Artes y Tradiciones Populares*, Zaragoza, Instituto Fernando el Católico, pp. 31-39.
- Chamoso Lamas, Manuel (1974), “Creación de museos de artes y costumbres populares en Galicia”, *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, LXI, 598, pp. 38-41.
- Chamoso Lamas, Manuel (1978), “Avances para una ordenación de la salvaguarda de la belleza del carácter de los paisajes y parajes de Galicia”, *Abrente*, 10, A Coruña, pp. 79-81.
- Chamoso Lamas, Manuel (1982), *Itinerario Monumental y Artístico de Galicia* (Colección Ver y Conocer Galicia), Madrid, Editorial Sílex.
- Clube Mariño “A Reiboia” de Poio (2001), “Bucetas e Galeóns recalán na Reiboia. V Encontro de embarcacións tradicionais”, *Revista de Cultura Marítima*. FGCM. Litor.
- Dacosta Paz, Andrés (2012), *Autobiografía de Andrés Bruno. Media vida no mar*, Poio, Gráficas Anduriña.
- De Llano Cabado, Pedro (1983), *A arquitectura popular en Galicia. A casa mariñeira. A casa das agras. A casa do viño. As construcións adxetivas*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
- De Llano Cabado, Pedro (2006), *Arquitectura popular en Galicia. Razón y construcción*, A Coruña, Fundación CaixaGalicia, Edicións Xerais de Galicia.
- Del Castillo Fondevila, M^a Esther (1995), “Apuntes para la historia de la época benedictina en el monasterio de Poyo”, en *Actas del simposium Monjes y Monasterios*, San Lorenzo del Escorial, pp. 223-264.
- Dieuzaide, Jean (2007), *La Galice*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia.
- Estévez, Ángeles (coord.), *Cambio de Galicia no milenio*, [Pontevedra], Asociación Cultural Mourisca¹.
- Fariña Jamardo, Xosé (1987), *O nacemento dos axuntamentos da provincia de Pontevedra*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra.
- Filgueira Valverde, José (1931), *Guía de Pontevedra*, Pontevedra, Álvarez Gallego.
- Filgueira Valverde, José (1946), *Archivo de Mareantes*, Pontevedra, Museo de Pontevedra.
- Fortes Bouzán, Xosé (1986), *La ría de Pontevedra*, Madrid, Servicio de Publicaciones do MOPU.

¹ Libro de curta difusión. Pode atoparse na biblioteca do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra. Signatura: GA/8322.

- Hartley, Catherine Gasquoine (1911), *Spain Revisited: A Summer Holiday in Galicia*, London, Stanley Paul & Co. (Traducido ao galego como *Un verán en Galicia*, Vigo, Galaxia, 1999) [pp. 85-86].
- Juega Puig, Juan *et al.* (1995), *Pontevedra, villa amurallada*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra.
- Juega Puig, Juan (2007), *Os cercos e as ordenanzas pesqueiras galegas*, Pontevedra, Concello de Pontevedra.
- Labrada, Lucas (1804), *Descripción económica del Reyno de Galicia*. Ferrol, Imp.de Lorenzo José Riesgo Montero [Hai edición facsímil, con prólogo de Francisco R. Barja, en Vigo, Editorial Galaxia, 1971].
- Laredo Verdejo, Xosé Luis (1997). *Galicia enteira. Rías Baixas do Salnés*, 3. Vigo, Xerais.
- Ledo Cabido, Bieito (ed.) (2005), *Galicia en Comarcas. Pontevedra*, Vigo, Ir Indo.
- Lorenzo Fernández, Xaquín (1962), *Etnografía. Cultura material*, en R. Otero Pedrayo (dir.), *Historia de Galiza*, t. II, Buenos Aires, Editorial Nós.
- Losada y Correia de Azevedo, Luis (1962), *Galicia Turística (España)*, Monforte, Imprenta "Fenix".
- Martínez Rodríguez Ignacio (1979), *El hórreo gallego. Estudio geográfico*, A Coruña, Fundación Pedro Barrie de la Maza.
- Meakin, Annette M. B. (1909), *Galicia, the Switzerland of Spain*, London, Methuen & Co. [pp. 265-267].
- Nolasco Gaité, Pedro (1991), *Monumentos de Galicia: Cuadernos de Dibujos*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
 - Ortiz Echagüe, José (1939; 1942), *España: pueblos y paisajes*, San Sebastián, Editor Internacional.
- Otero Pedrayo, Ramón (1926), *Guía de Galicia*, Madrid, Espasa Calpe.
- Otero Pedrayo, Ramón (1945), *Guía de Galicia*. Santiago de Compostela, Sucesores de Gali.
- Pazos Pérez, Lino J. (1996), *Recordando a Thalavo*. Deputación Provincial de Pontevedra.
- Rudofsky, Bernard (1964), *Architecture without architects. A short introduction to non-pedigreed architecture*, New York, Doubleday.
- Sampedro Folgar, Casto (1896-1904), *Colección de Documentos para la Historia de Pontevedra*, 3 vol. Pontevedra, Sociedad Arqueológica de Pontevedra.
- Sarmiento, Fray Martín (1970), *Colección de voces y frases gallegas* (Edición e estudio de J. L. Pensado), Salamanca, Universidad de Salamanca.
- Sarmiento, Fray Martín (1975), *Viaje a Galicia (1745)* (Edición e estudio por J. L. Pensado), Salamanca, Universidad de Salamanca.
- Sarmiento, Fray Martín (1999), *A viaxe de Fr. Sarmiento a Galicia en 1754* (Edición e índices de Xosé Luis Pensado), Santiago de Compostela, Xunta de Galicia e Salamanca, Universidad de Salamanca.

- Sobрино Buhigas, Ramón (1935), *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*, Madrid, C. Bermejo.
- Valle Pérez, José Carlos (1974), “Cruceiros”, *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo VIII, pp. 49-59.
- Vallejo Pousada, Rafael (1996), “Pregón das Festas de San Xoan de Poio. 21 de xunio de 1996”, *Festas de San Xoán de Poio, do 17 ó 26 de xuño de 2000*, Poio, Concello de Poio, 2000, pp. 8-11.
- Vallejo Pousada, Rafael (2003), “Historia da pesca en Galicia. (Das orixes ata o século XVIII)”, *Pontevedra. Revista de Estudos Provinciais*, 19, 2003, pp. 153-178.
- Varios Autores (1987), *A pedra no restauro*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Benestar Social.
- Varios Autores (1912), *Mondariz - Vigo - Santiago. Guía del turista*, Madrid, Sucesores de Rivadeneyra.
- Varios Autores (1912), *Mondariz - Vigo - Santiago. Guide to the tourist*, Madrid, Sucesores de Rivadeneyra.
- Varios Autores (1999), *Pontevedra no obxectivo de Manuel Chamoso Lamas: as nosas raíces*, Pontevedra, Museo de Pontevedra.



IV Artigos en xornais (Ordenados cronoloxicamente)

Século XIX

González Senra, Ramón, “Carta Recomendada” (asinada e datada en Combarro o día 2 de febreiro do 1812), *Gazeta Marcial e Política* de Santiago de Compostela, 5-2-1812.

El Fomento de Galicia, 26-3-1858.

El Miño, 1-12-1858.

Rodríguez Seoane, Luis (1879), “El Puerto de Marín y el Lazareto de Tambo”, *El Gallego*, 27-7-1879.



Século XX. 1900-1939

- La Condesa de Pardo Bazán (1913), *La Ilustración Artística*, núm. 1663, 10-11-1913, p. 730.
- Almanaque Gallego*, “En la Ría de Pontevedra, Galicia. La Entallada de Combarro”, 1918.
- Fernández-Flórez, Wenceslao (1920), “Notas de viaje. Los bañistas”, *ABC*, 17-8-1920, pp. 3-4.
- Paz-Andrade, Valentín (1920), “Por tierras de Galicia: Combarro”, *Diario de Pontevedra*, 21-9-1920.
- Paz-Andrade, Valentín (1923), “Los pueblos del Arte: Combarro”, *Galicia*, 27-9-1923.
- La Esfera*, “Los Hórreos de Galicia. Estampas españolas”, 24-10-1925.
- El Pueblo Gallego*, “Actualidades Gráficas. Los pueblos de Galicia”, 27-2-1926.
- El Pueblo Gallego*, “Actualidades Gráficas. Plazoleta de Combarro”, 18-3-1926.
- El Orzán*, “En la Exposición de Sevilla. Inauguración del Pabellón de Galicia”, 3-11-1929.
- Paz-Andrade, Valentín (1929), “Pueblos del Mar: Viñeta de Combarro”, *El Sol*, 05-03-1929.
- Xan Quinto (1930), “Crónicas de Galicia: El camino marítimo de Santiago”, *La Voz*, 11-09-1930.
- R.A.I.G. [Revista Artística Ilustrada de Galicia], “Combarro”, 1-11-1935.

Século XX. 1940-1971

- Bará, Modesto (1952), “El burgo marinero de Combarro”, *El Pueblo Gallego*, 17-8-1952.
- Lino, V. (1955), “Combarro una villa que no necesita adjetivos”, *Litoral*, 14-7-1955.
- Teucro Valiente (1956), “Carmen Laforet a Combarro”, *Litoral*, 28-05-1956.
- Marqués de Santa María del Villar (1956), “Las Rías Bajas o Neiras, como lugar de turismo”, *ABC*, 15-7-1956, pp. 23-28.
- Moure-Mariño, Luis (1957), “Hombres de mar”, *ABC*, 19-5-1957, pp. 29-30.
- El Pueblo Gallego*, “Un itinerario asombroso. Por las tierras de Salnés”, 25-3-1958.
- Moure-Mariño, Luis (1959), “Los hórreos”, *ABC Sevilla*, 4-5-1958, pp. 10-11.
- [Fotocolor Pando] (1959), “Apología turística de España”, *ABC Blanco y Negro*, 28-2-1959, pp. 5-8.
- Lois, Luis (1961), “Poyo bella teoría de cumbres, maizales y viñedos en la ría pontevedresa”, *El Pueblo Gallego*, 25-06-1961.
- Cerecedo, Cuco e Gustavo Luca de Tena y Slorty (1962), “Hoy: de Sangenjo a Combarro”, *El Pueblo Gallego*, 6-5-1962.
- El Pueblo Gallego*, “Combarro y su Historia. Conferencia del Profesor Filgueira Valverde”, 12-12-1968.
- El Pueblo Gallego*, “Combarro: La paz de piedra”, 7-1-1970.

- Conde Rivera, L. (1970), “Combarro, nuevo museo”, *ABC*, 11-06-1970.
- Luca de Tena, Cayetano e Álvaro García-Pelayo (fotografía) (1971), “A Finisterre por Arosa, Noya, Muros y Corcubión”, *ABC Blanco y Negro*, 22-7-1971, pp. 35-50.
- Século XX. 1972-1999**
- Gómez-Tabanera, José Manuel (1973), “El hórreo a través del tiempo”, *ABC Reportaje*, 19-4-1973, pp. 87-91.
- Parada, María del Carmen (1977), “Combarro, el mejor ejemplo del arte popular”, *La Voz de Galicia*, 25-9-1977.
- Otero, Isaac (1984), “Madrigal azul de Combarro”, *Diario de Pontevedra*, 26-8-1984.
- Vallejo Pousada, Rafael (1984), “Combarro sofre un forte deterioro, pese á súa declaración de conxunto artístico,”, *La Voz de Galicia*, 15-9-1984.
- Varios Autores (R. Vallejo; J. C. Dasilva; F. Guerra; V. González Carrera; A. Sola), “Combarro, recinto histórico artístico” (1985), *Artes e Letras. Semanario cultural de Faro de Vigo*, año III, 106, 17-2-1985, pp. 49-52.
- Guerra, Francisco (1985), “Combarro e a súa arquitectura”, *Artes e Letras. Semanario cultural de Faro de Vigo*, ano III, 106, 17-2-1985, p. 50.
- Aparicio Casado, Buenaventura (1985), “La capilla de la Renda, una reconstrucción necesaria”, *Diario de Pontevedra*, 10-3-1985.
- Aparicio Casado, Buenaventura (1985), “La necrópolis megalítica del Monte da Tomba (Poyo)”, *Diario de Pontevedra*, 21-4-1985.
- Aparicio Casado, Buenaventura (1985), “A Cuna da Moura (Combarro). Un caso de culto a las piedras”, *Diario de Pontevedra*, 26-11-1985.
- Domínguez Uceta, Enrique (1986), “Combarro, Galicia condensada”, *Ya Dominical*, 16-3-1986.
- Carrera, Valentín (1986?), “Combarro en la quinta dimensión”, *Atlántico Diario* [Agosto 1986?]
- Aparicio Casado, Buenaventura (1986), “O poblado galaico-romano de a Sivida (O Pereiro-Poyo)”, *Diario de Pontevedra*, 7-9-1986.
- Matasellos “Hórreo de Galicia. 11 Julio 1988. Combarro. Pontevedra” (reproducido en *La Voz de Galicia*, 5-8-1988, p. 53).
- Delegación (1988), “La Asociación ‘A Solaina’ se plantea la revitalización urbanística de Combarro”, *Faro de Vigo*, 15-5-1988, p. 17.
- Muños, J. M. (1988), “Intercambio cultural entre Poyo y Medina del Campo”, *Diario de Pontevedra*, 15-6-1988, pp. 16-17.
- Trillo, Lucía (1988), “Combarro, entre las dornas y los hórreos”, *Atlántico Diario*, 27-8-1988.
- Torre, Rafael L. (1988), “Combarro recupera su esencia a golpe de martillo”, *La Voz de Galicia*, 27-8-1988.

- Torre, Rafael L. (1988), “A Solaina` y el museo del mar”, *La Voz de Galicia*, 27-8-1988.
- R. C. (1989), “Combarro, marinera y labriega,”, *Diario 16 de Galicia*, 7-9-1989.
- Vázquez Pita, E. (1989), “Un casco vello como Combarro”, *La Voz de Galicia*, 15-9-1989.
- Arias Veira, Pedro (1989), “Poio: La extensión pontevedresa”, *La Voz de Galicia*, 22-12-1989, p. 55.
- Vallejo Pousada, Rafael (1989), “Combarro es una villa casi ideal, pero no el paraíso,”, *La Voz de Galicia*, 8-10-1989, p. 53.
- Vallejo Pousada, Rafael (1991), “O Conxunto Histórico de Combarro”, *Xornal Diario* (Pontevedra), 9-2-1991.
- Vallejo Pousada, Rafael (1993), “Combarro, un pueblo de piedra”, *Faro de Vigo, Suplemento domingo*, 28-2-1993, pp. 8-9.
- Vallejo Pousada, Rafael (1993), “Defende-la beleza”, en *Faro de Vigo, Suplemento Domingo*, 28-2-1993, p. 9.
- Vallejo Pousada, Rafael (1994), “A encrucillada de Combarro I”, *La Voz de Galicia*, 14-5-1994.
- Vallejo Pousada, Rafael (1994), “A encrucillada de Combarro II”, *La Voz de Galicia*, 15-5-1994.
- Sanjorge, P. (1998), “Poio digno de recordar”, *Faro de Vigo*, 17-7-1998.
- Da Silva, Juan Carlos, “Un proyecto urbanístico, a la altura de un patrimonio único”, *Faro de Vigo*, 28-4-1999, p. 13
- Vallejo Pousada, Rafael (1999), “Unha mostra singular de arte barroca galega. O retablo da igrexa de San Roque en Combarro, en perigo de deterioro irreversible”, *Faro de Vigo*, 9-12-1999, p. 12.

Século XXI. 2000-2012

- Pereira, Ángeles (2000), “ ‘ Esperaba unos primos, pero es un familión. Adolfo Pérez Esquivel visita el pueblo natal de su padre, Combarro, y conoce a toda su familia gallega ’”, *Faro de Vigo*, 26-3-2000, pp. 58-59.
- Vallejo Pousada, Rafael (2002), “Combarro 2002”, *Faro de Vigo*, 19-4-2002.
- Vallejo Pousada, Rafael (2002), “A II Festa do Mar de Poio”, *Faro de Vigo*, 23-8-2002.
- Ordaz, Pablo (2002), “Los vecinos inventan barreras contra el fuel. Los habitantes de Combarro tejen una red gigantesca para intentar frenar las manchas”, *El País*, 28-11-2002, pp. 1 e 18.
- Vallejo Pousada, Rafael (2011), “Poio en fotos antigas. A propósito dunha exposición en Combarro”, *Faro de Vigo*, 24-7-2011.
- Dacosta Paz, Andrés (2011), “1972: Unha efeméride na historia do patrimonio de Poio”, *Faro de Vigo*, 6-8-2011.
- Vallejo Pousada, Rafael (2012), “Combarro, baixo unha ollada italiana”, *Faro de Vigo*, 17-3-2012, p. 15.

Vallejo Pousada, Rafael (2012), “Valentín Paz Andrade, Carlos Maside e Combarro en 1952”, *Faro de Vigo*, 15-4-2012.

Vallejo Pousada, Rafael e Andrés Dacosta Paz (2012), “[Carlos Maside] Un pintor para unha terra”, *Estela. Revista dominical de Faro de Vigo*, 13-5-2012.

[Maside, Carlos] (2012), “Los modelos de Maside viven en Combarro”, *Estela. Revista dominical de Faro de Vigo*, Domingo, 13-05-2012, páxinas 1-5. (Especial dedicado á estada do pintor Carlos Maside en Combarro en 1952).

Dacosta Paz, Andrés (2012), “Valentín Paz-Andrade e Combarro, 1920”, *Faro de Vigo. Faro da Cultura*, 428, 4-10-2012, p. 2.

V

Lexislación sobre o Conxunto Histórico

- 1952. *Normas que regirán en la edificación enclavada en el Conjunto Artístico y Pintoresco de Combarro*, aprobadas en Santiago de Compostela en setembro de 1952.
- 1969. Decreto 2124/1969, de 16 de agosto, por el que se crea un Museo de Artes y Costumbres Populares en Combarro (Pontevedra), *Boletín Oficial del Estado*, 30-09-1969, p. 15301.
- 1972. Decreto 3394/1972, de 30 de noviembre, por el que se declara conjunto artístico y pintoresco de carácter nacional el pueblo de Combarro en el Ayuntamiento de Poyo (Pontevedra), *Boletín Oficial del Estado*, 299, 14-12-1972, pp. 22306-22307.
- 1972. Decreto 3771/1972, de 22 de diciembre, por el que se declara de utilidad pública a efectos de expropiación forzosa la adquisición de una casa barroca situada en el conjunto monumental de Combarro (Pontevedra), *Boletín Oficial del Estado*, 38, 13-2-1973, p. 2749.

VI

Outros

Guerra Penas, Francisco (1994), *Reconstrucción do porto de Combarro a principios do século XX*. Plano artístico editado pola Asociación para a Defensa do Patrimonio Histórico Artístico de Combarro “A Solaina”.

Rafael Vallejo Pousada
Profesor da Universidade de Vigo
vallejo@uvigo.es

Andrés Dacosta Paz
Historiador
dacosta.andres@gmail.com



Román Romay, 2013



Carlos Docampo, 2012



Carlos Docampo, 2013



Román Romay, 2013

TESTEMUÑOS
DESDE COMBARRO

COMBARRO



Corría o ano 1972 cando Combarro era recoñecido como Conxunto Histórico Artístico Nacional. Este recoñecemento foi determinante para a difusión e a protección do casco histórico, sentando una conciencia crítica que favoreceu a posta en valor deste enclave único, evitando a súa progresiva destrución e situando esta fermosa vila mariñeira no mapa turístico español.

Pero a conservación do casco histórico non sería posible sen as súas xentes, que se senten orgullosas do seu pobo e o protexen e habitan, mantendo vivas as tradicións e costumes, poñendo por diante o privilexio que supón vivir en Combarro.

Combarro está feito de pedra sobre a pedra, configurando un contorno singular que vive do mar e da terra, da agricultura e a pesca. Reflexo desta dualidade son as palleiras que gardan a colleita orgullosas sobre o mar, e configuran a imaxe máis recoñecible de Combarro.

Este patrimonio, exemplo de arquitectura popular, é hoxe un elemento dinamizador da economía desta parroquia e do propio concello, onde converxen a historia e a modernidade, o casco histórico e o porto. Atractivo que temos que seguir potenciando para favorecer o desenvolvemento económico de Combarro e de Poio.

Cómpre destacar as numerosas iniciativas e actividades que se levan a cabo en Combarro, froito dun tecido asociativo moi activo e implicado, que promove e esixe das administracións un compromiso firme a prol desta parroquia. Froito desta intensa actividade os nosos visitantes poden gozar de numerosos eventos coma o Corpus Christi, a procesión marítima da festa do Carme, as festas de San Roque, as procesións, a Festa do Mar, o día de Colón, festas tradicionais, etc. e contribuíndo a multiplicar o atractivo de Combarro para os nosos visitantes.

A Asociación «A Solaina» nesta ocasión organiza o “Corenta aniversario da declaración de Combarro como Conxunto Histórico Artístico”, levando a cabo un exitoso labor de divulgación e promoción da nosa historia e cultura, promovendo o orgullo dun pobo polo seu pasado e a súa historia.

Quero aproveitar para manifestarlle o meu recoñecemento á asociación “A Solaina” pola organización deste aniversario. E manifestar novamente o compromiso do Concello co futuro de Combarro, ligado á súa historia e ó seu patrimonio, poñendo en valor o seu gran potencial como motor económico.

Chelo Besada

Portavoz do Grupo Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Poio

COMBARRO NO 40 ANIVERSARIO COMO CONXUNTO HISTÓRICO



O ano pasado cumpríronse 40 anos da Declaración de Combarro como conxunto histórico. A Solaina -Asociación para a Defensa e Promoción do Patrimonio Histórico Artístico de Combarro- trasladoulle ao Concello de Poio a proposta de Conmemorar este aniversario cunha programación anual de actividades e eventos co obxecto de analizar a repercusión que esta Declaración tivo tanto para a vila coma para todo o municipio, desde 1972 até o día de hoxe, e asemade de examinar a traxectoria percorrida e as posibles vías de actuación de cara ao futuro dun espazo visitado por milleiros de persoas atraídas pola súa excepcional arquitectura popular, que une a esencia da historia labrega e mariñeira do noso pobo.

A Corporación municipal acolleu a iniciativa aprobando en sesión plenaria conmemorar en 2012 o 40 aniversario da declaración de Combarro como conxunto histórico, coa denominación *Combarro Conxunto Histórico, 1972-2012*, e asinando un acordo de colaboración co fin de articular e levar a cabo o programa da conmemoración a través da coordinación da Concellaría de Cultura e a Asociación A Solaina.

Un dos grandes acertos e un factor que sen lugar a dúbidas favoreceu o bo discorrer de todos os eventos e actividades foi, por unha banda, o concerto e o acordo unánime de todos, grupos políticos e institucións -local, provincial, autonómica-, así como o apoio da Universidade de Vigo e o patrocinio indispensable das empresas locais; e por outra, o seu carácter aberto, plural e participativo, coas contribucións das asociacións e colectivos sociais de Combarro, o que influíu en gran medida no éxito e na repercusión de todas e cada unha das actividades que formaron o programa do Aniversario.

Desde o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sumámonos con entusiasmo a esta iniciativa, conscientes da necesidade tanto de reflexionar sobre os pasos dados nas últimas catro décadas, como da importancia de revalorizar e de dar un novo pulo á promoción do conxunto histórico de Combarro, sen esquecer a transcendencia económica nin o valor simbólico identitario que ten a protección da herdanza cultural do noso pobo.

A celebración do 40º Aniversario serviu con certeza para sentar unhas bases firmes sobre as que continuar a traballar, poñendo de novo o foco sobre un dos lugares máis singulares do noso país e un dos grandes atractivos do noso municipio, pero tamén para deseñar e propoñer alternativas de futuro, enfrontando a tarefa de acadar a harmonía entre tradición e modernidade, é dicir, de conxugar a conservación do patrimonio co dinamismo dunha vila activa e chea de vida como é o Combarro da actualidade.

Silvia Díaz Iglesias

Portavoz do Grupo Municipal do BNG

COMBARRO: UN CAMIÑO PARA ANDAR XUNTOS



Falar de Combarro é falar de hórreos que case arrola o mar, de rúas empedradas e de fermosas construcións tradicionais. Falar de Combarro é falar dun emblema turístico non só do noso Concello senón das Rías Baixas e de Galicia no seu conxunto.

Pero para os que vivimos e sentimos esta vila, Combarro é moito máis. Combarro é historia, cultura, patrimonio e, sobre todo, é vida. A vida que lle dan os seus veciños, as múltiples asociacións, empresas ou entidades que cada día a converten nunha vila máis dinámica a nivel social, cultural e económico.

Aí radica o verdadeiro valor desta localidade: na súa xente, que fixo posible o pasado e o presente desta parroquia e sen a cal non haberá futuro.

Xente coma a que integra a asociación A Solaina, que tivo a iniciativa de impulsar a conmemoración no ano 2012 do 40 aniversario da declaración de Combarro como Conxunto Histórico e que logrou aglutinar en torno a esta celebración non só a toda a veciñanza de Combarro e de Poio senón a un amplo grupo de institucións, empresas e asociacións.

Un exemplo de traballo colectivo que permitiu sacar adiante unha morea de actos e festexos que nos permitiron a todos afondar nun maior e mellor coñecemento do que é e do que representa Combarro, mais tamén -e quizais isto sexa o máis importante- abrir a porta a unha reflexión sobre o camiño que nos queda por andar para garantir o futuro desta vila.

Un camiño que teremos que andar xuntos, porque só así poderemos preservar o legado dos nosos devanceiros, revitalizalo e integralo como base do noso desenvolvemento futuro.

Os novos tempos sempre traen novos retos e Combarro ten ante si un futuro esperanzador, un futuro que só terá sentido se é quen -se somos quen, porque isto é un labor colectivo- de manter vivo o noso patrimonio.

Este libro é unha boa axuda, un apoio para afondar nun coñecemento amplo de Combarro, nun coñecemento que vai moito máis alá dos tópicos e que entra de cheo no corazón desta localidade: aquí hai un lugar especial para o patrimonio, a historia e a cultura; mais tamén para o comercio, para a economía, para a empresa; e, como non, para o seu tecido social, veciñal e cultural, para eses homes e mulleres que, como dicía ó comezo, son os que cada día constrúen Combarro.

Ángel Moldes Martínez
Voceiro do PP de Poio

ATENEO CORREDOIRA DE COMBARRO



A fundación e constitución desta Entidade Cultural chamada Ateneo “Corredoira” de Combarro foi o 5 de outubro de 1977, se ben esta iniciativa xa viña dun certo tempo atrás, na mente do grupo de mozos e mozas da vila que así o cavilaban e viñan realizando diversas actividades culturais.

A andaina desta Asociación no eido cultural comeza deste xeito, baixo a dirección do seu primeiro presidente, Francisco a Silva, que co seu equipo directivo e resto de socios inician un longo percorrido que actualmente, máis de trinta anos despois, continúa. O lugar de encontro e reunión da Asociación nos seus inicios era o coñecido -e xa desaparecido- bar “La Palmera”, toda vez que non dispoñía de local social propio. Neste espazo teñen lugar, nesta época, as primeiras reunións, festexos, xogos e actos levados adiante polo Ateneo, actividades que supuxeron un grande acicate para a xuventude do momento.

Un dos fitos máis importantes nos primeiros anos do Ateneo foi conseguir a que hoxe é sede social do Ateneo, situada no casco histórico da vila e, sen temor a equivocarnos, que constitúe dos mellores exemplos da arquitectura mariñeira de Combarro.

Entre as actividades mellor recordadas desta etapa destacan a celebración de cursos, campionatos de cartas, creación da Agrupación Folclórica “Os Berberechiños”, que botou a andar na primavera de 1979 baixo a dirección do mestre lugués afincado en Pontevedra “Malake”, así como o nacemento da “Semana Cultural”, nas súas primeiras cinco edicións, e cunha duración de tres ou catro días durante os meses de agosto.

Coma todo neste vida, máis pronto do que cabía esperar, o furor dos primeiros anos foi dando paso á desidia e a flutuación de intereses alleos á entidade, e así, a partir de 1983 foi decaendo paulatinamente tanto na súa actividade coma nos seus obxectivos, chegando no 1985 a súa parálise case que total, pola falla da Dirección de non ter previsto sucesores que puidesen seguir coa tarefa iniciada anos atrás. Nesta etapa escura, que se prolongou ata o ano 1990, a Asociación só mantiña activa unha actividade: a súa pequena biblioteca.

Todo cambiou dende finais de 1990 e principios do 1991. Neste momento unha das primeiras medidas foi fortalecer a celebración da Semana Cultural, aumentando paulatinamente a súa duración ata chegar a un total de dez días, que xiran en torno á festividade do patrón da parroquia, San Roque, e cunha programación máis ou menos estable, sendo na actualidade o eixe central de tódas as actividades e actos que organiza o Ateneo de Combarro e que no ano 2012 alcanzou a súa XXIX edición.

Esta cita cultural ineludible no eido municipal xira en torno a catro apartados principais: o Festival de Folklore; o Certame de Canto Coral “Memorial Domínguez Suárez”; a Festa do “Mexillón” (Exaltación e degustación); e o Ciclo de “Cine na rúa”.

Despois de varios anos sen actividade, coincidindo tamén coa case que nula presenza da entidade na vida cultural e artística da vila, e motivada pola ausencia da Dirección sen herdeiros continuadores da tarefa iniciada, no verán de 1992 volveuse novamente a recuperar a Agrupación folclórica do Ateneo. É nesta etapa cando se instaure a celebración do Festival de Folclore coa participación de agrupacións do resto de España e de Portugal, dando pé ós intercambios culturais con ditas agrupacións folclóricas. Actualmente, a nosa Agrupación está composta por uns 20 compoñentes, en dúas seccións. Como complemento, dispoñemos ó mesmo tempo do Grupo de Pandereiteiras, formado no seo da propia Agrupación.

Non hai que esquecer tampouco o resto de actos que complementan os xa citados, e non menos importantes, con xornadas dedicadas ós xogos tradicionais e novos xogos con inchables, teatro, actuacións musicais, concertos, tradicións relixiosas, etc.

A actual xunta directiva do Ateneo está formada por Juan M. Pérez González (presidente), M.^a de los Ángeles Castro Rial (secretaria), Dolores Martínez Bernárdez (tesoureira) e Amelia Calvo Villar, Isolina Rial Viñas, Elena E. Rodríguez Calvo e Luis M. Castiñeira Lores (vogais).

Juan M. Pérez González
Presidente



CORO VIRXE DA RENDA DE COMBARRO



En 1987, baixo o nome de “Virxe da Renda”, nace en Combarro este Coro formado por vinte voces, órgano e guitarra. Nos seus comezos foron vinte e dúas as voces que o integraban, todas elas adultas, ás que se lles engadiron máis tarde doce rapaces que pertencían á escola de canto do propio Coro.

O seu principal obxectivo era o de harmonizar os cantos coa ilusión de solemnizar calquera acto relixioso alí onde o chamaran.

Nestes vinte e cinco anos de traxectoria interpretativa o Coro Virxe da Renda actuou en moitas ocasións tanto dentro coma fóra da nosa provincia. Ás veces acompañouno o grupo de gaitas *Marmurios de Leucoiña* de Pontevedra para a interpretación da Misa “Romarías galegas” do P. Feijoo.

Foron numerosas as celebracións relixiosas que solemnizou durante este tempo. Participou e colaborou ademais en distintos festivais e actos benéficos, chegando a organizar ata en seis edicións un Festival benéfico a favor dos *Nenos do Terceiro Mundo* e, xunto coa Concellaría de Igualdade do Concello de Poio, un Festival Musical contra a Violencia de Xénero en tres edicións.

Entre as súas actuacións máis destacables están as misas homenaxe ó Dr. Martínez, ó P. A. Mauchorek, ó gaiteiro pontevedrés Ricardo Portela, ó P. Mercedario Demetrio Casanova, ó ex párroco de Samieira D. Cesáreo Lamas e ó ex párroco de Combarro D. Jaime M^a Domínguez Suárez, ademais de cantar na Misa dominical que ofrece a Televisión de Galicia (TVG) ou na Misa do Peregrino na catedral de Santiago de Compostela en dúas ocasións.

En 1994 gravou varias pezas populares para o programa “Pueblos de España”, emitido pola TVE-2, en 2010 para o programa «A Solaina» da TVG e en 2012 para o programa «Conectando España» de RTVE.

En 1995 e 2010 o Coro Virxe da Renga participou na gravación dos discos *Festas en Poio* e *Son de Poio* respectivamente. Colaborou así mesmo na organización do I e II Memorial “Manuel Villanueva”, o gaiteiro de Poio, para gaiteiros solistas. En 2012 o Coro Virxe da Renda actuou nos actos do 40 Aniversario de Combarro como Conxunto Histórico Artístico.

A partir de 1997 os compoñentes deste Coro, levados polas súas inquietudes musicais, deciden ampliar o seu repertorio para dar cabida á música popular; así participan en diversos certames de habaneras e canto popular.

Como asociación cultural, este colectivo tamén organizou numerosas actividades dirixidas a todas as idades. Entre elas figuran acampadas xuvenís, concursos literarios para os escolares do municipio, festas de fin de ano, magostos, paseos marítimos con cea-baile pola ría de Pontevedra, cursos de guitarra, cine, exposicións, bailes de carnaval para os máis pequenos, talleres de Medio Ambiente, clases de ritmos tropicais así como a representación dun Belén vivente.

Miguel A. Martínez Chapela
Fundador, director e presidente do Coro Virxe da Renda



MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN REGA DOS AGROS DE COMBARRO



Dende tempos inmemoriais existe unha forma de propiedade colectiva das terras en común, que sobrevive á organización municipal do século XIX e ó fenómeno desamortizador en Galicia, que son os montes veciñais en man común e baldíos en Portugal.

En Combarro o monte veciñal comunitario foi un soporte da economía agraria como complemento da pesqueira, pois proporcionou leñas, estrumes e toxo para camas do gando, zonas de pastoreo, pedras para construción de valados e vivendas, augas para regadío, caza,...

O monte veciñal recollido no Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 27.11 alude aos montes en mans dos veciños, que pasaran dende o ano de 1940, usurpados polo franquismo, á propiedade estatal. Nesa etapa o goberno do Estado decidiu a repoboación masiva, primeiro con piñeiro, logo con eucalipto, dentro do Plan Nacional de Repoboacións, ao tempo que impedía pola forza o pastoreo, dando lugar a conflitos e o abandono da cabana gandeira existente.

A situación muda a finais dos anos 70 pola presión veciñal en moitos lugares do país. Así, no ano de 1981, 19 de novembro, o Xurado Provincial de Montes de Pontevedra clasifica o monte “Rega dos Agros” como Veciñal en Man Común. Un grupo de veciños constituíu unha comisión xestora como paso previo á Comunidade de Montes, aprobou e legalizou os estatutos, realizou un censo de comeneiros e comeneiras e convocou eleccións para a xunta reitora. A primeira destas xuntas presididuna polo comeneiro Enrique Rial Esperón, continuando as seguintes con Víctor Muñiz Castiñeira e actualmente con Claudio Quintillán Vallejo á fronte.

Dende 1988 mantense a actividade formal das xuntas reitoras e asembleas de comeneiros/as, onde se deciden os programas de traballo. Actualmente forman parte da Xunta desta Comunidade, ademais do presidente, un vicepresidente (Valentín Silva Pérez), un secretario (Miguel A. Martínez Nacemento), unha tesoureira (Celeste Redondo Moldes) e catro vogais (Juan José García López, Pura Chapela Ucha, Peregrina Muñiz Salgueiro e Evaristo Silva Durán).

“Rega dos Agros” representa para Combarro unha peza salientable da súa estrutura social; conta con instalacións deportivas, de lecer, e un Centro Social que marca un fito importante, onde se celebran eventos socioculturais, sendo un local de encontro veciñal.

A función principal da Comunidade de Montes é a de desenvolver actuacións sobre o monte veciñal con criterios sostibles. Esa é a nosa máis grande preocupación tras os incendios forestais do ano 2006 que asolaron por completo ás 200 hectáreas do territorio comunitario, quedando un reto transcendental cara o futuro, coa súa recuperación para á xeracións vindeiras. Esa é a filosofía de base dos comeneiros e comeneiras, conservar unha unidade indivisible, inalienable, inembargable e imprescritible.

A historia da propiedade comunitaria en Combarro queda incompleta se non tratamos a Illa de Tambo, onde 54 familias foron usuarias ata o proceso de desamortización, e a pesar de quedar exceptuada da venda como monte “de los pueblos de Poio”, fora privatizada, aínda que mantendo varias familias de Combarro o uso e a actividade agraria nela ata o século XX. Logo pasou á Mariña de Guerra ata a súa recente desafección, sendo obxecto nos últimos anos de reivindicación por parte desta Comunidade de “Rega dos Agros”.

A tradición mariñeira e agrícola mantivo a súa ligazón a través dos séculos, como representa ben o Conxunto Histórico de Combarro, perdurando os valores do monte veciñal en man común na colectividade; polo tanto, “Rega dos Agros” é un referente da historia do pobo, actualizado a estes tempos e con desexos de permanencia no futuro.

Claudio Quintillán Vallejo
Presidente



Román Romay, 2013

AGRUPACIÓN DE MARISCADORAS A PÉ DA CONFRARÍA DE SAN TELMO DE PONTEVEDRA



A Agrupación de Mariscadoras a Pé constituíuse en xuño de 2001 no seo da Confraría de San Telmo de Pontevedra. Xurdiu como unha sección desta, seguindo o modelo adoptado noutras confrarías, co fin de defender os intereses e as particularidades deste colectivo dentro desta organización.

Os seus estatutos son os da Confraría San Telmo, aínda que se rexe por unhas normas de Réxime Interior propias. Nelas especificase todo o que afecta ao marisqueo a pé. Regulan o goberno desta agrupación e, sobre todo, determinan todas as faenas relacionadas co marisqueo nos areas de Combarro, Campelo e Lourido. Entre estes labores son de destacar a limpeza das praias, “rareos” e “semente” dos moluscos (ameixas e berberechos). Estas normas tamén fixan as mellores datas de extracción dos bivalvos, definen un plan anual de explotación dos recursos, que se eleva á Consellería de Pesca para a súa aprobación e, en xeral, marcan o obxectivo de defender os dereitos das mariscadoras ante os organismos competentes, así como procurar que esta sexa unha actividade sostible e unha fonte estable de rendas das mariscadoras e mariscadores.

As capturas realizadas por quen formamos parte desta Agrupación son comercializadas a través da lonxa de Campelo, que está especializada en moluscos bivalvos, aínda que recentemente foi habilitada para a venda tamén de cefalópodos e outros mariscos collidos na ría. A Agrupación conta con dúas casetas para o proceso de clasificación do marisco, ordenación en lotes e o seu transporte ata a lonxa.


A esta Agrupación pertencen todas as mulleres e homes afiliados á Confraría de San Telmo no sector de marisqueo a pé, na actualidade algo máis de duascenas persoas.

O seu primeiro presidente foi o infortunado Miguel Anxo Pazos Barros (finado en 2009), quen xogou un destacado papel impulsor, primeiro nesta agrupación e posteriormente como Patrón Maior da Confraría San Telmo desde 2007. A actual directiva da Agrupación de Mariscadoras a Pé está formada por seis persoas, unha presidenta (Marina Buceta), unha secretaria (Cristina Rodríguez Ruibal), unha tesoureira (Belén Villaverde Carballa) e tres vogais (Mercedes Castiñeira Buceta, Dolores del Río Soto e Ángela García Torres).

O de mariscador é un oficio tradicional, tan antigo como a vida nesta ría. O marisqueo en xeral procuraba un ingreso complementario dentro dos ingresos das familias. Unha das nosas prioridades actuais é que o devandito ingreso sexa suficiente para manter unha familia, isto é, que proporcione un salario digno anual, como medio de vida profesional. Outro dos nosos obxectivos é que este oficio teña continuidade como unha das actividades produtivas máis na ría de Pontevedra, aínda que o número de mulleres e homes dedicados ao mesmo se reduciu nos últimos tempos. De feito, neste ano estase en proceso de tramitar novos permisos para poder mariscar nas praias.

En 2012 a Agrupación de Mariscadoras sumouse aos actos de Conmemoración do 40 Aniversario da Declaración de Combarro como Conxunto Histórico, co que nos sentimos moi identificadas.

Marina Buceta Alonso
Presidenta



Carlos Maside
Mariscando na praia de Combarro (1952)

ASOCIACIÓN CULTURAL, DEPORTIVA E MEDIOAMBIENTAL ARMADIÑA



A Asociación Cultural, Deportiva e Medioambiental Armadiña (ACDeM Armadiña) foi creada, nun principio, dentro da Sociedade Deportiva Combarro, para colaborar con ela e apoiala. Pero pasou que a Asociación Armadiña comezou a camiñar soa. Falamos do ano 2011.

No afán de facer cousas por e para a vila de Combarro principalmente, pero tendo a vista posta en todo o Concello de Poio, esta asociación vén desenvolvendo varias actividades desde de 2011 e 2012. Este de 2013, con Xosé Rial como presidente, é o terceiro ano en que estamos a programar actos diversos, pensados para o lecer dos habitantes de Poio e dos que nos visitan habitualmente.

Entre estas iniciativas culturais ocupa un lugar destacado o *Armadiña Rock*, un festival de musica rock do país, no que sempre lle damos a alternativa a un grupo musical novo da nosa terra. Facemos un esforzo considerable na promoción do festival, na que innovamos coas nosas campañas con vídeos promocionais usando as novas tecnoloxías, ou coa presentación do evento con música en directo, chegando a saír en todas as canles de televisión nacionais, emisoras de radio e, sobre todo, facéndonos visibles a través de internet, medio polo que chegamos a recoller máis de cen mil visitas.

Outra das nosas actividades é o *Armadiña Imaxe*, unha exposición de fotografías antigas de Poio, que destaca polo traballo da súa busca, recollida e exposición. Para esta exposición contamos xeralmente coa colaboración de moitos veciños e veciñas do concello, ata o punto de que constatamos que esta mostra esperta moito interese na veciñanza.

Á súa vez, *Armadiña Cinema* acolle un ciclo de películas de contidos varios, segundo a temática que elixamos cada ano. En 2012, por exemplo, organizamos un ciclo centrado no cine que tivo como escenario a vila de Combarro, co que nos sumamos á Conmemoración do 40 Aniversario da súa Declaración como Conxunto Histórico. Pola súa banda, con *Armadiña Escena* tratamos de achegar o público en xeral ó teatro; no ano 2012 representáronse en Combarro, como parte dos actos das citada Conmemoración, oito obras teatrais de temáticas variadas. Neste ano 2013 colaboramos, á súa vez, co Concello e con outras asociacións de Poio, organizando o *Poio Escena*.

Armadiña Sons é outra das nosas iniciativas. Trátase dun concurso musical para grupos novelis da bisbarra, onde se ofrece un premio consistente en gravar unha maqueta cos seus temas.

Nestas e noutras materias estamos a traballar co fin de que estas nosas iniciativas se poidan levar a bo fin neste ano; temos a vontade de que as nosas propostas sexan do agrado da maioría dos habitantes de Poio e dos concellos limítrofes.

Por último, cómpre lembrar que este tipo de iniciativas requiren un grande esforzo, tanto humano coma económico; e sobra dicir que nós, as asociacións, os clubs (coma a S. D. Combarro), as agrupacións, corais e demais colectivos non somos nada sen a axuda do resto dos veciños e das institucións. Por iso temos que rematar dando as grazas a quen colaborades dun ou doutro xeito connosco, e grazas tamén a aqueles que nos fan críticas porque grazas a elas cada día aprendemos un pouquiño máis.

Ramón García Lozano
Vicepresidente

O PORTO DEPORTIVO DE COMBARRO



Teño a sorte de ter nacido e de vivir nesta vila; ademais desde 2008 traballo tamén nela, como responsable das instalacións náutico-deportivas do “Porto Deportivo de Combarro”.

Recordo que hai bastantes anos atrás vía, sobre todo durante a temporada de verán, algunhas embarcacións con bandeiras doutros países fondeadas preto de Combarro, e cómo desde elas os seus tripulantes se ían achegando en botes pequenos para percorrer as súas rúas e gozar da gastronomía das nosas tabernas. Pensaba entón cómo chegarían ata aquí, que era o que lles levara a botar o ancora neste lugar ao fondo de Ría de Pontevedra, do que agora ademais sei que non figura como fondeadoiro nas cartas marítimas.

Desde que son responsable do porto deportivo tiven a oportunidade de coñecer e charlar con algúns deses visitantes do mar. Grazas a iso sei que os primeiros chegaron ata aquí case por casualidade, buscando un abrigo para fondear e descansar un tempo nas súas travesías cara ao sur; sei tamén que se atoparon cunha vila que os cativou desde o primeiro momento, coas súas rúas de pedra, os cruceiros, os hórreos, e que logo, de volta aos seus países de orixe, lles contaron aos seus compañeiros de porto que estiveran nunha pequena vila da costa galega onde pagaba a pena pasar uns días.

Na actualidade visitan cada ano as nosas instalacións do porto deportivo de Combarro máis de 500 embarcacións, procedentes de diversos países do norte de Europa. Moitos dos que veñen repiten ano tras ano a súa visita e cada vez prolóngana por máis tempo; algúns ata decidiron xa deixar aquí os seus barcos e viaxar en avión co fin de aproveitar calquera momento que poidan para volver e percorrer as nosas maravillosas rías, segundo me din, o mellor lugar do mundo para navegar e descansar.

Interésanse pola nosa cultura e pola nosa estupenda gastronomía, aínda que isto último foi cambiando nos últimos tempos e non sempre para mellor; agora non sempre atopan, indícanme, a típica comida galega que antes gozaban en calquera das tabernas da vila. Decateime, así, de que saben apreciar o que é en realidade Combarro, e que moitos dos que vivimos aquí parece que esquecemos. Combarro é fundamentalmente parte da nosa forma de ser e da nosa cultura, herdada duns antepasados que co seu esforzo foron creando o que hoxe é o conxunto histórico, e deberíamos entre todos, sobre todo entre os que temos a sorte de vivir aquí, procurar que siga sendo así. Resúltame cando menos curioso que moitas veces nolo teña que recordar quen vén de fóra. Por suposto que se pode crecer, modernizarse, etc., e que se facemos respectando o legado que nos foi entregado isto non ten por que prexudicar, senón máis ben enriquecer, este precioso recuncho galego.

Un destes visitantes, Joe Woodward, publicou nunha revista do seu país un pequeno artigo que resume ben o que atrae a estes navegantes ás nosas costas e as nosas maravillosas vilas. Nel afirma que Galicia é un “paraíso para navegantes” e que como tal debería ser tratada, isto é, non ser considerada só como unha simple escala. “A costa está chea de pintorescas vilas mariñeiras, praias, apracibles fondeadoiros e espléndidos portos, cos seus amigables e sempre atentos mariñeiros”. Unha destas vilas, podo afirmalo por propia experiencia persoal, é Combarro, ao que estou ligado desde que nacín.

Manuel Martínez Márquez

Responsable das instalacións náutico-deportivas Porto Deportivo de Combarro



AMECOMRA, MÁIS DE TRINTA ANOS AO SERVIZO DOS MEXILLOEIROS DE COMBARRO E RAXÓ



AMECOMRA son as siglas da “Asociación de Mexilloeiros de Combarro e Raxó”, que reúne a produtores de mexillón do Concello de Poio, e concretamente dos portos de Combarro e Raxó. Esta organización foi fundada no mes de marzo de 1979, con fin de defender de forma colectiva os intereses dos cultivadores de mexillón desta zona da ría de Pontevedra, que ata ese momento carecían dunha agrupación estable que recollese as súas necesidades, os representase e servise de plataforma para a promoción das súas aspiracións comúns.

A actual directiva de AMECOMRA está composta por Manuel Ferreiro Barreiro (presidente), Jesús Castiñeira Martínez (vicepresidente), Fernando Pérez

Pousada (secretario), Genaro Esperón Sartal (tesoureiro), e os vocais José Luis Seijas Martínez, Miguel Ángel Castiñeira Martínez, Laureano Ferreiro Barreiro, José Andrés Ferreiro Barreiro, José Andrés Pérez Pousada e Xosé André Pérez Buceta.

O cultivo de mexillón nesta Ría ven desde a década de 1950, promovido por pequenas empresas con varios socios ou tamén por propietarios individuais. Algúns destes emprendedores eran veciños de Combarro ou Raxó, que compatibilizaron nun principio esta actividade coa da pesca de baixura.

As primeiras bateas que se instalaron aquí, no fondo da ría de Pontevedra, colocáronse polo interior da illa de Tambo e diante do porto de Marín, entre outras razóns para ter unha mellor protección fronte aos temporais. Esta localización dos viveiros explica que teñan pouco calado de auga, polo que as cordas de mexillón son de só 6 a 8 metros. Isto, unido a que a técnica de cultivo estaba aínda por desenvolverse, dá lugar a que a produción non fora moi elevada. Ademais, ó ser todos os procesos manuais (levantamento e colocación das cordas, clasificación de mexillón, encordado, desdobre,...), necesitábase moita man de obra para traballar as bateas. Dado que a meirande parte dos homes se dedicaba á pesca, será moi importante o número de mulleres que traballaban nas bateas. Todas estas circunstancias, unidas aos prezos do mexillón, facía que a explotación dos viveiros fora moi pouco rendible, e en casos deficitaria. Isto provocou que un número significativo dos primeiros emprendedores dedicados ao cultivo do mexillón o abandonaran e venderan as bateas, sendo só un pequeno grupo de familias as que continuaron nesta actividade.

No ano 1974 o Estado procedeu a ordenar o sector mexilloeiro galego, coa creación dos polígonos mexilloeiros, regulando o número de bateas que se podían instalar en cada un deles e outros aspectos como a distancia que debía haber entre elas. No ano 1988 a Xunta de Galicia, que xa tiña as competencias sobre a acuicultura, procedeu a reordenar os polígonos mexilloeiros A, B, e C do distrito marítimo de Portonovo, onde esta asociación ten as súas bateas. Isto dou lugar ao traslado dos viveiros ao seu emprazamento actual, por fóra da illa de Tambo e fronte á costa de Samieira e de Raxó. Este desprazamento mellorou notablemente

a produción, ao dispor as bateas de mais calado. Por outra parte, a evolución nas técnicas de cultivo, nos materiais empregados (cordas de nailon, ...), e na maquinaria (grúas hidráulicas, barcos preparados para o traballo a bordo, debulladoras ou “desgranadoras”, clasificadoras, ...), reduciu a necesidade de man de obra. Isto, co aumento da produción, fixo esta actividade acuícola máis rendible.

O labor de AMECOMRA desde 1979 de defensa dos intereses dos seus asociados levouna a integrarse en distintas federacións de produtores orientadas a facer mellor valer ao sector e ao seu produto ante as administracións e os outros actores do mercado (fábricas, comercializadores, etc). Así, formou parte das xa desaparecidas Opmar, Cemega, Confederación Sur, unha serie de organizacións que apareceron, desapareceron ou se transformaron ao vaivén das idas e vidas nun sector no que non sempre impera a unión das vontades. Na actualidade AMECOMRA forma parte de OPMEGA (Organización de Produtores de Mexillón de Galicia). Así mesmo, pertence ao Consello Regulador do Mexillón de Galicia, a primeira denominación de orixe dun produto do mar recoñecida pola Unión Europea.

A asociación tivo a súa sede en diferentes locais alugados de Combarro, ata que no ano 2000 procedeu a levantar a súa propia sede no novo Porto da Canteira. Este porto, construído porque o antigo de Chousa resultaba insuficiente, fíxose grazas, en boa parte, ás xestións e solicitudes desta asociación e dos mexiloeiros do pobo, tendo un papel salientable o daquela presidente de AMECOMRA Francisco Guerra Casal. Na actualidade o Porto da Canteira é o único autorizado pola Xunta de Galicia para realizar descargas de mexillón na beira norte da ría de Pontevedra.

A importancia do sector mexilloeiro no Concello de Poio comprábase no feito de que nos polígonos de Portonovo (A, B e C) están instaladas unhas 120 bateas, das cales a meirande parte pertence a veciños e empresas deste municipio. Á súa vez, nos portos de Combarro e Raxó cóntase cunha flota duns 16 barcos mexiloeiros. O sector xera, deste xeito, emprego directo nas familias con empresas que explotan os viveiros, e nas das mulleres e homes que traballan nas bateas e nas oficinas desas empresas ou das agrupacións mexiloeiras; ademais repercute indirectamente noutras actividades económicas do concello (carpinteiros de ribeira, provedores de material, depuradoras, conserveiras, buzos, mecánicos navais, etc.). Polo tanto, o sector é moi importante na economía local, especialmente na das parroquias de Combarro e de Raxó.

Manuel Ferreiro Barreiro
Presidente

ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO DE COMBARRO, A SOLAINA



A Asociación A Solaina de Combarro foi creada en 1987 por un grupo de mozos desta vila, en resposta ao deterioro progresivo da arquitectura e do urbanismo dun singular espazo edificado que fora declarado en 1972 “conxunto artístico e pintoresco de carácter nacional”. Os seus fundadores e fundadoras foron Rafael Vallejo Pousada, Xosé Manuel Martínez González, Francisco Guerra Penas, Antón Briones Prieto, María Esther Castiñeira Lores, María Lourdes Chapela García, Xoán Manuel Martínez Márquez, Xoán Carlos Da Silva Besada e María Cruz Besada Martínez.

O 29 de outubro de 2011 os estatutos da Solaina foron renovados. A entidade pasou a denominarse “Asociación para a Defensa e Promoción do Patrimonio Histórico-Artístico de Combarro, A Solaina”. Esta renovación conleva varias novidades. Unha delas é a redacción non sexista dos seus estatutos; outra é a da denominación desta organización cultural, que incorpora o termo “Promoción”.

A actual xunta directiva da Asociación A Solaina está formada por Rafael Vallejo (presidente), Xosé M. Martínez (vicepresidente), M.^a Alicia Martínez González, Dolores Viñas Ruano (vogais), Andrés Dacosta Paz (secretario) e Antón Briones Prieto (tesoureiro).

Os fins da Solaina posúen unha dobre vertente; por unha banda, a investigación e a difusión dos valores arquitectónicos desta vila mariñeira e, en xeral, de todos aqueles aspectos relacionados coa etnografía, a antropoloxía, a historia e a arquitectura popular; por outra banda, promove a conservación e recuperación do tecido urbano de Combarro, instando á intervención dos poderes públicos galegos.

Ao plano da investigación corresponden as exposicións “Combarro onte, hoxe” (1988) e “Arqueoloxía do Concello de Poio” (1989). Froito dun detido estudo é así mesmo o plano “Reconstrución do Porto de Combarro a principios do Século XX” (1994), debuxado por Francisco Guerra. O labor de promoción cultural é diversa. A Solaina creou en 1988 a Oficina de Turismo de Combarro, con colaboración do Concello de Poio, editou unha guía do Conxunto Histórico de Combarro, primeiro en branco e negro (1988), posteriormente en cor (1992), que coñece ata hoxe tres reedicións, a última das cales (1998) foi traducida a catro idiomas. A Asociación imparte así mesmo un curso para formación de monitores de turismo do Concello de Poio (1996-1998).



Logotipo de A Solaina (2012)
Deseño de Andrés Dacosta Martínez

A principios de 2013 A Solaina acaba de editar a *Guía sobre el Conjunto Histórico de Combarro. Historia y arquitectura popular*, de 48 páxinas, que inclúe 89 imaxes de Combarro, con reprodución de fotos antigas a actuais, mapas, debuxos, carteis e pinturas, que veñen conformar unha especie de guía visual do pobo, a través do talento dos fotógrafos Pintos, Zagala, Solá, Wunderlich, Nettis..., ou artistas como Sobrino, Maside, Castelao, Ribas e Portela, entre outros.

No plano da defensa da arquitectura de Combarro, esta asociación destacouese por formular propostas en positivo, en forma de programas de intervención, enviados ao goberno e ao Parlamento galego. O seu “Informe sobre o Patrimonio construído do Conxunto Histórico de Combarro. Datos para a súa consideración como obxecto de espoliación” (1991) e o seu “Plan de Medidas para recuperar o Conxunto Histórico de Combarro” (1992) deron lugar a varias iniciativas parlamentarias. Estas concretáronse o 4 de xuño de 1992 na aprobación no Parlamento de Galicia de oito das dez medidas propostas pola asociación. Ata 2004 redactou catro informes máis.

Ese labor da Solaina mereceu en 1992 o recoñecemento da Asociación de Amigos do Museo Arqueolóxico da Coruña (agora Amigos dos Museos de Galicia), que lle concedeu o premio Pedra do Destino, co que distingue o traballo desinteresado en favor da divulgación e conservación do patrimonio cultural de Galicia.

En 2011 A Solaina promoveu a Conmemoración do 40 Aniversario da Declaración de Combarro como Conxunto Histórico, que coordinou ao longo de 2012.

Xosé Manuel Martínez González
Vicepresidente da Solaina



Álvaro Vallejo, 2013




Rafael Vallejo, 2013



Rafael Vallejo, 2013



Andrés Dacosta, 2013



Rafael Vallejo, 2013



Carlos Docampo, 2012



Román Romay.
Encuentro de embarcacións tradicionais (2012)



Carlos Docampo, 2013



Andrés Dacosta, 2013

ANEXO

Decreto de 30 de noviembre de 1972 polo que se declara Combarro
"Conjunto artístico y pintoresco de carácter nacional"

DECRETO DA DECLARACIÓN DE COMBARRO COMO "CONJUNTO ARTÍSTICO Y PINTOESCO DE CARÁCTER NACIONAL" (1972)

22306

14 diciembre 1972

B. O. del E.—Núm. 299

B. O. del E.—Núm. 299

14 diciembre 1972

22307

DECRETO 3307/1972, de 30 de noviembre, por el que se declara de urgencia la expropiación de los terrenos afectados por la construcción de las instalaciones deportivas del Colegio nacional de Enseñanza General Básica y del Centro de Enseñanza Media de Verín (Orense).

El Colegio Nacional de Enseñanza General Básica de Verín y el Centro de Enseñanza Media de aquella localidad carecen de instalaciones deportivas adecuadas para lograr el nivel de formación física exigible a su alumnado.

Con objeto de afrontar la resolución del indicado problema, el Ayuntamiento de Verín (Orense) en la sesión Plenaria celebrada el veintinueve de julio de mil novecientos setenta y uno, adoptó el acuerdo de adquirir los terrenos contiguos a los expresados Centros, que resultan aptos para construir las mencionadas instalaciones.

Las dificultades que han surgido al intentar la compra de las referidas parcelas, y la necesidad de llevar a efecto las obras programadas en el plazo más breve posible, obligan a la utilización del excepcional procedimiento expropiatorio, regulado en el artículo cincuenta y dos de la Ley de Expropiación Forzosa, por lo que, una vez realizada durante el plazo de

DISPONGO:

Artículo único.—Se declaran de utilidad pública las obras y servicios necesarios para llevar a cabo la revalorización y conservación de la muralla almohade de Sevilla, y para el cumplimiento de esta finalidad se autoriza la adquisición y expropiación de los siguientes solares e inmuebles:

Casas trece y quince de la calle Santander, propiedad indivisa de los señores Torres Calvi, más el solar colindante con entrada por el pasaje de Colón hasta la línea de la muralla que cierra por W. y E. la antigua casa de la Moneda, incluyendo los trozos y cimientos conservados de la cerca y la antigua Torre de la Plata. La faja comprendida desde incluido el solar de la antigua muralla hasta la ronda de Capuchinos, la antigua puerta de Córdoba y la del Sol, en la zona correspondiente al hoy llamado polígono de San Julián.

Una faja de diez metros de ancho a lo largo del lienzo de la antigua muralla más la muralla misma, desde la antigua puerta del Sol a la del Osario, solar perteneciente a la finca ocupada por el colegio de religiosas del Sagrado Corazón, llamado de «Nuestra Señora del Valle», más los espacios de dicha propiedad necesarios para dar acceso desde la ronda de Capuchinos a la nueva calle que ha de resultar a lo largo de la muralla.

Las casas números uno, tres cinco y siete de la calle Queipo de Llano, propiedad, respectivamente, de doña Herminia de la Maza, don Fernando Cabanes Sague y don Manuel González Valverde, más la casa número diecisiete de la calle Santo Tomás, propiedad del Banco Santander, en la medida necesaria para restauración y correcta valoración urbana de la antigua Torre de Abdelaziz y Arco de Mañara.

La casa número dos de la calle Vida, en el barrio de Santa Cruz, con su jardín anexo y colindante con la muralla, entre el Alcázar y la antigua Judería, antigua propiedad del Real Patrimonio y hoy propiedad de los señores González de Velasco.

Así lo dispongo por el presente Decreto, dado en Madrid a veintitrés de noviembre de mil novecientos setenta y dos.

FRANCISCO FRANCO

El Ministro de Educación y Ciencia,
JOSE LUIS VILLAR PALASI



Deputación
Pontevedra



Asociación
para a Defensa
e Promoción
do Patrimonio
Histórico Artístico



Concello
de Poio

